

César Alvajar Diéguez e o republicanismo galego en Europa

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ*

Para Ana María e María Teresa Alvajar López

Sumario

Nesta colaboración analízase o papel xogado polos republicanos galegos no exilio europeo, destacando a figura do coruñés César Alvajar.

Abstract

This essay analyses the role of the Galician republicans in European exile, especially Cesar Alvajar from Coruña.

1. O INICIO DO EXILIO EUROPEO

No forzado éxodo provocado pola finalización da Guerra Civil e a derrota das forzas leais á República, un considerable continxente de galegos e galegas, de diversas ideoloxías, cruzaron a fronteira francesa coa idea de establecérense, de serlles posible, nos países latinoamericanos (Castelao, Basilio Álvarez, Manuel García Gerpe, Severino Iglesias Siso, Germán Vidal, Alfredo Somoza, Elixio Villaverde, Elpidio Villaverde...). A maior parte destes refuxiados, inicialmente, será internada inicialmente en campos de concentración franceses; e algúns, como consecuencia da ocupación de Francia por tropas do exército alemán, serían recluídos en campos de exterminio nazis; un destes casos é o do concelleiro de “Unión Republicana” na Coruña, e dirixente da “Liga de los Derechos del Hombre”, Martín Ferreiro Álvarez (natural de Pontevedra), que morrria en Mauthausen, no comando Gusen, en 1941 (Álvarez, 1989: 156, 158; Lamela, 1998: 27, 28; Geadás Álvarez, 2001: 124; *Repertorio*, 2001: biografía nº 696).

Dos republicanos galegos que residirán posteriormente en Europa, poucos ocuparán algún posto de relevancia política.

No grupo de galegos militantes de forzas políticas nidiamente republicanas que despois cruzarían o Atlántico, con destino a diversos países americanos, podemos salienta a figura de Bibiano Fernández Osorio-Tafall. Deputado nas Constituíntes de xuño de 1931 pola ORGA pontevedresa, alcalde de Pontevedra e presidente da Deputación Provincial, ocupou altos cargos durante a República, presidindo en Galicia o Comité Central de Autonomía. En 1936 volveu saír elixido deputado de “Izquierda Republicana” por Pontevedra, sendo secretario xeral desa organización política e director do seu voceiro, *Política*. Durante a guerra chegaría a ser comisario delegado de guerra do Exército Popular da República. Xa no exilio francés aparece como secretario do “Servicio de Evacuación de los Refugiados Españoles” (SERE), que empeza a funcionar en París o 1 de abril de 1939 (aínda que xa fora creado en 1937), estando integrados nel todos os partidos representados

*Carlos Pereira Martínez é funcionario do Concello de Culleredo (A Coruña) e historiador.

no goberno de Negrín. Tutelado en principio polo goberno francés, logo do recoñecemento do goberno franquista por estes pasou a estalo por México. A súa finalidade era evacuar aos españois a Francia, sostelos alí e trasladalos a México, facilitándolles traballo, asistencia médica e educación para os fillos (Cabeza, 1997: 24; Álvarez, 1992: *passim*; *Repertorio*, 2001: biografía nº 691).

Debeu pertencer tamén á “Junta de Cultura Española”, fundada en París o 13 de marzo de 1939; nunha bufarda cedida pola embaixada de España na capital francesa (aínda non rematara a Guerra Civil), onde se xuntaban, redactarían un manifesto de intencións, no que figura o seu nome; este documento non se publicaría ata un ano máis tarde, na revista *España Peregrina*, xa en México (Abellán, 1999: 118-119).

A Osorio-Tafall substituíuno o deputado de “Izquierda Republicana” por Pontevedra Alejandro Viana Esperón, quen logo tamén marcharía ao outro continente, concretamente a México (Álvarez, 1992: 150; *Repertorio*, 2001: biografía nº 2066). Viana presentaría a súa dimisión en agosto de 1939, por incompatibilidades co secretario xeral do organismo; así o manifesta nunha carta, datada o 14 de setembro dese ano, dirixida ao artista compostelán Francisco Vázquez Díaz “Compostela”, que lle pedira axuda para poder saír do campo de concentración no que estaba recluído e marchar a América (Vázquez, 1999: 555).

Existiu outro organismo similar, a “Junta de Auxilio a los Refugiados Españoles” (JARE), tamén co sede en París inicialmente: a este adheriríase César Alvajar.

Nestes derradeiros meses da Guerra Civil o coruñés Emilio González López, deputado da ORGA en 1931, do “Partido Republicano Galego” en 1933 e de “Izquierda Republicana” en 1936, sempre pola provincia da Coruña, actuará como cónsul xeral de España en Suíza e secretario da delegación española na Liga de Nacións. Cando Suíza recoñece ao goberno franquista trasládase a París, onde asiste a unha xuntanza da Deputación Permanente das Cortes, embarcándose a finais de marzo de 1939 para Estados Unidos (González, 1990: 293-334).

2. O «BLOQUE REPUBLICANO NAZONAL GALEGO».

2.1. Creación e fins

Durante a ocupación alemana, e ata o final da II Guerra Mundial, os republicanos refuxiados en Francia –noutros países a súa presenza era simbólica- non desenvolven practicamente ningún tipo de actuación (uns estaban agochados, outros sufrindo durísimas peripecias persoais...). Non será ata a finalización a IIª Guerra Mundial, coa victoria dos aliados, cando estas persoas se empecen a organizar. E será o denominado “Bloque Republicano Nazonal Galego” –logo do efímero “Frente Libertador Gallego”, que se dissolve para nacer o BRNG- o organismo no que traballen conxuntamente, durante un par de anos, galegos de distintas ideoloxías, entre eles membros de IR e de UR.

O BRNG creouse en Toulouse en 1946 -froitto dunha conferencia de unidade galega celebrada os días 21 e 22 de decembro de 1945- impulsado polos exiliados que residían nesa cidade.

A comisión organizadora estaba formada por Manuel Portela Valladares (republicano independente), Santiago Casares Quiroga (IR), Manuel Martínez Risco (IR), Manuel Varela Ferro (IR), Antonio Núñez Vázquez (IR), José García López (UR), César Alvajar Diéguez (UR), Luis Vázquez Rodríguez (PSOE), Pláceres Castellanos (PSOE), Xoán Xosé Plá Fernández (PG), Enrique Líster (PCE), José Antonio Paz (PCE) e Luis Vidal (UGT) (Santidrián,

2002: 415). Esta comisión elaborará un Proxecto de Bases do BNRG e unhas Conclusións, das que logo falaremos.

Respecto da dirección política do organismo, estaba presidida por Manuel Portela Valladares, e figuraban tamén como conselleiros Santiago Casares Quiroga, Manuel Martínez Risco, César Alvarar Diéguez, Luís Vázquez Rodríguez, Luís Vidal e Enrique Líster, sendo conselleiros secretarios Xoán Xosé Plá, José Antonio Paz, Antonio Núñez Vázquez e José García López.

O proxecto político mencionado era o seguinte:

PROYECTO DE BASES PARA LA CONSTITUCIÓN DEL “BLOQUE REPUBLICANO AUTONOMISTA GALLEGO” (B.R.A.G.)

1º- Se constituye en Francia y territorios de África del Norte, el “BLOQUE REPUBLICANO AUTONOMISTA GALLEGO”.

2º- Este organismo se constituirá con:

- a) Todos los gallegos pertenecientes o no a partidos y organizaciones nacionales o Regionales.
- b) Todos los demás españoles que tengan sus intereses vinculados en Galicia.
- c) Todos los simpatizantes.

El ingreso en el “B.R.A.G.” implica necesariamente como condición de admisión el ser republicano, antifascista y autonomista.

3º- Los objetivos políticos inmediatos del “B.R.A.G.” son:

PRIMERO: El restablecimiento de la República Española sobre la base de la Constitución de 1931.

SEGUNDO: La implantación sobre el suelo de Galicia del Estatuto votado por nuestro país en Junio de 1936.

Establecidas ambas condiciones el “B.R.A.G.” se planteará y resolverá sobre los nuevos objetivos políticos que le presenten.

4º- El “B.R.A.G.” aceptará y sostendrá todos los medios de acción necesarios para el logro de sus objetivos inmediatos, poniendo en juego todo re(...) que le pueda conducir a ellos y conjugando su trabajo en el camino político, en el diplomático y en el de la acción directa.

Esta organización sostendrá y extenderá la preparación y el desarrollo de la Insurrección gallega, paralela y simultánea con la Insurrección Nacional española, como medio definitivo para derribar el Régimen de opresión que pesa sobre nuestro país.

5º- El “B.R.A.G.” dedicará el mayor esfuerzo posible para fundirse con los movimientos similares del extranjero a fin de reunirlos bajo una sola dirección y organizará sobre suelo nacional sus organismos de dirección y de acción.

6º El “B.R.A.G.” contará con medios de propaganda propios para difundir su ideario tanto en Galicia como en el extranjero.

7º- La dirección del “B.R.A.G.” estará compuesta por:

1º- Sus Congresos de afiliados, fuente democrática de todo programa.

2º- Su Consejo de Dirección.

3º- Su Secretariado permanente.

8º- El Consejo de Dirección estará compuesto por un miembro de cada tendencia política o sindical, gallega o nacional, bajo la Autoridad de un Presidente.

9º- El Secretariado permanente se compondrá de:

1 Secretario General.

2 Secretario de Hacienda.

2 Secretarios de Propaganda y Prensa (Secretario y Secretario a(...))

10º- Los Secretarios asisten con voz a las reuniones del Consejo y co (...) voto en la ausencia de la tendencia política o sindical que represente. Se tratará de que los cuatro Secretarios representen las cuatro tendencias fundamentales, más destacadas o más numerosas.

11º- Los medios económicos de que dispondrá el “B.R.A.G.” procederán de las cuotas de sus afiliados, de las de sus simpatizantes, y de ayudas o colectas que pueda organizar en el Mundo entero para el desenvolvimiento de sus fines.

12º- El “B.R.A.G.” continuará su acción dentro y fuera de Galicia hasta que sus pretensiones mínimas de restablecimiento de la República e implantación del Estatuto de Galicia estén resueltas y los órganos ejecutivos y legislativos designados democráticamente por el pueblo gallego, revisando en tal momento su situación para el trazado de caminos posteriores o determinaciones finales a tomar. (AHCCOOG, Fondo Amador Martínez, caixa 114, carpeta Movimientos unitarios e galeguismo. Vaia o meu agradecemento a Víctor Santidrián por terme facilitado esta documentación).

Ademais do seu manifesto, do que antes demos conta, o “Bloque Nazonal” deu a coñecer tamén unhas conclusións de carácter político:

CONCLUSIONES

1º El “BLOQUE REPUBLICANO NAZONAL GALEGO” declara su adhesión inquebrantable a la República democrática. Declara también (...) la Constitución Republicana española de 1931 y al Estatuto de 1936 así como sus Instituciones, como símbolo de la decisión soberana del pueblo, hasta que España y Galicia no (...) democráticamente otra actitud sobre estos problemas fundamentales.

2º Entendemos que la experiencia adquirida (...) americano, la de la guerra de Independencia (.) y lasactuales en el Mundo después de la Segunda Gran Guerra ..can necesariamente una actitud de estudio de nuestras leyes fundamentales que deberán ser tranformables a través de unas Cortes Constituyentes capaces de solucionar a fondo los problemas nacionales españoles y capaces de dar cabida a una solución federal la única que, a nuestro juicio, pueda resolver definitivamente los problemas de las nacionalidades españolas.

3º Nuestro Movimiento se declara en guerra abierta contra el Régimen franquista y no acepta ninguna clase de compromiso ni de co.... con el mismo ni aún a título transitorio.

4º Los gallegos, no volviendo la espalda a las realidades, nos mostramos dispuestos a emplear contra el Régimen actual, la lucha ...as las formas, desenvolviéndola y propagándola, así como ... ayudándola en el suelo de nuestro País. Sin embargo, estamos..dispuestos a estudiar y a considerar toda situación.....que, con exclusión absoluta y terminante del fascismo,.....la cual ofrezca al pueblo la posibilidad de ahorrar sacrificios y dolores, y por la que se pudiese desembocar al Régimen democrático que España quiera darse, por éso consideramos necesario entendernos con todas las fuerzas que están contra Franco y contra Falange.

5º Consideramos como objetivo fundamental de nuestro Movimiento liquidar por todos los medios posibles el actual Régimen.....y la exigencia de responsabilidades a los que estén ...allas, estimando que para ayudar a Galicia en estetra unidad, realizada tanto con todos los movimientos coniguales objetivos en nuestra Tierra como con los similaresca y del resto del mundo.

6º Las aspiraciones autonomistas de Galicia son la base ideológica de este movimiento y a su logro se encaminarán todas nuestras acciones.

7º Nuestro Movimiento propone a todos los afines la constitución de un Consejo de Galicia que deberá situarse lo más próximo posible a nuestro territorio.

8º Nuestro Movimiento llevará la propaganda más activa para arbitrar los medios de difusión de sus aspiraciones en el territorio gallego y para hacer las aportaciones máximas en numerario y otros medios de lucha y de organización sobre el suelo de Galicia.

9º El “BLOQUE REPUBLICANO NAZONAL GALEGO” llama a todos los gallegos esparcidos por el mundo y a los gallegos sobre el suelo de España y de Galicia, para que cesen toda suerte de ayuda al Régimen actual, pidiendo especialmente a los funcionarios civiles, militares y militarizados, que apoyen resueltamente el combate contra el franquismo en defensa de los

intereses de Galicia y del resto de los pueblos de España, significándoles que el hacer caso omiso de esta llamada, agrava sus responsabilidades. (AHCCOOG, Fondo Amador Martínez, caixa 114, carpeta Movementsos unitarios e galeguismo. Os puntos suspensivos débense a unha difícil lectura do texto, debido á claridade da copia da que dispuxemos).

Enviaríanlle unha carta a Castelao, presidente do Consello de Galicia –institución creada en novembro de 1944 en Bos Aires– conminando ao Consello e máis ás “Alianzas Nazonais Galegas” de México e Uruguai a ingresaren nun Consello Xeral de Galicia a constituírse en Europa; coa carta, xuntábanlle o manifesto fundacional do BRNG, titulado *¡Gallegos! Compatriotas todos* (Castelao, 2000b: 590, nota 537). Nunha carta a Portela datada o 21 de febreiro de 1946, Castelao amósalle a súa sorpresa por velo incluído nos dirixentes da organización, manifestándolle que, na trastenda do mesmo, estaban os comunistas de Lister, e advertíndolle que esa nova entidade aparecía en América como antagonista do Consello de Galicia (Castelao, 2000b: 585-591; Portela, 1988b: 248-250). Aínda que Portela mesmo chega a negar a súa pertenza ao mesmo, o certo é que o seu nome aparece nos manifestos do mesmo, e que participa nas escasas actividades realizadas por este organismo. Tamén é certo, contra o que di Castelao, que a “Alianza Nazonal Galega” de México adheriuse ao grupo de Toulouse, como logo veremos.

Precisamente en febreiro de 1946 Ramón Piñeiro, que se desprazara a Francia, negocia con dirixentes do BNRG o apoio a Castelao como ministro do Goberno Giral, aceptando a proposta os exiliados, que apoiaban a Portela Valladares para o cargo (Santidrián, 2002: 416).

Nesa teima de que os republicanos galegos residentes no país galo estaban manipulados polos comunistas insiste Castelao en repetidas ocasións. Por exemplo, en misiva dirixida aos galeguistas do interior, datada Bos Aires o 31-3-1946, dilles:

O punto negro era Franza. Alá hai moi poucos galegos e os poucos que hai están apolillados pol-o comunismo español. Portela é a bandeira que atoparon e que enarbolan torpemente, pois nin Portela é home de servir a unha causa que non lle reporte beneficios inmediatos nin eles poderán domeñar a un político de tantas polainas. Aínda non sei en qué negocios anda Portela con Negrín, pero sei que sostén amizade con Prieto. A postura do noso don Manuel é totalmente bolchevique...e pretende que ahí se ande a tiros pol-os montes e que haxa fartura de mártires para soerguer a opinión internacional. Mete medo ler as súas cartas se non soupésemos que todo é unha farsa. De todos xeitos eu non descoidei este asunto e o primeiriño de todo foi manter correspondencia coa bandeira dos comunistas i engaiolala con redes ben tendidas. Eiquí imos publicarlle un libro a Don Manuel e coído que levei con tanto coidado as miñas relacións con él que na súa derradeira carta dime que debo ser eu o ministro porque él non quer selo. Alá en Toulouse creouse unha entidade chamada «Bloque Nazonal Galego» na que anda Lister e o galeguista Plá, que todos vós coñecedes. Os membros desta entidade caben nun ascensor; pero déronse presa para atrapar, como abaixo-firmantes a Casares Quiroga e a Mz. Risco, co que, por certo, non gañan nada senón que perden ante a opinión dos galegos de Américas, para que nes o nome de Santiago Casares non se pode mencioar como non sexa como pai da heredeira de Sara Bernard... Din os de Toulouse que o seu presidente é Portela Valladares, e éste dime nunha carta: «Quixéronme facer Presidente da Frente Liberadora de Galicia». Cando vostede veña, sí». De modo que o Presidente dos argallantes de Toulouse non tansiquera sabe cómo se chama a entidade que preside. Os comunistas de Toulouse, coma os de todas partes, desexan unha cousa e din que xa son donos d-ela para ver se así a consiguen; pero ese procedimento non ten éisito antre os galegos. Escrebíronme a min para que fixéramos a unión con eles a fin de chegarnos á constitución do Consello Xeral de Galicia, pero eu non lles contestei porque si,

como eles din, o seu presidente é Portela, con él xa me estou entendendo i escribindo. Por outra banda, a carta dos de Toulouse ten unha firma ilexible e non concorda con ningún nome dos que forman a directiva. Sóio hai na carta unha dirección, que é a dun militar comunista, con quen non teño porque cartearme así porque sí. Outra cousa será cando eu vaia a Franza e fale con eles, na seguridade de que pouco proveito sacarán de min se non veñen a parlamentar honradamente como galegos.

E segue noutro lugar da carta:

O mesmo Portela se adhireu ao Consello e se él, dispois, non se dá conta do compromiso que contraeu e xoga con todos, será por que na súa visa estivo sometido a ningunha discipriña e que á súa idade xa se está imposibilitado para adequirir novos hábitos. Portela é un franco-tirador; pero adhireuse ao Consello. Risco contestoume decindo que se alegra moito pol-a constitución do Consello e, sobor de todo, por que eu sexa o presidente. Non se adhireu e discúlparse decindo que está afastado de toda aitividade política e que non quixo aceptar ningún posto directivo no seu Partido —carta de Martínez Risco a Castelao, París, 15-8-1945- (Castelao, 2000b: 593-614; Castro, 2000: 298-317).

Destá época consérvanse dúas cartas enviadas polo BRNG: unha ao Comité Rexional da CNT (2-4-1946) e outra á UGT en Francia (27-12-1946), na que lle achegaban as súas resolucións e acta administrativa (AAVV, 1986: 46).

Coñecemos tamén un informe manexado polo BNRG sobre a situación de Galicia:

INFORMACIÓN DE ASUNTOS GALLEGOS RECIBIDA POR CONDUCTO DE PLÁ. AGUIRRE NO TIENE CONFIANZA EN CASTELAO. Después de la llegada de Castelao a Francia y después de las declaraciones hechas por él en L'ESPAGNE REPUBLICAINE y L'ESPAGNE NOUVELLE, carentes de todo sentido de la situación y marcando desviaciones notorias, Castelao es un visitante asiduo del 11 Avenue Marceau. Va allí tres y cuatro veces por día, pero a pesar de estos contactos tan frecuentes con los vascos, Aguirre dice “que no ha podido saber lo que tiene en la barriga”.

Dada la situación presente Irujo está dispuesto a votar contra el compromiso, pero tiene el temor de que pueda quedarse solo con “Carrillo” en la votación. Por esta razón Aguirre ha hablado a fondo con Tarradellas y, hoy, no tiene la seguridad de que los catalanes np puedan hacer una mala faena en el Gobierno.

Para salir al paso de esta situación quiere volver a hacer otra intentona del tipo de “Galeuzca” que tan malos resultados le ha dado. Parece ser que va a convocar a una nueva reunión de las fuerzas de las nacionalidades en vista de impulsar la Resistencia y defender a toda costa la República.

EL PARTIDO GALLEGUISTA. La dirección de Galicia está compuesta por Plácido Castro, Fernández del Riego, Gómez Román, Sebastián Martínez Risco (que era el candidato a Ministro), Ameijide (de Vigo), Saco (de Monforte, hoy en la cárcel) y el Secretario Político Piñeiro (el que vino a Francia y que hoy está detenido con acusaciones muy graves).

Para mayor aclaración añadiremos que Piñeiro fue acusado por el compañero de la C.N.T. galelga que lo acompañó a Francia y de ahí la gravedad de su situación que no lo era tanto por la simple detención, dado que él no llevaba nada comprometedor. Al detener al otro, cantó todo lo que pudo y algo más, acusándole entre otras cosas, de distribuir propaganda clandestina.

POSICIÓN DEL PARTIDO GALLEGUISTA. No está incluido en ninguna organización de unidad. Fue el que apoyó al Partido Comunista en la Unión Nacional. No figura en la Alianza Democrática porque esta se muestra reticente en aceptar de Pláno la autonomía gallega.

Está dispuesto a entablar relaciones con todos los partidos republicanos con la base “intransigente” de República y Autonomía. Considera que la Alianza democrática debe ampliar su programa con la inclusión de las “tres” autonomías.

Que se forme “nacionalmente” una dirección de la Alianza a base de un representante socialista, uno comunista, uno republicano, uno cenetista y uno de cada una de las nacionalidades. La Alianza propone uno solo representando a las tres nacionalidades.

Que todas las negociaciones se lleven en conjunto, esto es, por todas las representaciones políticas al tiempo, cortando el abuso que existe actualmente de negociar –como sucede frecuentemente- los otros grupos, especialmente el socialista y el cenetista, a espaldas de los comunistas y de los republicanos.

El P.G. está descontento de Castelao al cual se le ordenó que dimitiese la Presidencia del Consejo de Galicia, rehusando.

Quiere nombrar a Plá, Delegado del Partido en Francia para que controle a Castelao. Una expulsión de Castelao del Partido si continua negándose a seguir su línea, es siempre posible.

Plá envía a Galicia el texto de las declaraciones idiotas de Castelao.

FUERZAS REPUBLICANAS EN GALICIA. Además del Partido Galleguista que venimos de citar, existe la Alianza de Fuerzas Democráticas. Como republicanos está en ella Paratcha y Ariño, los dos de Villagarcía.

Señalemos que Paratcha percibe del Régimen Franquista la cantidad de 10.000 pesetas en concepto de “jubilación” como antiguo Ministro de la República.

BLOQUE REPUBLICANO GALLEGO. No tiene nada que ver con el nuestro. Se trata de un grupo que es partidario francamente del Gobierno Giral y que cierra el paso a toda capitulación o negociación con los franquistas o monárquicos.

Está dirigido por Peña Novo y Álvarez Xesteira –ex Alcalde de Carballino).

Hay otro grupo de “intransigentes” con el compromiso que no forma parte de ninguna de las agrupaciones conocidas del cual forman parte Rojo, Reino Camaño y Armando Peñamaría.

Nota: Los galleguistas han logrado introducir organización en la Universidad de Compostela y figuran como dirigentes de ella Fdez Riego y Álvarez Gil.

DEMÓCRATAS CRISTIANOS. Esta organización católica está dirigida en Galicia por García Vidal que era asesor letrado de la Diputación de Pontevedra. Ésta es la rama que pudiéramos llamar de la tendencia Jiménez Fernández.

PARTIDO NACIONALISTA POPULAR. Está la forma de la antigua CEDA y que se opone a la tendencia anterior. La dirige Fernández Borrego. Se trató de incluir a Otero Pedrayo que se negó. El Obispo de Mondoñedo QUIROGA está en gestiones para tratar de unir a estas dos ramas.

SOCIALISTAS. La dirección de los socialistas no es del país. Tienen organización en las ciudades pero han perdido todos los núcleos del campo. Actualmente se están registrando deserciones de ferroviarios que se pasan a la C.N.T. (AHCCOOG, Fondo Amador Martínez, caixa 114, carpeta Movementsos unitarios e galeguismo).

2.2. As actividades

Non é moito o que sabemos da actividade do BRNG. Continuaron coa edición do boletín *Galicia* –o primeiro número desta publicación saíría en Toulouse o 25 de xullo de 1945 e no que colaboraron o propio Castelao, Lister ou César Alvaajar-. Explica a presenza de Castelao que este boletín comezou a publicarse antes da constitución da organización; mesmo *A Nosa Terra* saudaría calorosamente a súa aparición:

Voceiro Galego na Franza

Nas terras próceras da gloriosa Franza xa liberada, édítase un periódico galego co nome refulxente de «Galicia». O seu primeiro número, apareceu nunha data pra nós evocadora e simbólica: o 25 de Xulio derradeiro -¡Día de Galicia!-. «Galicia» publícase na cibdá de Toulou-

use. E unha luzada de galeguidade i é un berro rexo e baril. Aquila érguese tan outo e iste resoa tan forte, que os Pirineos e a distancia non son oustáculos d-abondo pra impedir que se olle e se ouza na nosa mesma Terra e aínda nistas latitudes americáns onde, istá chantada a Galicia libre, co seu órgao ourentador e rexidor: o Consello de Galicia, presidido pol-o home símbolo da patria galega Castelao.

«Galicia» é órgao dos milleiros e milleiros de galegos que milagreiramente poideron supervivir das dúas témeras traxedias: da traxedia guerreira d-Hespaña e da traxedia do asoballamento cruel da Franza pol-o nazismo. Milleiros e milleiros de galegos que loitaron heróicamente defendendo a República Española e que dispois loitaron, do mesmo xeito, nas fías groriosas dos «maquis» defendendo a liberdade da Franza que era unha maneira de defender a liberdade do home no mundo inteiro.

«Galicia» é pensamento, voce e ialma d-ises irmáns nosos que vai pra dez longos anos que istán baténdose e sufrindo lonxe dos patrios eidos galegos; atuados na voráxen guerreira da épica loita internacional das Democracias alcontra dos Totalitarismos, da Liberdade alcontra do Despotismo. E non embargantes, nin ben teñen un acougo no trafego guerreiro, ises irmáns nosos poñen o seu pensamento, a sua voce e a sua ialma a prol da nosa patria escravizada, a prol da Galicia aínda encadeada. E así nos foi doada a emozón de ler no editorial de presentación do periódico «Galicia» de Toulouse o seu lema de combate: «Unidade, Loita i ESTATUTO», editorial posto a veira d-un fermoso dibuxo simbólico onde, baixo o tíduo de «Terra Nosa» o povo berra afervoado: «¡Viva Galicia!». E coma afirmazón de fé, aparece a estampa do album «Galiza Mártir», de Castelao: «Non enterran homes, enterran semente...» con iste engadido: «E a semente érguese pra redimir a terra».

Saúdamos con ledicia afervoadá a nova folla irmán, «Galicia», órgao dos galegos eisilados na Franza. Dende ista veira do Atlántico, facémoslle un aceno ben eispresivo da nosa solidaridade, botándolle o aturuxo simbólico de ¡TERRA A NOSA! (*A Nosa Terra*, 442 (Bos Aires, outono de 1945), 3).

Neste primeiro número do *Galicia*, publicado o 25 de xullo, colabora Portela Valladares cun artigo titulado “Chegaron os tempos”, que é reproducido íntegro na portada do número de *A Nosa Terra* citado. No nº 6, correspondente a xuño de 1947, aparecerá unha entrevista con Manuel Irujo, ministro de Xustiza do Goberno republicano, centrada fundamentalmente no asunto da autonomía de Galicia (Anasagasti, 1985: 459-461).

Sabemos tamén dunha conferencia celebrada para conmemorar o “Día de Galicia”, que se celebrou o 10 de agosto de 1947 (Castelao, 2000b: 657, nota 602; AMB, FA, 6126; *Libertad*, París, 25-8-1947).

O acto consistiu nunha conferencia pronunciada por César Alvajar, en calidade de conselleiro daquel organismo:

Comenzó con una evocación de su tierra natal; que no es sólo rincón de turismo, sino también la tierra masculina y recia de Bergantiños, el aguafuerte de la costa brava y el solar heroico de los viejos castros; es decir, los saudosos y melancólicos cantares de Rosalía de Castro y, en contraste con ellos, la estrofa rebelde y vibrante de Curros Enríquez y los himnos ossiánicos y proféticos del bardo Pondal.

A continuación presentó las características de Galicia como tierra y pueblos bien diferenciados y exaltó asimismo el carácter y la robusta personalidad de los otros países hispánicos: Castilla, Cataluña, Vasconia, Valencia. ...Pueblos admirables y diversos, cuya “integración sin absorción” dentro de la unidad geográfica peninsular preconizó el orador como fórmula de una España. Unidad Española; pero sin mengua de la personalidad de los pueblos que la constituyen teniendo presente aquella verdad que, hablando de este tema, proclamó un lusitano ilustre, el Sr. Domínguez dos Santos: “una asociación libre de pueblos es más unificadora que una centralización forzada”. Justificó el movimiento autonomista gallego y afirmó, apoyándolo en hechos

históricos, que no se trata de una imitación de los movimientos similares catalán y vasco, sino de una aspiración peculiar que tiene añejas raíces y orígenes remotos, y cuya definición doctrinal data de 1889, siendo anterior, por lo tanto, a la actuación política de Prat de la Riba.

Hizo algunas consideraciones humorísticas sobre los que dudan de la capacidad de los gallegos para gobernarse, cuando ellos han dato tantos gobernantes a la Madre Patria, y, con respecto a lo que el movimiento pro Galicia haya de ser en el destierro, concretó así su posición: “Obremos de tal modo que no pueda decirse nunca que nuestra acción está influenciada o mediatizada por un Partido o por una Organización ajena. La obra de los gallegos en el destierro ha de ser una obra de todos, de la que nadie quede excluído, pero en la que nadie tenga tampoco, sobre los demás, una hegemonía interesada o abusiva”.

Esbozó el programa elemental que en materia política y social hay que realizar en Galicia. Los republicanos –dijo- no nos arredramos ante ningún progreso que se obtenga por la vía legal. Avance, en estos órdenes, cuanto se quiera; pero dentro de la legalidad y del orden republicano, pues la República abre caminos ideales inacabables que permiten poner la meta muy lejos y apuntan muy alto. Pero esta amplitud y generosidad acarrearán la exigencia de actuar dentro de sus leyes, sin conculcarlas y aún sin bordearlas; plenamente dentro de sus leyes y su orden. Hacerlo e imponerlo así, es el propósito de los gallegos que aman a su país y que tienen conciencia de su responsabilidad.

Y después de expresar los caracteres heroicos de la resistencia en Galicia, propugnó por la creación de su Consejo General que aúne eficazmente el pensamiento y la acción de todos los gallegos en una obra común y por la representación de Galicia en el Gobierno Republicano, que alentará y estimulará a los combatientes gallegos. Terminó recordando el sentido profundo de alguna de las estrofas del himno gallego y cerró su discurso afirmando que la cruzada gallega ha de hacerse al grito de “¡Viva la República!” y “¡Viva Galicia!”, dos expresiones que, a su juicio, tienen la misma significación.

Co gallo da celebración deste acto, o BRNG -que tiña como emblema a insignia da fouce e o martelo, e estaba agora radicado no nº 15 da rúa Montmartre, en París- enviaríalle unha carta ao Partido Nacionalista Vasco (París, 12-8-1947), neste teor:

AL PARTIDO NACIONALISTA VASCO

El «Bloque Republicano Nazional Galego» acaba de celebrar el 10 de los corrientes en París, un acto de afirmación republicana y galleguista. A dicho acto se han adherido -así como a sus resoluciones-, las organizaciones siguientes:

El «Alianza Nazional Galega de Mejico».

«Casa de Galicia de Nueva York».

«Grupo Curros Enríquez» de la Habana.

«Unión Democrática de Hijos de Galicia» de Cuba».

Las Asociaciones Gallegas de Orán, Túnez y Casablanca.

Como resultado del acto de referencia, el Bloque se ha dirigido al excmo. sr. presidente de la República, haciéndole conocer la posición intransigente de los republicanos gallegos respecto a todo intento de liquidación de las Instituciones republicanas. Por otra parte le hemos hecho conocer el justo deseo de los republicanos gallegos de ver a Galicia representada en el futuro colectivo. Entendemos que en estas horas -muy graves- para el porvenir de la República y más peligrosas aún para las aspiraciones autonómicas de las nacionalidades diferenciadas de España, éstas tienen el deber no sólo de defender y de sostener a todo precio la República sino el de obtener que los pueblos de Galicia, Euzkadi y Catalufia, tengan la representación legítima que les corresponde en la dirección de los destinos republicanos.

No es admisible que bajo ninguna razón ni pretexto, cualquiera de las nacionalidades que han visto votar para sus pueblos respectivos -dentro del más estricto derecho constitucional- sus Estatutos, sea alejada del Gobierno de la República, el cual debe responder, hoy más que nunca, a una amplia concentración de todas las fuerzas democráticas de los diferentes pueblos de

España.

Nosotros esperamos de su comprensión republicana y democrática, el apoyo necesario, en las presentes circunstancias, para que nuestros derechos legítimos no queden una vez más burlados.

Reciban nuestros fraternales saludos republicanos.

Por el Consejo Nacional del BRNG
El Secretario general (sinatura ilexible)
(Anasagasti, 1985: 464-465)

Algúns meses despois, publicará Enrique Lister un artigo no que explica as razóns do programa do organismo e a necesidade de crear o Consello Xeral de Galicia:

PARA QUE NECESITAMOS UN CONSEJO GENERAL DE GALICIA

Al constituirse el B.R.N.G. se fijó como una de sus tareas la de trabajar por llegar a la formación de un «Consejo General de Galicia». Este acuerdo era el producto de un estudio profundo de la situación de la emigración gallega, de sus deseos y posibilidades, y de la necesidad de una ayuda efectiva a los que en el interior de nuestra patria luchan sin descanso contra el régimen franco-falangista.

Nuestra proposición ha sido acogida con entusiasmo por millares de gallegos de Europa, Africa del Norte y América. Diferentes organizaciones la han hecho suya, y de Galicia nos llegan voces alentándonos a continuar en el camino que hemos emprendido.

Sin embargo, en algunos lugares hemos encontrado ciertas resistencias a dar el paso definitivo y convertir en realidad lo que es una necesidad urgente.

Aún existen paisanos que dicen que nuestro trabajo debe ser callado. No que agregar a la larga lista de hijos de Galicia asesinados por el franquismo. La última circular dirigida a la Guardia Civil y policía ordenándolos «ejecutar sobre el lugar de la detención a todo terrorista portador de armas, para evitar la intervención de los diplomáticos extranjeros y las agitaciones del exterior», dice bien a las claras como temen los franquistas el que sus crímenes sean conocidos y cómo los pone furiosos la solidaridad internacional.

Esto es necesario gritarlo bien alto para que se enteren los que no quieren oír, escupírselo en la cara a los falangistas, a los canallas y miserables que tienen el cinismo de defender velada o abiertamente al régimen de Franco entre la emigración.

Es necesario movilizarse y movilizar a todos nuestros amigos en la lucha ardiente contra el régimen de Franco y Falange y por los derechos de Galicia.

El respeto y la ayuda no se conquistan “haciendo de chicos buenos”, presentando con timidez nuestras reivindicaciones, esperando que nos regalen «graciosamente» lo que es obligatorio conquistar. Sólo lo que se consigue con la participación de las masas es sólido y se puede defender con posibilidades de éxito, porque son las masas mismas las que lo defienden.

Lo que nos ha pasado hace unos meses, confirma una vez más lo que sostenemos. Galicia se quedó sin representación en el Gobierno. Todos los gallegos republicanos estamos de acuerdo en considerar que Galicia debe tener su representación en todo Gobierno republicano, no como un favor, sino como un derecho, pero la realidad es que nos ha faltado la fuerza organizada, capaz de hacer valer ese derecho.

No puede haber ninguna duda de que si en el momento de la crisis los gallegos hubiésemos tenido un organismo que hablara en nombre de todos los gallegos republicanos, hoy Galicia estaría representada en el Gobierno, con lo que hubiera salido ganando Galicia y el mismo Gobierno. Es corriente escuchar: «Entre los gallegos republicanos no existen problemas fundamentales que nos separan». Esto es cierto. Entre los gallegos existe un espíritu, un deseo de unidad, existe una comprensión, y en la mayor parte de los casos, relaciones de cordialidad, pero esto no basta. A todo eso hay que darle una forma orgánica. No basta con respetarnos, tolerarnos y ser buenos amigos. No basta con reunirnos para comentar las hazafias de los que

en el suelo de Galicia cumplen con sus deberes. Es necesario ser combatientes activos en esa lucha y se puede ser combatiente de la causa sagrada de la liberación de Galicia en Cuba, y en Nueva York, en Buenos Aires y en Francia, en Africa y en Uruguay, en Méjico y en Chile, es decir, donde exista un gallego antifranquista.

No nos cansaremos de repetir que sólo la lucha unida en el interior y en la emigración, nos permitirá alcanzar la victoria sobre el franquismo. Euzkadi viene a darnos una vez más la razón. La gran victoria del pueblo vasco fue posible gracias a que la clase obrera vasca fue unida a la lucha, y en esa unidad del interior tienen su parte importante las relaciones unitarias de los vascos de la emigración y la existencia de organismos unitarios en el interior y en el exterior. Los gallegos antifranquistas de la emigración tenemos el deber de transformar en trincheras de combate contra el régimen franquista cada lugar de trabajo, cada organización, sea esta política, sindical, cultural o mutualista.

Nuestra bandera de combate es: «Reconquista de la República democrática e igualdad de derechos con el resto de los pueblos hispánicos para Galicia».

Con esa bandera combaten y mueren sobre el suelo de Galicia sus mejores hijos. Con esa bandera podemos y tenemos el deber de luchar los gallegos antifranquistas que nos encontramos en emigración forzosa e involuntaria. Para que la lucha dé todo el resultado que nuestro pueblo necesita, es por lo que consideramos que es necesario crear con urgencia el organismo que recoja y dirija hacia Galicia los esfuerzos de todos» (Anasgasti, 1995: 468-470).

Mientras, Castelao, en carta a Martínez Barrio (Bos Aires, 24-9-1947), segue coa súa teima:

En cuanto a la aparición de una entidad gallega de tipo nacionalista en Francia, le diré que se trata de un grupo capitaneado por Lister y que no tiene más valor que el que ahí se le dé. Ese grupo ya existía cuando yo fuí Ministro, y buen trabajo me costó desentenderme de sus maquiavelismos, pues solo pretendían utilizar mi nombre como utilizan el de cualquier persona que les convenga. Según ellos, Portela era su presidente, pero el propio Portela me aseguró que no era cierto y que no estaba dispuesto a dejarse mangonear por los comunistas (esto me lo dijo en presencia de don Augusto (Barcia Trelles). No creo que Casares y Risco estén incorporados a ese nacionalismo galego...y si lo están peor para ellos. Debo advertirle que no se habían adherido al Gobierno Giral, de lo cual tomé pie para no hacerles caso. No hay duda que ese pequeñísimo grupo de nombres conocidos intentará suplantar a toda otra representación gallega, y ello servirá para poner a prueba la sensatez de los republicanos. Si aceptan que Galicia se vea representada por los comunistas –afiliados o simpatizantes- no tardarían en pagar muy caro este nuevo error. No, mi querido Don Diego; eso no me preocupa. Eso debe preocupar a los que tienen la responsabilidad del Gobierno republicano... (Castelao, 2000b: 654-658).

É evidente, sen embargo, polo que levamos salientado e polo que veremos máis adiante, que si lle preocupaba.

Os contidos da citada conferencia de Alvajar son similares á que pronunciou na Sorbona o 5 de xuño de 1948. Nese acto, organizado polo “Ateneo Hispanista”, que presidía Antonio Pena, tratouse sobre o tema “El Regionalismo político y cultural de España”, participando, ademais de César Alvajar, Javier de Landaburu, deputado vasco, e o catalán Josep Andreu, ex presidente del Tribunal de Casación de Cataluña:

El Sr. Alvajar, después de rendir homenaje a las cualidades de cada uno de los pueblos ibéricos, que forman una compleja diversidad, encaminó su discurso, cálido y apasionado, a demostrar que el movimiento autonomista gallego, lejos de ser, como suponen los no enterados, una secuela de los movimientos análogos catalán y vasco, es históricamente anterior a ellos y tiene un carácter propio y tendencia federal desde un principio, mantenida a través de los tiempos.

Dedicó un recuerdo emocionado a los que en Galicia luchan valerosamente contra la opresión, con la esperanza de ser libres y de no tener que luchar mañana con la incomprensión para regir los destinos de su pueblo dentro de la República, única forma de gobierno capaz de coordinar en una unidad armónica superior la diversidad espléndida y fecunda de los pueblos que integran la expresión geográfica peninsular.

Brevemente señaló, por último, cómo la literatura gallega, y de modo especial la poesía, está inspirada en estos sentimientos de libertad e independencia... (AMB, FA, 6127: *Libertad*, París, 17-6-1948; *A Nosa Terra*, 462, Bos Aires, xuño de 1948, 2).

A intervención de Alvajar sería gratamente acollida polo círculo de galeguistas exiliados en América, tendo noticias dela tamén os do interior, os residentes en Galicia; por outra parte, ser pronunciada na Sorbona, un foro de tanta importancia, amplificaba a súa transcendencia (Castelao, 2000b: 727: carta a Afredo Somoza, 20-9-1948; AMB, FA, 6116: carta de Ramón Piñeiro a César Alvajar, Santiago, 3-5-1953; Pereira Martínez, 2002).

Uns días antes, o mércores 28 de abril, pronunciara Alvajar outra conferencia sobre “Poesía popular gallega” nun local do “Hotel des Sociétés Savantes” (París), onde o Ateneo Hispanista celebraba eventos. No folleto anunciador vemos, por exemplo, que outros oradores que tiñan previsto intervir en actos na Sorbona eran J. Quero Molares, catedrático de Dereito Internacional da Universidade de Barcelona, ou o mexicano Octavio Paz.

O presidente do “Ateneo Hispanista”, o profesor Antonio Pena, fundara en 1934, tamén en París, o “Club Hispánico”, do que o Ateneo era continuador (Drekfus-Armand, 2000: 266-267)

2.3. Os dirixentes do BNRG

2.3.1. Manuel Portela Valladares

Nacera en Pontevedra en 1869. Ocupou o cargo de gobernador civil de Barcelona en 1910. En 1922 é membro do comité nacional da “Liga Española de los Derechos del Hombre”. Chegada a IIª República, resulta eleito deputado, independente, pola provincia de Lugo. Gobernador xeral de Cataluña en 1934, un ano despois é ministro da Gobernación nun dos gabinetes de Alejandro Lerroux. As continuas crises políticas provocarán que, no mes de decembro dese 1935, sexa designado, por Alcalá Zamora, presidente do Consello de Ministros. Nas eleccións xerais de febreiro de 1936 de novo é deputado por Lugo, nesta ocasión formando parte dunha coalición de Centro. Propietario do diario vigués *El Pueblo Gallego*. Logo da sublevación militar de xullo de 1936 quixo achegarse, infructuosamente, aos sublevados, pasando entón a Francia. Volve á zona republicana, participando nas Cortes de Valencia. Co inicio da II Guerra Mundial foxe a Marsella, mantendo unha actividade política de cara a acadar unha fronte única republicana. Ocupa o cargo de fideicomisario e presidente do trust que administra os bens do SERE. Baixo o réxime de Vichy sofre detencións e abusos, sendo confinado en Cassis sur Mer. Neste mesmo ano comeza o preito sobre os seus bens, que acabarán sendo incautados. Logo de dúas peticións por parte do goberno franquista pedindo a súa extradición a Francia, sofre no ano 1943 rexistros e interrogatorios por parte da Gestapo. Neste ano de 1943 formaba parte do “Supremo Consejo Español del grado 33”, da masonería -xa o era dende 1933- (Ferrer Benimeli, 1987: II, 116, 183).

Co final da contenda volve á actividade política. Castelao infórmao, en carta do 23-1-1945, da constitución do Consello de Galicia, convidándoo a adherirse (Castelao, 2000b: 508-511; Portela, 1988b: 236-237). Na espera, Castelao escríbelle a Xoán López Durá (31-1-1945), ao que informa, entre outras cousas, que está en contacto con Risco e Portela (Castelao, 2000b: 519-520). O 26 de marzo de 1945 envíalles unha misiva a Manuel Gómez Román e aos irmáns do interior, contándolles estas xestións, agardando, en palabras de Castelao, de Portela: “a miña carta vaino poñer en pé, i estou seguro que se adherirá ao Consello (Castelao, 2000b: 533). No mes de xullo volve escribir aos do interior: vén de recibir carta de Portela adheríndose (Castelao, 2000b: 541-542); noticia que ocupa a primeira Plána de *A Nosa Terra* (*ANT*, 440, Bos Aires, xullo de 1945; Castelao, 2000a: 325-330). Pero o certo é que o apoio é matizado (Portela, 1988b: 238). En 1945 colaborará ocasionalmente coa revista *Iberia* (Castelao, 2000b: 546) e *Galeuzka* (Anasagasti, 1985: 420)

En 1946 preside o Bloque e fálase del como posible ministro do goberno Giral:

Eu non descarto que Don Manuel nos represente; pero tal cousa somentes pode ocorrer cando Don Manuel sexa indicado por nós e previo compromiso adequirido con Aguirre e o presidente catalán; é decir, cando seipamos que non corremos ningún perigo de indecisión, deslealdade, abandono, desvío, etc., por parte de quen nos represente... (Castelao, 2000b: 550).

A xuízo de Aguirre, e doutros exiliados, a figura de Portela, pola súa traxectoria (ex ministro, ex presidente do Goberno..) podía ter máis repercusión que a de Castelao, do que Aguirre era bo amigo. A viaxe de Ramón Piñeiro a París, en representación das forzas do interior, conseguiu que se designase a Castelao (Casares Mouriño, 1991: 60-65; Castro, 2000: 298-330; Samuelle, 1993: 142; Alonso, 2000: 131-140). O 11 de xaneiro de 1946 Castelao envíalle unha nova carta a Portela, desde Bos Aires, informándoo do acontecido nas Cortes de México, e a creación da Comisión do Estatuto Galego (Castelao, 2000b: 569-574; Portela, 1988b: 244-246); Portela contéstalle ese mesmo mes, dicíndolle que os papeis do Estatuto, que Castelao cría en París na custodia de Cuevas, un alto funcionario, quizais xa non estivesen, e que era mellor que tentasen reconstruír o texto do Estatuto (Portela, 1988b: 246-247; Castelao, 2000b: 573, nota 524). O 21 de febreiro de 1946 Castelaoponse en contacto epistolar de novo con Portela, manifestándolle, entre outras cousas, que a entrada dun ministro galego no goberno de Giral, que se prevía ampliar, estaba decidida:

Eu sigo estimando que vostede é o home para ocupar o posto que se nos debe; pero velahí un párrafo dunha carta que recibín. “Giral no está por nombrar ministro gallego, pues lo impresionó la postura de Prieto contra vosotros. Su Plán es ampliar el gobierno en cuanto llegue a Francia, invitando a que formen parte del mismo los comunistas, los de la CNT disidentes, a Largo Caballero e a Portela Valladares, pero a éste no en concepto de gallego, sino de expresidente del Consejo y presidente del partido centrista, para que marque la ampliación hacia la derecha mientras los comunistas y centristas la señalen hacia la izquierda.” Non é que botaran auga bendita, sobor do seu nome; o que caiu sobor de vostede é a mirada dun miñado lagarteiro. Pense Vd. O que debe facer, pois eu aínda acabo de comprir sesenta anos e non teño dereito a darlle consello. Soio me permito dicirle, pol-o moito que o quero e respeto, que arestora é Vd. Unha persoa de moita utilidade e que é natural que todos traten de utilizalo, pero eu non-o vexo a Vd. Mais que como un galego republican. Entendo que Galicia é o término máis honroso da súa vida.

Infórmao tamén que hai un mozo galeguista -Ramón Piñeiro- que vai ir a París tratar este asunto da entrada dun galego como ministro. Acláralle tamén que non se refería ao texto do Estatuto, senón ás actas de escrutinio, documentación anexa, etc., pero que xa as

están buscando. Tamén dáse por informado da presenza de Portela no BRNG: precisamente vén de recibir unha carta dese organismo.

O ministro cenetista no goberno Giral, José Leiva, nun informe datado en 1946, manifesta, logo de entrevistarse con Portela:

Portela Valladares: No habla, no escribe, pero se especula con su persona. Se dejó querer por la Junta Suprema. Maura tuvo al menos una entrevista con él, de cara al gobierno plebiscitario. Sin disputa alguna tiene correspondencia con las personalidades que propician soluciones extragubernamentales (AAVV, 1978: 56).

En 1949 Portela fai o seu testamento, deixando os seus bens ao “Museo de Pontevedra”. Morre en Bandol o 29 de abril de 1952 (Portela, 1988a: 299-300; *Repertorio*, 2001: biografía nº 1546; LEDH (exilio), 1952).

2.3.2. Manuel Martínez-Risco Macías

Curmán de Vicente Risco, e irmán de Sebastián (que sería presidente da “Real Academia Galega”), naceu en Ourense en 1888.

Amplia estudos en Holanda e Alemaña, e aos 27 anos acadou por oposición a cátedra de Acústica e Óptica da Universidade de Zaragoza e despois na Universidade Central de Madrid.

Foi deputado nas Cortes Constituíntes pola provincia de Ourense por “Acción Republicana” e por “Izquierda Republicana” en 1936, sendo un convencido defensor da autonomía para Galicia. En IR chegou a ocupar postos de responsabilidade.

Durante a Guerra Civil dirixiu a fábrica de instrumentos de Óptica creada polo goberno republicano.

Exiliouse a Francia, onde pasaría bastantes penalidades durante a ocupación alemana. En París ocupou cargos importantes, como o de presidente da Academia de Ciencias, traballando no afamado “Centre National de Recherches Scientifiques”, sendo profesor convidado da Sorbonne e realizando destacados estudos sobre física matemática, óptica, acústica e astronomía. Javier de Landáburu, nun informe que envía ao “Euzkadi Buru Batzar” o 18 de outubro de 1944 di, respecto dos galegos de París, que as personalidades máis destacadas son Martínez Risco e Andiñón, que fora suplente do Tribunal de Garantías Constitucionais; os dous foran membros da ORGA e amigos persoais de Casares Quiroga e de Castelao: estaban á marxe da Unión Nacional Española (UNE) (Anasagasti, 1985: 215; AAVV, 1966: 73). Con Martínez Risco carteous Landáburu. Coñecemos unha carta que lle envía o 9 de outubro de 1944, no que o informa do SERE e do JARE, de como está a política republicana no exilio e da saída do *Sempre en Galicia* de Castelao, ofrecéndose a servirle de correo, a través de Irujo, se quere poñerse en contacto con Castelao (Anasagasti, 1985: 216-217). Dirixiu tamén a “Asociación de Profesores Universitarios” no exilio e era vicepresidente da “Liga Internacional dos dereitos do neno”. Xogará un papel de moita relevancia a partir de 1944-1945 como presidente do “Comité Español Provisorio de la Interayuda Universitaria Internacional”, establecido en París, que tiña por fin axudar aos estudantes exiliados a poderen continuar os seus estudos (Moral, 1988: 300).

Martínez Risco figura tamén entre os asinantes dunha declaración datada o 14 de abril de 1951 “En el destierro...” (AMB, Alvajar, 6106, nº 26), na cal republicanos españoles e personalidades de diversas tendencias politico-sociais apoian aos cataláns: viña de celebrarse a folga xeral de Barcelona. Entre os asinantes, a parte de Diego Martínez Barrio,

presidente interino da República ou Álvaro de Albornoz, presidente do Goberno, aparecen Augusto Barcia Trelles, ex presidente do Goberno e deputado, Alejandro Viana Esperón, deputado, ou Salvador Etcheverría, ex gobernador civil (estes tres últimos vivían en América).

Destacan as súas obras: *La asimetría de los triples de Zeeman* (Madrid, 1912 e 1914) ou *Estudios Generales sobre aberración esférica de orden superior* (Madrid, 1927).

Morre en París en 1954 (*Repertorio*, 2001: biografía nº 1209).

Martínez Risco manterá correspondencia con Castelao. Nunha carta de Castelao a José Antonio Aguirre (Nova York, 3-1-1945), cóntalle que recibira carta, “vía vasca” datada o 19-10-1944. Nela, Martínez Risco relátalle a súa amizade cos vascos, amosándose pesimista sobre a próxima liberación de España. Castelao dille a Aguirre: *Creo poder afirmar que los gallegos ya tenemos nuestro delegado para el Comité de París, que opino debe ponerse bajo la advocación de Galeuzca, que ya tiene mucho poder mágico...* (Castelao, 2000b: 494).

Castelao escíbelle a Martínez Risco (Bos Aires, 22-1-1945). Infórmao da constitución do Consello de Galicia, enviándolle o texto, e convidándoo a formar parte do mesmo - podería ser representante no Comité de París, ou no Comité de “Galeusca”-. Sobre a situación doutros deputados galegos, dille tanto Alejandro Viana Esperón (que, informado tamén por Castelao sobre o Consello, como deputado que era, se declarara “unitario y centralista”) como Bibiano Fernández Osorio-Tafall residían en México, sendo partidarios de Negrín (Castelao, 2000b: 502-508).

Ao parecer, Martínez Risco alegou, para non adherirse ao Consello, estar afastado da política (Fernández del Riego, 1990: 171). Nun cablegrama (Bos Aires, 18-9-1945) Castelao pídelo a Martínez Risco que se poña en contacto con Lister para unha xestión que este lle encargara (Castelao, 2000b: 553).

Mantivo Martínez Risco tamén correspondencia co sindicato socialista: consérvanse dúas cartas, dirixidas á UGT en Francia, datadas o 10 e o 24 de maio de 1949 (AAVV, 1986: 101).

En 1953 é visitado en París por Francisco Fernández de Riego:

Co Manuel Martínez Risco, que fora catedrático da Universidade de Madrid e diputado de “Izquierda Republicana”, entrevisteime en sucesivas ocasións. Neses días atinxira xa moito prestixio como profesor da Sorbona. Citábame sempre no Café Cluny, e cando eu cegaba á cita estaba el a me agradar. Mentres acendía un pito tras outro, tirados dun paquete de “Celtic”, preguntábame e preguntábame sobre o que sucedía en Galicia, sobre os problemas da posguerra civil, sobre a sorte dos vellos amigos. Era insaciable na súa curiosidade, e o interrogatorio proseguía ata que se despedía de min na boca do metro.. (Fernández del Riego, 1990: 292-293).

Sempre manterá unha actitude fiel á República. Así, nun folleto homenaxe ao xeneral Emilio Herrera Linares (ministro da Goberno no exilio, futuro presidente do Consello de Ministros) e reputado científico. O acto celebrouse o domingo 29 de xaneiro de 1956, no “Círculo Republicano” de París, co gallo de que viña de presentar a súa renuncia a un importante cargo na ONU, por ter esta admitido á España franquista. Esta coherencia reportáalle, a parte de perder casa e moito diñeiro, deixar de estar en contacto cos últimos adiantos en física nuclear. Asistiron ao mesmo moitas personalidades, entre elas Salvador Etcheverría (debe ser no tempo que foi ministro) ou José Calviño. Falou tamén Diego Martínez Barrio, presidente da República.

No seu discurso, Herrera mencionou que el non era o único en negarse a colaborar, poñendo como exemplo a Pau Casals, ou *“nuestro llorado amigo el profesor Martínez Risco, quien, requerido también para hacer un trabajo referente a la energía atómica, en un organismo en que toma parte el régimen español, se negó a hacerlo, perdiendo así un considerable ingreso...”* (AMB, FA, 6106, nº 53; Alted Vigil, 1993: 160).

2.3.3. Santiago Casares Quiroga

Outra grande figura republicana galega que encontramos formando parte da directiva do BRNG é Santiago Casares Quiroga. De familia republicana (tanto o seu pai, Santiago Casares Paz, como o seu irmán Arturo foron destacados políticos republicanos coruñeses) naceu na Coruña en 1884, cursaría estudos de Dereito en Santiago e logo en Madrid. Vincúlase á “Solidaridad Gallega”, participando na 1ª Asemblea Rexional desa organización en Monforte, en abril de 1910. Elixido concelleiro nas listas republicanas coruñesas en 1911 e 1914, ten unha intensa activamente política. Forma parte do comité revolucionario que promove a folga xeral de agosto de 1917 na Coruña, sendo procesado. Cunha filla, Esther, nacida froito dunha relación esporádica mantida na súa estadía en Madrid en 1911, casou na Coruña con coa modista Gloria Pérez Corrales en 1920, nado en 1922 a súa filla María Victoria. Pertenceu á masonería, formando parte da loxia “Hispano-Americana” de Madrid e ás loxias “Gallaecia” e “Suevia” da Coruña, sendo o seu nome simbólico “Saint Just”.

En 1926 xúntase á “Alianza Republicana” a través do “Casino Republicano” da Coruña, pero posteriormente se desliga da mesma, fundando, con outros compañeiros en outubro de 1929 a “Organización Republicana Gallega Autónoma” en Santiago. Participa tamén no «Pacto de Lestrove» o 16 de marzo de 1930, do que nacerá a “Federación Republicana Galega”. En representación da FRG é un dos asinantes do “Pacto de San Sebastian»; a súa función era promover en Galicia o apoio á sublevación de Jaca, encabezada polos capitáns Galán e García Hernández. Encarcelado como consecuencia do fracaso desta tentativa, será xulgado en consello de guerra en marzo de 1931, sendo condenado a seis meses e un día de prisión, pero aplicóuselle a liberdade condicional e foi liberado axiña. Nas eleccións municipais do 12 de abril de 1931 saíu concelleiro na cidade da Coruña na candidatura da ORGA, sendo nomeado Ministro de Mariña polo Goberno provisional. Elixido deputado pola Coruña nas Constituíntes de xuño de 1931, a finais dese ano é nomeado ministro de Gobernación. Nas eleccións xerais de 1933 é elixido deputado, pola Coruña, na candidatura do “Partido Republicano Gallego”, que se fundara en Lugo en 1932. En abril de 1934 participa na fundación de “Izquierda Republicana”. Con motivo dos sucesos revolucionarios de outubro de 1934 vese obrigado a fuxir a Barcelona. Logo do triunfo da Fronte Popular na eleccións xerais de febreiro de 1936 Casares é nomeado ministro de Obras Públicas, e pouco despois ocupa o cargo de ministro de Gobernación. Manuel Azaña, que viña de ser elixido presidente da República en substitución de Alcalá Zamora, encarga a Casares a formación do Goberno, asumindo este tanto a presidencia do Goberno como o ministerio de Guerra. Logo da sublevación militar de xullo de 1936 presenta a súa dimisión, que Azaña acepta.

Enrólase como miliciano na Serra do Guadarrama, pero a súa delicada saúde –padecía unha tuberculose crónica- acabará por facelo abandonar a fronte de batalla. Acompañando a Manuel Azaña, Negrín ou Martínez Barrio, emprenderá o camiño do exilio francés. Logo de chegar nun estado lamentable a París, irá repoñerse unha tempada a Suíza, regresando

máis tarde. Antes da ocupación alemá, Casares instálase en Burdeos. Arredor de setembro de 1940 coñécese en medios do exilio un Plan falanxista para secuestrar a 16 dirixentes republicanos, entre eles Largo Caballero, Rodolfo Llopis, Azaña ou Casares. É condenado polo Tribunal Especial para a Represión da Masonería e o Comunismo a 30 anos de reclusión maior, en sentenza do 11-11-1941. Marcha logo cara Inglaterra, en Dormens, onde permaneceu catro anos nunha casa na que tamén residía Negrín e a súa familia, colaborando no pago do seu alugueiro. Pouco se sabe desta estadía en Londres. Recentemente, Carlos Fernández recolle lembranzas que Augusto Assía, entón correspondente de *La Vanguardia* en París, lle fixo nunha entrevista: segundo Assía, Casares estaba moi mal economicamente, e moi deteriorada a súa saúde pola tuberculose crónica que padecía. En conversas que mantiñan, lembrábase sempre da Coruña e dos seus amigos Alfredo Somoza, Arturo Taracido, Wonemburguer, Calviño... e mesmo Portela Valladares, polo que, segundo Assía, tiña aprecio a pesar das súas diferencias políticas. En Londres foi socio do Instituto Español, fundado por Negrín en 1943, visitaba a miúdo a Biblioteca Británica. Tamén parece que se adheriu ao Consello de Galicia, cando este se crea o 15 de novembro de 1944 en Montevideo, pero, se o fixo, non se coñece o documento.

Regresará a París en xullo de 1945, logo da liberación do xugo nazi. Estes últimos anos, ata a súa morte o 17 de febreiro de 1950, permanecerá bastante retirado da actividade política, e moi distanciado do goberno republicano no exilio: a súa única participación é figurar na directiva do Bloque. Algún investigador inclúe a Casares, e a Portela Valladares, nun grupo de presión oposto á designación de Giral como Presidente do Consello de Ministros, sendo favorables a Negrín. A súa saúde, por outra parte, estaba moi resentida, tendo que pasar longas tempadas encamado. A morte da súa dona, Gloria Pérez, o 10 de xaneiro de 1946, foi un durísimo golpe.

A amizade de Casares e Somoza vémolos tamén nunha carta que o primeiro lle envía ao segundo, datada en París, 10-3-1949:

Este silencio (a falta de noticias sobre Somoza) empezou por chocarme y acabó por inquietarme muy seriamente; y más al ver que Alvarar –a quién le pregunté– tampoco sabía nada de V.; y muchísimo más al no recibir contestación de Esther, a quién yo había encargado se informase de las noticias que de V. hubieran podido recibir sus familiares...

En 1947 Casares adhírese á Homenaxe a Manuel Azaña no sétimo aniversario da súa morte. Entre as persoas que formaron parte da presidencia do acto (presidente da República, das Cortes e membros do goberno) estaba Alfredo Somoza, deputado: “Este, en representación, además, del ex Presidente del Consejo señor Casares Quiroga, que se encontraba indispuerto..”. Celebrouse na Sala Pleyel de París (AMB, FA, 6106: Folleto da Agrupación Departamental de “Izquierda Republicana” de París-Sena).

Foi soterrado en París, impedindo a súa filla, a actriz María Casares, a politización do acto por parte de representantes do goberno republicano no exilio (Ares, 1996: passim; Parrilla, 1995: passim; Casares, 198: passim; Grillo, 1998: 119-127; Estévez, 1999: passim; Vargas, 1999: 130 e 338, nota 5; Sixirei, 1987: 98; Valín Fernández, 1984: 176-220; Fernández Santander, 2000: 264-265, 268; *Repertorio*, 2001: biografía nº 342).

2.3.4. Xoán Xosé Plá Fernández

Naceu en Viveiro en 1906. Farmacéutico local e dirixente do “Partido Galeguista”. Durante a Guerra Civil foi delegado do corpo de Carabineiros, e colaborou en *Nova Galicia*,

editado primeiro en Madrid e logo en Barcelona. En Barcelona foi secretario de asistencia de “Solidaridade Galega Antifeixista”. Coa fin da guerra civil foxe a Francia, incorporándose ao maquis. Logo da liberación de Francia do xugo nazi, establécese en Montauban. Tivo un importante papel no nacemento do BRNG. Tamén estivo, ao parecer, na nómina dos servicios de información do PNV. En Francia tamén participou no “Frente Liberador Gallego”, vencellado á loita guerrilleira constituído en Toulouse a finais de 1944 e promovido por Líster e o PCE. Mantivo sempre unha liña de disconformidade coa actuación política de Castelao (*Nova Galicia*, 3 (5-5-1937), 1 e 14 (8-1-1938) 1; Seoane, 1985: 15; Álvarez, 1989:183; *Repertorio*, 2001: biografía nº 1533).

2.3.5. *Enrique Líster*

Chamábase realmente Jesús Liste Forján. Naceu en Calo (Teo, A Coruña), en 1907, e morreu en Madrid en 1996. Con a penas 12 anos emigra á Habana, regresando a Galicia en 1925. Dous anos despois volve emigrar a Cuba, ingresando no “Partido Comunista” dese país. Obligado a abandonar a illa, parte rumbo a Nova York, pero non pode desembarcar nesa cidade e segue ata A Coruña, onde será detido e encarcerado ata 1929. En 1931 ingresa no PCE e, ao ano seguinte establécese na URSS. Retorna a España con pasaporte portugués en 1935, sendo nomeado instructor das MAOC en Madrid. Ao comezo da Guerra Civil incorpórase ao “Batallón de Milicias Populares Gallegas” e forma o Vº Rexemento en xullo de 1936. Abandona España en 1939, e a través de París, inicia o seu longo exilio na Unión Soviética onde loita contra os nazis. En 1968 é expulsado do PCE e funda o “Partido Comunista Obrero Español”, regresando en 1977 a España. Publicou varios libros: *Nuestra Guerra. Aportaciones para una historia de la Guerra Nacional Revolucionaria del pueblo Español, 1936-1939* (1966), *Leninismo y oportunismo* (1976), *Memorias de un luchador* (1977), *¡Basta!* (1978); *Así destruyó Carrillo el P.C.E.* (1983) (Abellán, 1976, I:116; Máiz Vázquez, 1988:175; Álvarez, 1989:183-184; *Repertorio*, 2001: biografía nº 1058).

2.3.6. *José A. Paz Martínez*

Naceu na Coruña. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Durante a IIª Guerra Mundial incorporouse aos maquis no sur de Francia, acadando o grao de coronel e perdendo unha perna en comabate. En decembro de 1945 participa na fundación do BRNG, representando ao PCE (*Repertorio*, 2001: biografía nº 1419).

2.3.7. *Antonio Núñez Vázquez*

Nada sabemos da súa orixe. Membro de “Izquierda Republicana”, exiliado en Francia, participa en 1945 na fundación do BRNG, onde ocupará o cargo de conselleiro secretario (*Repertorio*, 2001: biografía nº 1344).

2.3.8. *Luis Vidal*

Tampouco sabemos nada da súa procedencia. Como os anteriores, forma parte do BRNG, representando ao sindicato socialista UGT (*Repertorio*, 2001: biografía nº 2080).

2.3.9. *Xosé García López*

Creemos que foi o secretario de organización de “Solidaridad Gallega Antifascista” (*Nueva Galicia*, 38, Barcelona, 25-4-1938, páx. 4). Representante de UR no BRNG.

2.3.10. César Alvajar Diéguez

César Xosé María Vicente Alvajar Diéguez na Coruña o 10 de xaneiro de 1892 e morreu en París o 6 de xuño de 1965. Era fillo de Vicente Alvajar Ostaned, natural de Adalinesca, provincia de Huesca, de profesión coronel de Infantería, e de Carme Diéguez Ulloa, natural da parroquia de Pravio, no veciño concello de Cambre. Bacharel en 1908, aos 16 anos trasladouse a Compostela para estudar Dereito, pero semella que o mundo xurídico non lle atraía moito, posto que dedicou máis tempo a escribir nun semanario que viña de contribuír a fundar, en 1911, xunto con Xaime Quintanilla, Ramón Rodríguez Mato e outros mozos, *La República*. Desta publicación dicíase: “sale cuando puede y es tan avanzada en sus juicios que hasta el propio Nakens (o director de *El Motín*) lo encuentra algo fuerte”. Colleitan Alvajar e os seus compañeiros denuncias e procesos. O semanario desaparecerá e Alvajar, logo de obter o título de profesor superior pola Escola Normal de Santiago, neste mesmo ano de 1911, regresará á súa cidade natal. Sabemos, sen embargo, que se licenciara en Letras, pola Universidade de Santiago, en 1913.



*César Alvajar na súa casa en París.
Arquivo Ana M^a Alvajar.*

A vocación polo xornalismo fará que traballe como redactor en *El Progreso* (1912) (aínda era estudante) e en *Tierra Gallega* (última época desta publicación). Volve ter problemas de denuncias e, nos sucesos da folga revolucionaria de de agosto de 1917 é encarcerado no castelo de San Antón; era director neste momento do semanario satírico *La Ciudad* (EN, 1-9-1917) e entra na redacción de *El Noroeste*, xornal que abandona para ingresar en *La Voz de Galicia*. Farase popular coas súas “Coplas del domingo”. En 1935 abandona o xornal. Foi tamén fundador do semanario republicano *Adelante*, onde escribía uns celebrados entremeses. Ademais das citadas, Alvajar colaboraría noutras publicacións, como a mugardeza *Democracia* (en 1912, asinando co seu nome e cun pseudónimo, Jules Zadig), *Acción Coruñesa*, *Marineda*, *A Nosa Terra*, *SER*, *Galicia* (editada en Madrid) ou a bonaerense *Lar*.

Ademais de xornalista, César Alvajar foi tamén funcionario do Concello da Coruña, alcanzando a categoría de xefe de negociado e actuando como secretario de Iglesias Corral na súa etapa na alcaldía. Tamén se ocupaba do *Boletín Informativo municipal* e foi presidente da “Asociación de Empleados Municipales”. Deu clases, así mesmo, no “Colegio Budén”.

En 1930, os seus amigos Henrique Hervada, Fernando Osorio e o libertario Benito Couceiro promoveron a publicación dun libro no que se recollían moitas das súas coplas, que saíu do prelo co título de *Voces al Viento*. Esta obra presentouse nunha homenaxe que se celebrou na “Reunión de Artesanos”, e á que asistiron destacadas personalidades. Non foi esta a única publicación de Alvajar; libros desta época coruñesa son o curioso *El espionaje alemán en las costas de Galicia* (1916), ou *El regionalismo gallego: origen, desenvolvimiento. Soluciones posibles* (1920) e *Estudio crítico del poeta Pondal* (1932).

Formou parte tamén da loxa masónica coruñesa “Pensamiento y Acción nº 11”; o seu nome simbólico era “Desmoulins”.

En decembro de 1933 é nomeado oficial da Academia Francesa; é o que coñecemos como “Palmas Académicas”.

Pero a súa actividade profesional non lle impediu participar activamente no movemento asociativo e político da cidade. Foi directivo da “Liga Antigermanófila” coruñesa en 1917, membro dun grupo antitaurino, presidiu en varias ocasións o “Casino Republicano”, formando parte noutras da súa xunta directiva, así como histórica “Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos”. Foi tamén vocal e logo presidente da sección provincial coruñesa da “Liga de los Derechos del Hombre” (1936) e destacado membro do comité directivo da Agrupación “A la Tercera República». Esta organización coruñesa fundouse o 12 de agosto de 1932; inicialmente, fíxose chamar “Frente Único Republicano”. Tiña como obxectivo combater a infiltración de elementos monárquicos nas estruturas republicanas e promover unha Terceira República, que querían que fose social. A Agrupación, que denunciou con dureza a tentativa golpista do xeneral Sanjurjo, pedindo para el as máis severísimas sancións, acabaría servindo de cobertura para a campaña antiestatutista promovida polos radicais e radicais-socialistas coruñeses (enmarcada na confrontación ideolóxica coa ORGA-FRG), debido a que no anteproxecto de Estatuto de Autonomía non se contemplaba claramente que A Coruña ía ser a capital de Galicia. A campaña, que durou un ano, foi visceral. César Alvajar sería alcumado, nestes meses, “Miss Capitalidad”. Sen embargo, a polémica esmoreceu pouco a pouco e, en 1936, César Alvajar é un dos oradores dos mitins a prol do Estatuto e forma parte da comisión de deputados e compromisarios galegos que entrega en Madrid, no Congreso dos Deputados, o anteproxecto de Estatuto de Autonomía.

Dirixente anteriormente da “Juventud Republicana”, durante a II República Alvajar foi presidente da organización coruñesa do “Partido Republicano Radical”, do que era o máximo dirixente Alejandro Lerroux, encabezando a súa póla esquerdista; era partidario de que este partido formase parte da conxunción republicano-socialista, postura minoritaria na organización. Por este partido foi candidato nas eleccións a Cortes Constituíntes de 1931, na chamada “Alianza Republicana”, non obtendo a candidatura ningún acta de deputado. Abandonará aos radicais en 1934, ao integrarse na facción de Diego Martínez Barrio, presidindo a sección coruñesa do “Partido Republicano Radical-Demócrata”, constituída o 29 de xuño de 1934. Esta fusionarase, tempo despois, cun sector do “Partido Radical Socialista” (o encabezado por Gordón Ordás) nacendo “Unión Republicana”, sendo presidente da agrupación coruñesa deste partido, constituída o 20 de setembro de 1935. Por uns sucesos acontecidos no “Casino Republicano” durante a revolución de Asturias de outubro de 1934 sería encarcerado e procesado, acusado do delicto de rebelión. O consello de guerra tivo lugar o 9 de marzo de 1935. Defendido por un dos seus amigos íntimos, Xosé Miñones, sería absolto. Con tal motivo, celebraríase no restaurante “La

Terraza” un banquete, que estivo presidido, entre outros, por Arturo Taracido e Xaime Quintanilla. En xuño de 1936 foi nomeado gobernador civil de Soria.

No que se refire á súa vida persoal, estivo casado en primeiras nupcias coa dirixente galeguista e republicana Rita Amparo López Jean, nacida en Vilaboa (Culleredo) o 30 de outubro de 1885 e falecida en Montauban o 12 de novembro de 1942 (segundo a partida de defunción francesa), nacemento do matrimonio cinco fillos (un deles, Agustín, faleceu a idade temperá) sobrevivindo catro: Amparo, María Teresa, Ana María e Francisco Javier. Casaría en segundas nupcias coa francesa Marthe Chardot, que falecería o 6 de setembro de 1955 en Besançon.

Deixamos a César Alvarar como gobernador civil de Soria, tarefa que lle encomendara expresamente Diego Martínez Barrio. Tenta inútilmente facer fronte á sublevación. Gracias á intervención dun militar consegue saír, na compañía da súa esposa e da súa filla María Teresa, da pequena cidade castelá cara Guadalajara e logo Madrid. A finais de agosto de 1936 desprázanse a Albacete, co obxecto de cumprimentar unha misión de confianza ás ordes do presidente da Xunta Delegada do Gobierno na rexión de Levante, Diego Martínez Barrio; regresan poucos días despois a Madrid.

Os seus correligionarios bótanlle unha man. Por exemplo, Manuel Torres, deputado a Cortes por Madrid, dirixe unha carta a Santiago Carrillo pedíndolle que atenda a César “porque es uno de los buenos y antiguos luchadores coruñeses” (Madrid, 7-11-1936).

A finais de 1936 encontramos a César Alvarar desempeñando o cargo de xefe da secretaría da Xunta Central de Defensa de Madrid. Disolta esta, prestará os seus servicios como xefe da Secretaría Xeral de Evacuación Oficial do ministerio de Sanidade e Asistencia Social, en Madrid, desde o 1 de maio de 1937. A finais de xullo deste ano César Alvarar, a súa muller e unha filla, trasládanse a Valencia, co obxecto de el prestar servizo no ministerio de Asistencia Social. Alí traballará como oficial da Oficina Central de Evacuación e Asistencia a Refuxiados, do Ministerio de Traballo e Asistencia Social. Toma posesión do cargo o 6 de agosto de 1937. Na capital levantina uniríase outra filla, Amparo, que aquí casará con Arturo Cuadrado, sendo o padriño de voda, como nos comentou Ana María Alvarar, o propio Castelao.

O 1 de abril de 1938 está en Barcelona, para traballar na Dirección Xeral de Asistencia Social. Pouco tempo despois, en xuño, traballa no servizo de información da Subsecretaría de Propaganda do Ministerio de Estado, na axencia “España”, como redactor desa axencia, e logo na Dirección Xeral de Asistencia Social do Ministerio de Traballo e Asistencia Social, na que será xefe da Sección de Prensa. Tamén, a petición do subsecretario do Exército de Terra, César Alvarar colaborará nas emisións de la “Voz de España” (Barcelona, 12-12-1938) (AMB, FA, 6115).

Durante a Guerra Civil publicará en xornais como *El Mercantil Valenciano*, *Propaganda*, *Informaciones*, *La Vanguardia* ou *Blanco y Negro*.

Estando a guerra incivil xa nos seus estertores, o ministro da Gobernación autoriza a César Alvarar, o 1 de febreiro de 1939, a trasladarse a Francia con outras persoas, cousa que conseguirá non sen bastantes dificultades.

A chegada a Francia significa ter que refacer a vida. Dado que en decembro de 1933 fora nomeado oficial da Academia polo goberno francés, solicita ao consulado de Francia na Coruña unha certificación, que lle é remitida. O documento, asinado polo cónsul de Francia na Coruña, aparece datado, nesta cidade, o 27-5-1939. Tamén destas primeiras semanas de exilio debe ser a autorización que o alcalde, o alcalde de Argelès-sur-Mer,

Departamento dos Pirineos Orientais, dalle para viaxar en tren durante varios días; on ten data lexible (AMB, FA, 6115).

En novembro de 1936 habita no refuxio masónico de Littry (Calvados). Coñecemos as peripecias ata chegar aquí por un escrito asinado polo seu amigo masón coruñés Jesús Mejuto, que fora o secretario de “Pensamiento y Acción nº 11” da Coruña, e que residía nestes momentos en Montauban. Mejuto, baixo a súa fe de mestre masón, certifica que César Alvajar, mestre de grado 4º, era masón activo e orador adxunto da loxa citada. Como Alvajar non tiña no seu poder a súa documentación masónica, Mejuto certifica que pasou con el a fronteira de Francia despois de fuxiren de Barcelona, dando garantías del aos irmáns masóns franceses en Perpignan, e pouco despois en Suterine, localidade onde permaneceu un tempo, ata que, para reunirse coa súa muller, se trasladou a Calvados mediante a axuda masónica. O documento aparece datado en Montauban o 20 de novembro de 1939. Outros dous masóns, Jaime Cardús Reig e Juan Carreras Salleras, mestres masóns da “Grande Loxia Rexional do Nord”, fan constar que coñecen perfectamente ao irmán que certifica (Mejuto) porque viron o seu título de masón expedido o 7 de outubro de 1929. Eran da loxia “Luz” de Figueras (AMB, FA, 6115).

Volvamos a Alvajar. Nunha carta que César envía ao dirixente republicano Fernando Valera (Vimoutiers, 25-45-1940), infórmao do que xa sabemos, que estivo refuxiado, ata marzo, en Littry. Xa rectificara o seu enderezo na JARE, recibindo algunhas cartas e circulares dese organismo. Neste momento, residía nos “Etablissements Laniel”, en Vimoutiers. Está disposto a embarcar, coa súa muller e dúas fillas, para México, pero que non dispón de medios económicos para as viaxes. Traballa de mozo de almacén, o que lle dá só para ir comendo, teñen roupa e zapatos gastados pero non poden mercar outros; non ten ningún auxilio económico, estando pendente da axuda que o JARE, co que se identificou desde o primeiro momento, tivese a ben outorgarlle.

Debeu ser cando residían en Littry cando Amparo López Jean escribiulle dúas cartas a Castelao, das que este dá conta nunha carta a Elixio Rodríguez (Nova York, 11-3-1940). Nelas, pedíalle diñeiro para poder sacar ás súas fillas de Galicia e levalas a Francia cabo dela. Castelao respondeulle que tivese paciencia e que si quería ir a América axudaríalle a arranxar os papeis; sobre o resto, non podía pedirle diñeiro a entidades que non eran todas galeguistas, ademais que con iso se agravaría o problema dos refuxiados (Castelao, 2000b: 347; Rodríguez, 1998: 238).

Na empresa “Manufactures de Toiles de Vimoutiers & Lisieus” (Vimoutiers-Orne) César Alvajar traballaría, na ocupación que el di, entre o 26 de marzo e o 11 de xuño de 1940. A súa muller, Amparo, farao, nas mesmas datas, como empregada de confección. E chega a ocupación alemana. En outubro de 1940 Alvajar e a súa familia téñense que trasladar a Vichy, onde permanecerán pouco tempo, sendo confinados posteriormente en Montauban. Conseguirá que a legación dos Estados Unidos Mexicanos en Francia lles facilite unha axuda (Vichy, 30-1 e 18-4-1941) e os acepte como emigrantes cara México.

O 1 de abril de 1942 César Alvajar será nomeado director da escola española patrocinada pola delegación de Montauban da “American Friends Service Committee” (Cuáqueros americanos). Exercerá este cargo ata o 9 de decembro de 1945.

O 25 de decembro de 1945 Manuel Torres Campaña, ministro do Interior do Goberno Provisional da República, declara que Alvajar viña de ser designado para dirixir os servicios de propaganda e prensa republicana española en París, onde debe residir. Pero debeu permanecer aínda algún tempo en Montauban; hai escritos, como o do pastor protestante

da parroquia de Montauban, referido a Alvar, que está datado nesa cidade o 7 de abril de 1946, así como un certificado masónico do que logo falaremos. Ademais, como logo veremos, a principios de 1946 creárase en Toulouse o BRNG, no que participa Alvar.

Nestes anos segue vencellado á masonería; así, sabemos que foi elixido 1º vixilante, nunha tenida celebrada o 19 de agosto de 1944, da loxia masónica “Franklin Roosevelt”, de Montauban, da masonería española no exilio.

Continúa Alvar desenvolvendo os seus traballos masónicos na mesma loxia. Coñecemos un certificado da citada “Franklin Roosevelt” de Montauban no que se indica que nunha tenida celebrada o 6 de decembro de 1946 César Alvar foi elixido de novo Primeiro Vixilante.

Sendo membro desta loxia, acude, como “garante de paz e amizade”, á inauguración doutra loxia composta por exiliados españois, a “España” –radicada en París-, pronunciando un discurso de salutación:

V.M. y hermanos:

Un especial mandato de la respetable logia Franklin Roosevelt, de los Valles de Montauban, me confía la misión de representarla en este solemne acto y dejar establecidas expresamente las relaciones fraternales entre aquel taller, creado con sigilo y cautela en los días sombríos de la ocupación germánica, y este otro que hoy se instala, a plena luz del día, en jornadas más favorables, ante un horizonte despejado, con todas las exigencias rituales y las ceremonias simbólicas de una rigurosa liturgia.

Me Pláce sobremanera transmitirlos el saludo y los parabienes de aquellos h.nos de Tarn y Garonne, y por mi cuenta he de añadir, con íntima satisfacción, que vuestros nobles anhelos de superación masónica, vuestros legítimos propósitos de dignificar y acrisolar nuestra Orden por lo que le toca a España, para conseguir que sea lo que debe ser -es decir, selección de varones austeros, abnegados y ejemplares, que no cofradía de ambiciosos y arrivistas- son gemelos de las aspiraciones que animan a la logia montalbanesa a la que tengo el honor de representar. Coincidencia agradable, que es ya un indicio de que, al fin, caminamos por la recta vereda que conduce a una sana y salvadora depuración; de que nos hemos decidido a que el único posible acceso a nuestro cívico Templo sea la puerta estrecha del Sinaí evangélico, por donde sólo puedan entrar los que vengan a cuerpo limpio, ágiles y escotos, con el corazón en su sitio y el espíritu bien dispuesto a los ejercicios de perfección, sin los bagajes del odio, sin los ambarazos lós del personal egoísmo y sin la enojosa impedimenta de la intolerancia y de los arraigados hábitos profanos.

Sólo si esta depuración y esta superación interna se logran, podrá la Masonería española emprender y acabar la tarea que en el orden nacional y en el internacional le compete, tarea de la que sería inoportuno trazar ahora ni siquiera los perfiles y de la que únicamente diré que, a mi juicio, no ha de ser apolítica como algunos dicen, sino más bien superpolítica en el más alto y también en el más profundo sentido del vocablo.

Y bien, V.M. y q.s hnos: Advierto que el lícito margen para el cumplimiento de mi estricto mandato está excedido. Termino felicitándoos y deseando a vuestra logia “España” una vida fecunda. Vuestro celo ritual, vuestra escrupulosidad litúrgica, vuestro cuidado del detalle son excelentes auspicios para quienes conocemos o poseemos la intuición del valor esotérico de esas fórmulas y ceremonias. Para algunos masones, desgraciadamente –tal fueron de anchas algún tiempo las puertas del templo- toda la Masonería se reduce a esas externidades, de las que ni siquiera alcanzan el sentido oculto. Pero yo sé que para vosotros y para nosotros, para la logia “España” y para la logia “Franklin Roosevelt” y, por fortuna aún, para otras logias y para muchos masones españoles, detrás y por encima de esas fórmulas y ceremonias, y por encima de todo, están las ideas inmortales, los valores eternos del espíritu, el ansia de paz, de justicia

y de progreso, lo permanente e imperecedero, lo que no se extingue ni se marchita; y esto es en suma lo que importa, porque en ello estriba la verdadera Masonería.

V.M. y q.s hnos: Que la liturgia resplandezca; pero que la Libertad, la Igualdad y la Fraternidad no sean palabras vanas.

Y este es el modesto mensaje que os aporto en nombre propio y en el de los h.nos de la logia de Montauban.

Segundo palabras do propio César, aproximadamente dende 1949 estaba retirado de toda actividade na masonería; así llo conta a Ramón Suárez Picallo (París, 18-5-1957) (AMB, Fondo Alvajar). Na documentación de Alvajar que puidemos consultar non ningún outro documento masónico que nos indique se pertenceu a algunha loxia en París ou se pasou oficialmente ao estado de “sono masónico” logo de recibir a “columna de retiro”, dado que tiña un grao superior ao 3º.

De tódalas maneiras, a tradición seguiu na familia. O seu fillo Francisco Javier, iniciado como “aprendiz” o 20 de decembro de 1959, acadaría, o 18 de abril de 1975, o grao 33, máximo grao masónico no rito escocés antigo e aceptado, o máis xeralizado: “Soberano Grande Inspector Xeneral”.

Como director de prensa, afecto aos servicios de Propaganda do ministerio de Gobernación do Goberno Republicano, Alvajar dirixirá o voceiro gobernamental, *La Nouvelle Espagne*. Non coñecemos a causa, pero terá problemas co Goberno republicano; Castelao falará disto nalgunha das súas cartas. E o propio Alvajar manifesta que puido sobrevivir gracias á axuda económica de amigos residentes en México. Pero a situación volverá a normalizarse. O 1 de setembro de 1947 Alvajar é nomeado redactor da Secretaría Xeral do Ministerio de Propaganda do Goberno Republicano. No verán do ano seguinte, 1948, é correspondente da publicación *Libertad*, órgano oficioso de “Unión Republicana”. Nestas alturas xa reside en París.

Nos anos cincuenta traballará como xornalista da “Axencia de Prensa Intercontinental” de Rafael Sánchez Guerra, aparecendo os seus traballos en xornais como *El Comercio* (Lima), *El Mundo*, *La Tribuna* (Lima), *Excelsior* (México), *El Universal* (Caracas), *El Mercurio* (Chile), *Mañana* (A Habana), *El País* (La Habana), *La Razón*, colaborando noutras publicacións republicanas, como *Cuadernos del Congreso para la libertad de la Cultura*, entidade promovida por Salvador de Madariaga. Tamén nesta década dos cincuenta colaborará durante varios anos na redacción do grande diccionario hispanoamericano *Nuevo Larousse Ilustrado*, preparando tamén traducións e varios artigos, sobre todo nos referidos á literatura española, no *Larousse Universal*. Colaborará tamén, en 1964, nun programa radiofónico da radio-televisión francesa, dando pequenas charlas en galego.

A mediados dos anos 50 preparaba unha antoloxía da poesía cívica galega, que sairía en edicións de luxo, para o que se puxo en contacto con destacados intelectuais galegos; publicaríaa Edicións “Monte Medulio”.

O 11 de decembro de 1956, con validez para dez anos, obtén a carta de residente privilexiado.

En 1963 dirixe *República*, órgano de “Acción Republicana Democrática Española” (ARDE), sendo nomeado para o Consello Nacional desta organización.

(Ver: AAMA; AMB, FA, cartas e docs. varios; Alvajar Diéguez, 1930; Alvajar López, Javier: 1989, 1990, 1991, 1993; Alvajar López, Ana María, 2000, 2003; Pereira Martínez,

1998, 1999, 2001a, 2001b, 2002; Pérez Alvajar, 1995; Dobarro Paz, 2002: 455-466; Valín Fernández, 1984: 229-248; Lamela García, 1991: 312-326; Alfeirán Rodríguez e Romero Masía, 2001).

2.3.10.1. *Castelao e César Alvajar*

Na correspondencia de Castelao achamos varias referencias a César. Esta circunstancia non é estraña, xa había moitos anos que Castelao mantiña amizade con Alvajar. Non en van, a dona deste, Amparo López Jean, como xa dixemos, fora dirixente do “Partido Galeguista”.

Nas primeiras cartas de Castelao a Alfredo Somoza –instalado nestes momentos en París, logo de conseguir fuxir- vemos que sempre pregunta a este, que fora a visitalo, por César: *Dalle un forte abrazo a César, que é un gran rapaz, con quen pasei horas de pureza n-un meio que me afogaba. Coido que seguirá como cando eu saín d-ahí...* (Castelao, 2000b: 683, carta de ca. novembro de 1947; Sixirei, 1987: 79).

Noutra carta datada o 29 de decembro de 1947 di Castelao: *Dalle moitas apertas a César, de quen moito me lembro e a miña muller tamén. Suñoño que seguirá cesante a pesares dos seus méritos e as promesas que recibeu...* (Castelao, 2000b: 688; Sixirei, 1987: 82).

Noutra misiva (Bos Aires, 27-1-1948), manifesta Castelao respecto a Alvajar:

Penso tamén en César. Parece mentira que se porten con él como se portaron. Advírtoche que eu evitei que lle fixesen unha falcatuada no tempo de Giral. Por eso che perguntei, pois a min parecíame que non-o ían ademitir máis e que as promesas que lle facían eran finxidas. Esas economías d-agora compréndoas ben, pois sei a cuantía dos fondos de que dispoñían cando caíu Giral. Dile a César que sinto no corazón este contratempo, e dalle un abrazo meu e saúdos de Virxinia que se lembra moito d-él. E cómo non imos lembrarnos, se él foi tan bo amigo ahí, onde tan poucos atopamos.. (Castelao, 2000b: 698; Sixirei, 1987: 85)

Algo deste problema traloce nunha carta que Alvajar -que vive no nº 78 da rúa de Assas- dirixe ao director de Yder Presse (París, 10-11-1948) (AMB, Alvajar, cartas). Nesta misiva comenta que lera no boletín do día 6 do corrente a réplica que publicarán ante as apreciacións da prensa franquista española sobre o suicidio do xornalista Fabián Vidal -ao parecer a consecuencia da morte da súa filla-. Alvajar coñecera a Vidal en Barcelona vivindo en circunstancias moi difíciles, e que, mentres calquera responsable de Comité tiña coche a súa disposición, el, que andaba mal, nada. Di que o ten comentado nese momento barcelonés co pobre Endrina (ou Endriva), con Abraham Polanco e outros amigos que traballaban na Sección de Información do Ministerio de Estado. Dille que despois soubo que en Francia, en Marsella, non fora moito mellor tratado Enrique Fajardo. Queixase de que aos políticos non lles faltou de nada, mentres que aos xornalistas non lles deron case nada: “Y en el fondo, cualquier diputado por casualidad, sin ortografía ni sínderesis, les ha mirado un poco por encima del hombro, como a un “pobre chico de la prensa”, o así..”.

Dille que quizais pense, maliciosamente, “este hombre habla así un poco resentido o dolido por casos que le han pasado y en los que nada tenemos que ver”. Pero di que el non quere que un día lle digan que estivo calado.

É de supoñer que Castelao tería falado con Alvajar do Consello de Galicia na súa estadía como ministro en París. De feito, xa na altura de 1948 Castelao pensaba na persoa

de Alvajar para ocupar o cargo de delegado do Consello en Europa; en carta a Alfredo Somoza (Bos Aires, 20-9-1948):

Xa pensamos en César Alvajar. En Franza hai tres deputados galegos e non contamos con ningún d-eles, nin con Portela. Alí hai un tal Plá, galeguista, que somentes sirve para armar líos -ese foi sempre o seu oficio- i estou seguro que llos armaría a César. Temos, de por parte, a Lister e os seus partidarios galegos (César non se pudo librar d-esta nefasta influencia). O ano que pasei en Franza fíxoseme interminabel a causa dos maquiavelismos comunistas, que contaban co apoio do pequeno grupo galego que alí eisiste. O Plá está entregado a Lister e non cesa de escribir ao interior contando mentiras, injuriando a calumniando a todos cantos non lle fagan caso a él. Foi por esto que eu fun o único Ministro que non tiña segredario. Pero, a pesares de todo elo, César Alvajar podía prestarnos un gran servizo e poderíamos, de paso, axudalo. Para eso vou a esplicarche o Plán que estamos estudando. Coma xa che dixen máis arriba, o movemento federalista europeo ocupa a nosa atención e o discurso de César na Sorbonne, falando en nome de Galicia merece o noso sincero aplauso. Será ben observar que os comunistas están fora do movemento federalista europeo e que César Alvajar arrédase d-eles pol-o feito de ser federalista e levar a voz de Galicia n-esa custión. Pois ben; pensamos dirixirnos ao goberno vasco e ao Presidente catalán (que e o único que queda do goberno de Cataluña) a fin de entendernos con eles para aitar conxuntamente, en nome dos tres pobos, no movemento federalista europeo. Propoñeremos a constitución d-un soio Comité federalista ou a constitución de calisquer outro órgano representativo dos países autónomos de España, a fin de proclamar ante Europa os nosos ideais federativos dentro do Estado a que pertencemos, pois, en verdade, mal pode ofrecer ningunha garantía de armonía exterior un Estado que se nega a armonizar a súa propia diversidade nacional. O noso proeiro será espuesto, non por unha simple carta, senón por un documento esteno, no que figurará o dereito de Galicia á súa autonomía. As probas hestóricas da súa vontade federalista, a competencia do Consello de Galicia para representar no exterior a vontade do noso país e os razonamentos que aconsellan a unión dos tres povos para presentarse ante o Comité de coordinación do movemento europeo. Doado é comprender que o federalismo dos socialistas e republicans hispanos non é o noso, nin moito menos. Pode ocorrer que eles entendan que Hespaña debe federarse como Estado unitario e que o seu federalismo interior sexa provincial, poño por caso, co que resultaría unha Galicia esnaquizada en catro Estados (eu prefería que Galicia fose unha soia provincia dentro d-un Estado unitario, porque así manteríase, anque simbolicamente a unidade do país galego). En fin; non ahonda chamarse federalista, é preciso saber qué tipo de federación se desexa. Todo estos, e moitísimas máis consideracións, aconsellan o entendemento de vascos, cataláns e galegos para unha situación conxunta, e non separada, como veñen facendo os vascos. Isto non é Galeuzca -que comprometería á representación vasca e catalán ao extremo de restarlle a independencia de que veñen usando na acción política os demais hespañoes. Non; o compromiso limitase aos efectos de aparecer ante os federalistas europeos como a representacións d-unha Hespaña capaz de comprender a limitación da súa soberanía en favor da Unión mundial, posto que empeza por defender as autonomías nacionaes dentro da armonía d-un soio Estado hispano. Si a nosa proposición fose captada, entón nomearíamos a César Alvajar como delegado do Consello de Galicia en París aos efectos de integrar o Comité de órganos conxuntos. En canto eu poida redaitar ese documento, mandareicho para que o estudes, enmendándoo, pois eu atreverei-me a pedirche que nos acompañes, se n-elo non tiveras inconmenente... (Castelao, 2000b: 727-729; Sixirei, 1987: 100-104).

3. A DELEGACIÓN DO CONSELLO DE GALICIA EN EUROPA

A creación da delegación en Europa do Consello de Galicia e das “Irmandades Galegas” a penas ten sido tratada na historiografía. Só un dos protagonistas deu a coñecer, en tres artigos de desigual extensión, este tema (Alvajar López, Javier, 1989: 125-136; 1990: 175-

206 e 1991: 141-202). Outros autores, nas súas memorias ou lembranzas, tamén se teñen referido a el, moi brevemente (Tobío, 1994: 594-595; Cupeiro, 1989: 151, 165).

O illamento dos galegos de América, afastados dos ámbitos de decisión política, situados en Europa, concretamente en París, onde se instala o Goberno Republicano no exilio, e a falta de información do que se estaba tecendo polos partidos republicanos, provocou que o Consello de Galicia, creado o 15 de novembro de 1944, se decidise por nomear un delegado en Europa.

Xa o “Partido Galeguista” no interior defendera que o Consello de Galicia –que consideraban algo temporal- se trasladase a París. E barallaban a figura de Plá, co que Castelao, como vimos, non sintonizaba, como delegado do partido en Francia (Castro, 2000: *passim*).

Logo da súa chegada ao Uruguai, e do falecemento de Castelao, Somoza manterá correspondencia con Alvajar informándolle das actividades en América e do papel que pode xogar Galicia en Europa. Así, nunha carta de Alvajar a Somoza (París, 7-4-1951), alégrase de que por fin (o Consello de Galicia) se decida a facer algo en Europa). Dille que lle parece fundamental que Galicia se incorpore ao Movemento Europeo, e que xa falara con Fernando Valera para asesorarse, acollendo a idea con interese. Valera, factor importante da Unión Liberal Internacional, quería equilibrar un pouco a moi acusada intervención vasca. Alvajar dille a Somoza que se constitúen a sección galega da Internacional todo sería máis doado; deberíanllo comunicar logo a Julio Just. Sobre a posibilidade de que o delegado designado fose Plácido Ramón Castro, amósase compracido: “Para eso y para otras cosas yo me pondría al habla directamente con Plácido Castro, que es persona con quien me entiendo a las mil maravillas”. El reconece que non pensara en Plácido porque sempre se miraba en América. De feito, suxerira a Blanco Amor (Alvajar López, Javier, 1990: 175-176).

Este mesmo día escribelle a Antón Alonso Ríos, explicándolle que envía o informe solicitado. Envíalle tamén un recorte do acto da Sorbona. Sobre o nomeamento de Plácido Rodríguez Castro como embaixador en Europa, maniféstalle o seu total acordo:

Creo que no se podía encontrar una persona más adecuada. Plácido me parece un muchacho maravilloso y no sé como no se me ocurrió proponérselo. Acaso porque al hablar de gallegos se piensa siempre en América y no se le ocurre a uno dirigir el pensamiento a Londres. Plácido es un buen gallego, una excelente persona y un buen amigo del que guardo recuerdo inmejorable. Formó parte conmigo del Frente Popular en la Coruña en momentos difíciles y hasta cuando andaba yo un poco esquinado con los galleguistas (refírese á época da Agrupación A la Tercera República e a súa campaña contra o Estatuto porque non recoñecía á capitalidade a A Coruña) nos llevamos siempre bien porque el se daba cuenta de la buena intención que me animaba... (Alvajar López, 1990: *ibidem*).

No informe que lle solicitan (fáase celebrar unha xuntanza en Montevideo), que envía anexo, datado o mesmo día, Alvajar suxírelles que, aínda que o Consello de Galicia debería estar en outros organismos, o prioritario era pertencer ao “Movemento Europeo”; neste sentido, conversara co vicepresidente do Goberno republicano no exilio, Fernando Valera, membro activo desa organización.

Pasa a continuación a informalos que o “Movemento Europeo” estaba composto polo “Consello de Europa”, nacido da asemblea de Estrasburgo por iniciativa de Churchill, e que era unha organización oficial de Estados que contaba cunha asemblea e un comité

executivo; ao “Consello de Europa”, logo, só podían pertencer Estados. A España franquista non fora admitida, polo que o seu posto estaba vacante e reservado. A fin principal do “Consello de Europa” era a creación dos Estados Unidos de Europa sobre bases liberais, democráticas e progresivas.

Pero paralelamente a este organismo oficial, existía un movemento, extraoficial pero oficioso, en conexión con el, e patrocinado tamén por Churchill, e secundado por organizacións de Bélxica, Dinamarca, Francia, Finlandia, Alemania, Gran Bretaña, Grecia, Holanda, Italia, Luxemburgo, Noruega, Suecia, Suíza, Turquía, Estados Unidos de América e “Comité de Liberais Desterrados”. A este movemento había que inscribirse colectivamente, como sociedade ou grupo. Existían varias correntes no mesmo: socialista pro-Estados Unidos de Europa; movemento federalista europeo, movemento cristián – cree que se chamaba “Nuevos Equipos”- e a “Unión Liberal Internacional” (sección europea), ademais de outros que non cita.

Coméntalles que esa “Unión Liberal” quería constituírse como unha verdadeira “Internacional Liberal”, e que era a máis dinámica e con máis influencia no Movemento. Celebraba congresos: o último fora en agosto do ano pasado en Stuttgart e neste agosto celebraríase outro en Upsala (Suecia). Explica un pouco a súa estrutura. Di que a raíz das conclusións de Stuttgart, fóranse creando en cada nación das mencionadas un consello nacional do “Movemento Europeo”, que era extraoficial pero en contacto co “Consello de Europa”. Este consello nacional do “Movemento Europeo” estaba presidido por Salvador de Madariaga, “liberal auténtico, aunque republicano tibio, y persona muy bien considerada en los medios internacionales, que reconocen sus indudables merecimientos–, formando parte do mesmo personalidades como Rodolfo Llopis, Julio Just, Pi Suñer, Lasarte ..., entre outros.

Dilles que o máis práctico sería formar en Arxentina unha sección galega da “Internacional Liberal”, (que nombra como representante y embajador en Europa a Plácido R. Castro, gran gallego, excelente persona y magnífico amigo mío, que a todas estas condiciones une la de estar admirablemente situado en Londres, al lado de la cocina en que guisa el Sr. Madariaga, circunstancias que hacen de él la persona ideal para el caso). Infórmaos que deben dar conta desa constitución a Julio Just, pero tamén lle remesarán copia a Fernando Valera. Explicálles tamén os custos económicos da integración. Dilles que sería interesante que creasen seccións da “Unión Liberal” noutros lugares de América (Uruguai, Cuba..) para así teren máis forza, xa que neses países non había ningún organismo vencellado a esta. Fálalles do boletín galego a editar en Europa, que estaría centralizado na dirección de Plácido Castro, ao que el axudaría.

Cóntalles, por último, outras novidades que se estaban producindo en Europa (nacemento do “Colexio de Europa” en Bruxas, en fase de formación), o centro especial de cultura europea en Xenebra...). Tamén lles di que en París existía unha “Union Francaise des Federalistes”, a un dos congresos da cal tiña asistido. Por outra parte, en xuño íase celebrar unha asemblea da UNESCO, na que ía participar a España franquista; pero como era cousa oficial, nada había que facer, aínda que para informarse ofrécese a asistir se lle envían unha credencial de xornalista dalgún xornal de América. Xúntalles en correo ordinario o manifesto dos liberais redactado na conferencia internacional celebrada en Oxford en 1947, os acordos da asemblea da “Unión Liberal Internacional” de Stuttgart en 1950, un exemplar de *World Liberalism* e outro de *The Third Force*, órganos do “Movemento

Liberal” e unha tarxeta de membro individual da “Unión Liberal Internacional” na que aparecen instrucións e enderezos.

Logo do pasamento de Somoza, Antón Alonso Ríos escríbelle a Alvajar (Bos Aires, 2-3-1953) (AMB, FA, cartas). Coméntalle que teñen un pouco postergado o asunto de Europa, pero que lle queren prestar a debida atención. Cóntalle o do telegrama enviado polo Consello de Galicia ao congreso da UNESCO referido á España franquista; por último, infórmao das actividades que realizan en América: teñen previsto publicar unha enciclopedia galega de Francisco Lanza.

Tamén neste ano é visitado en París por Paco del Riego, que comenta:

O mesmo devezou (que Manuel Martínez Risco) por saber cousas do noso país amosoumo César Alvajar. Fora director da revista “La Nouvelle Espagne” e, cando nos vimos no modesto piso parisino que habitaba, encomendáranlle a preparación tipográfica duna importante obra. Tratábase duna edición de luxo con poemas de Pondal, de Curros e de Rosalía, que ilustraron Colmeiro, Laxeiro e Lobo... (Fernández del Riego, 1990: 293).

De novo ponse en contacto Alonso Ríos con Alvajar. A consecuencia dos moitos traballos, tiñan un pouco abandonado o asunto da representación galega ante organismos internacionais afíns, pero que as indicacións que Alvajar lles fixera parecíanlles axeitadas; non coñecían, sen embargo, ningunha persoa en Europa que se puidese facer cargo da representación, suxeríndolle que quizais a el lle resultase máis doado, aínda que non asumise a total representación. O Consello estaba de acordo coa importancia de París como foco de irradiación e axeitado punto neuráxico pra tomar o pulso a totalas correntes de opinión e movementos políticos. Por iso o choio da representación conquire pra nós o máis outo intrés. Mándalle algúns exemplares do documento que foi presentado a UNESCO, na súa asemblea de Montevideo, denunciando a persecución do noso idioma, pregándolle que o difundira (-carta de 28-3-1955- AMB, FA, cartas).

Un ano despois, en carta de Alonso Ríos a Alvajar (Bos Aires, 11-3-1956) (AMB, FA, cartas), este infórmao que están preparando un congreso da emigración galega en América, prometendo remesarlle axiña o temario, que fora redactado por Lois Tobío, e pregándolle que o puxese en coñecemento de vascos e cataláns, e convidándoo a presentar achegas. Pouco despois recibe Alvajar unha carta (Bos Aires, 8-6-1956), de Manuel Puente (presidente) e Francisco Regueira (secretario xeral) informando do Congreso da Emigración, convidándoo tamén a colaborar (AMB, FA, cartas).

A cousa seguía sen callar e, en carta dirixida a Alonso Ríos (París, 2-4-1956), ante a insistencia do Consello de Galicia para que aceptase o cargo, Alvajar propón a Salvador Etcheverría (neste momento ministro de Información e Propaganda do Goberno Republicano, e ao que só vira nunha xuntanza de “Unión Republicana” desde que chegara a París –debido ás ocupacións de Alvajar-) para o cargo. Cóntalle a súa dura situación persoal (a súa segunda esposa falecera poucos meses antes, e tiña que traballar moitas horas ao día), e que non ambiciona para nada o cargo de delegado, cousa que non faría nin aínda que estivese en condicións, *entre otros motivos, porque disiento de la generalidad de ellos* (dos galegos) *en la manera de enfocar y considerar el problema gallego* (Alvajar López, 1990: 176-177). A posición de Alvajar, como vimos comprobando, era a prol dunha activa presenza galega en París e Europa, mentres que os galeguistas traballaban moito en tarefas de tipo cultural que a el non lle parecían prioritarias; como di nesta mencionada

carta, *yo sigo con mi tema. Soy hombre de una sola tecla. Todo lo que hacen los gallegos en América es magnífico y Plausible. Pero no tiene la menor resonancia europea.* Nesta misiva di que se algunha comunicación enviaba ao Congreso da Emigración sería neste sentido.

Pero Etcheverría non quixo aceptar, ao considerar o cargo de Delegado incompatible co que ocupaba no Goberno no exilio.

En febreiro de 1957 é Ramón Suárez Picallo o que volve a insistirle a Alvajar para que acepte, dicíndolle que conta tamén co apoio de Abraira, de Alonso Ríos, de Manuel Puente e outros dirixentes. Por outra parte, a relatorio que César enviara ao Congreso fora estudiada directamente polo Consello de Galicia, concordando coas súas conclusións (Alvajar López, Javier, 1990: 177-179).

O 25 de abril remite Suárez Picallo outra misiva na que, ademais de explicarlle máis detalladamente cales serían as funcións da delegación en París, insístelle na súa persoa:

Sin menosprecio das persoas de que ti me falas na túa carta, insistimos en que ti, e solo ti, podes e debes ser o representante de Galicia en París.- Coido saber que os demais teñen todos posición tomada en canto a política de partido, cousa que os inhibiría en parte pra aytuar como nós o desexamos. Pol-o demáis eiquí todos nos “encariñamos” coa idea de que sexa ti por moitísimas razóns. En primeiro termo por ter sido ti o único que se preocupou do problema.

Coméntalle Picallo a existencia de xuntanzas das forzas republicanas, políticas e sindicais, de cara a «unha aituación conxunta en posibels acontecementos políticos -a caída de Franco entre eles- na Península e a substitución provisional do réxime deica a reestructuración do novo, democrático, etc., resultado dunha consulta eleitoral libre e con garantías». Esta reunión que menciona Suárez Picallo é o xermolo da que logo se denominaría «Unión de Fuerzas Democráticas». A estas primeiras xuntanzas asistiría un galego, Salvador Etcheverría, pero en representación de “Unión Republicana”; Picallo envíalle a Alvajar un informe estritamente confidencial no que se di que non se debe mencionar nunca a Etcheverría (Alvajar López, Javier, 1990: 180)

Alvajar acusa recibo desa carta noutra que lle envía a Suárez Picallo (París, 8-5-1957) (AMB, FA, cartas). Pon no seu coñecemento que a finais de febreiro chegaran a Burdeos uns representantes da resistencia española -“vamos a llamarle así para simplificar”- entrevistándose alí cunha delegación dos emigrados políticos. Os chegados de España e os que desde París e outros puntos de Francia se achegaran a Burdeos, tiveran unha xuntanza na que se intercambiaron documentos e puntos de vista: os de España entregaron unhas preguntas para que os outros as meditaran e contestaran. Non foron moitos, sete ou oito, os asistentes, e a xuntanza fora cordial. Como consecuencia dela, e para analizar o das respostas, celebrárase outra en París, a finais da primeira decena de marzo ou comezos da segunda, nos locais do Goberno republicano. Nela decidiuse o documento -do que Alvajar lle manda o recorte-. Asistiran as persoas que o asinan e outras das que se reservaban os nomes por estimalo así prudente: non se quería comprometer certas actuacións activas. Ás dúas xuntanzas assistira un galego, aínda que non en calidade de tal, “sino con otro carácter y función, que le impedían “desdoblarse” para hablar de Galicia, aparte la consideración de que para ello no tenía ningún mandato” (referíase a Salvador Etcheverría, ministro de Información e Propaganda). Na xuntanza non se falara de Galicia, crendo Alvajar que tampouco de Euskadi e Cataluña -tal como se deducía do documento-, pero agardaba que os cataláns o informasen.

Respecto da posición do Goberno republicano -Picallo informáralle da conversa que mantivera con Gordón Ordás, que vía con bos ollos o asunto, dando o seu beneplácito á figura de Alvajar- este dille que esa postura era coincidente coa que lle expresaran os ministros Fernando Valera e Salvador Etcheverría, cos que falara había uns días. Os ministros

...me aseguraron que el representante gallego tendría de parte de ellos y de todo el Gobierno el apoyo y las facilidades máximas para realizar una labor eficaz. Y con tanta vehemencia me animaron a que aceptase vuestro encargo, asegurándome su simpatía y la colaboración necesaria, que quebrantaron un poco mi decisión de continuar retirado en mi casa y en mi vivir de viejo, con achaques, quebranto que se acentúa ante tu cariñosa insistencia y la de esos amigos. Entro, pues, a considerar la posibilidad de hacerme cargo, si esa fuere vuestra decisión, de vuestro honroso mandato, y dentro de este mes –lo antes que pueda- os haré conocer mi decisión y condiciones, para fijar las cuales necesito antes aclarar algunos puntos que se refieren a mis actuales ocupaciones y hasta a algun aspecto familiar. Ni que decir tiene que si a ello me decido es para poner toda la carne en el asador, hasta donde mis fuerzas me lo permitan, tanto por el amor que la causa de Galicia me inspira y el deseo de reparar la “inacción” europea de estos años, como porque el corazón me dice que esta será ya mi última aventura. El dolor de la pérdida de mi mujer lo llevo muy en el alma, y aprovecho este suspiro para darte y daros las gracias por vuestras palabras de solidaridad y de consuelo....

Mentres segue pendente de tomar unha decisión definitiva, Alvajar mantén o contacto con Picallo. Escríbelle unha nova carta (París, 13-5-1957) (AMB, FA, cartas), na que lle informa que xa se entrevistara con Sauret, representante de Esquerra catalana. Ao parecer, sí se falara na reunión do tema nas nacionalidades, aínda que sen entraren no fondo do asunto. Dille que axiña daralle a resposta definitiva sobre a súa aceptación ou non do cargo de delegado, e que se alegra que sexa el que de antigo me conoces personalmente, la persona a quien haya de confirmar en este caso, pues aparte mi sincera estimación y cabal aprecio de tu talento –y no hay halago- creo que eres un convencido de la razón que me asiste en pretender que Galicia esté representada en Europa. Desde 1947 vengo diciéndolo y ahora los hechos vienen a darme plenamente esa razón...

Días despois, o 18 de maio de 1957, Alvajar exponlle a Picallo as condicións para aceptar a delegación do Consello de Galicia e das Irmandades en París. Logo de reiterarlle que en ningún momento pensara nel mesmo, senón en Galicia, dada a importancia que esta representación podería ter, infórmao que, debido ao delicado da súa saúde, agravada emocionalmente logo do falecemento da súa segunda esposa, visitara a un cardiólogo, que lle prescribiu un tratamento levadizo. Sobre a súa situación persoal, é máis ou menos cómoda. Posuidor das “Palmas Académicas” francesas desde 1932, dispuña de pasaporte de “residente privilexiado”, e tiña moi boas relacións con medios franceses, especialmente cos protestantes, aos que cualifica de “elite”. Vive nunha casa decorosa, o uso da cal herdou da súa defunta muller. Politicamente é independente e, aínda que segue sendo membro de “Unión Republicana”, non pertence nin a directivas nin comités; mesmo, desde 1949 aproximadamente, estaba retirado de toda actividade na masonería. Mantiña moi boas relacións co Goberno republicano –a pesar da falcatruada que lle fixeran- e, aínda que non tiña ultimamente moita relación con vascos e cataláns –debido ao seu traballo- non esperaba ter problemas. Valora como un contratempo a súa idade, 65 anos, e a súa cada vez menor “diplomacia” –cousas da idade-. Sempre tivo un traballo confesable e honrado, e pasara unha tempada moi difícil (finais de 1947 e comezos de 1948) –a dos

problemas co Goberno-, na cal o axudaran amizades que tiña en México. Nesos momentos, confésalle, quedou moi decepcionado cos vascos, que Castelao lles presentara, que se comprometeran a botarlle unha man, pero todo quedara en nada; por iso, consideraba que a representación galega debía ser digna: «...se trata de eficacia, y no de vanidad, que no tengo ninguna. Orgullo puede que sí. Y ya ves que hago una confesión pública. La representación gallega, quienquiera que la ostente, tiene que estar, salvo en el número de personas, al nivel y a la altura de las otras».

Logo doutras consideracións sobre cousas que se podían facer para difundir a imaxe de Galicia, infórmao que se vai crear un novo Ateneo español, que o convidou a dar unha conferencia no próximo outono, escollendo el como tema a Pondal. Dille a Picallo que pode contar coa axuda do seu fillo, Francisco Javier, que tamén vive en París.

Sobre o aspecto económico, vive sen luxo, pero con folgura. Traballa na axencia de prensa de Sánchez Guerra, colabora con “Larousse”, facendo traducións, e é corrector de orixinais, probas, axustador, etc., na sección española de publicacións do “Congreso pola Liberdade da Cultura” (entidade fundada en 1950, que editaba a revista Cuadernos, na que colaborou Alvajar). Para poderse facer cargo da delegación non podería traballar no Congreso –co cal perdería a Seguridade social-, podendo recadar nos outros empregos uns 50 ou 60 mil francos, pero para poder manter a Delegación con dignidade e os mínimos requisitos –un secretario por horas, gastos de correos, viaxes, etc.- precisaríanse outros cen mil francos. Por último, volve insistir na necesidade dun boletín da Delegación, para dar a coñecer Galicia (AMB, FA, cartas).

Picallo respóndelle o 20 de agosto de 1957 (AMB, FA, cartas). O Consello de Galicia estaba totalmente de acordo co seu enfoque, pero aínda tiñan que resolver o problema do financiamento: non podían garantir, de momento, un envío regular. Ademais, viñan de gastar moito diñeiro no Congreso da Emigración e na publicación das actas. Picallo pídelle paciencia, e que non perda os fíos que xa teña tomados. Comunícalle que axiña lle mandarán as credenciais e coméntalle que estiveran con Salvador de Madariaga en Bos Aires; viñera conferenciar traído polo “Congreso para la Libertad de la Cultura”. Aínda que ratificara a súa posición liberal-monárquica, amosara grande respecto polos republicanos pragmáticos, atacando duramente ao franquismo nas súas intervencións públicas. O Consello mantivera con el unha cordial entrevista, explicándolle o punto de vista de Galicia, ratificándose Madariaga na súa posición federalista:

...en base a unhas Hespañas plurales e manifestouse moi de acordo co texto do Estatuto galego no tocante á personalidade autónoma da parroquia no municipio e do municipio no réximen, e decir unha democracia de abaixo para riba. En fin, nós quedamos contentos –continúa Picallo- de habel-o informado, dado o significado universal da súa personalidade, í-a sua condición de galego da que fixo alarde en público i-en privado..

Contesta Alvajar (París, 4-9-1957), dicíndolle que vén de pasar unhas pequenas vacacións en Besançon. En xullo estivera en París co doutor Antonio Baltar, que, aínda que parara pouco na cidade, poderíaos informar de como era a vida alí. Celebra que o Consello lle ordenase a “Galaxia” o envío de libros:

Hasta creo que podré compensar su esfuerzo comentando favorablemente en “Cuadernos” o en alguna otra publicación algunos de sus libros más recientes, y me consta que estos comentarios, no por quien los hace, sino por llevar el marchamo de París, tienen con frecuencia eco y efectos.

Encol dos comentarios sobre a visita de Madariaga, di que é alta personalidade do “Congreso pola Liberdade da Cultura”:

Hombre indudablemente liberal y de indiscutibles talentos y méritos, nunca sus entusiasmos republicanos fueron muchos, y él lo confiesa; pero estimo, con todo, que es persona cuyas actividades y prestigio no deben desaprovecharse...

Aínda que el non o trata –só algún saúdo ocasional- é moi amigo de Valera, y cuando fuere necesario puedo “entrarle” por ese lado.. (AMB, Alvajar, 6125).

O 29 de setembro volve escribirlle a Picallo (AMB, Alvajar, cartas) comunicándolle o falecemento de Salvador Etcheverría. Comenta que uns días antes do pasamento estivera falando con el:

Su pérdida es dolorosa por doble concepto: el de la amistad primero, y luego porque aunque no representaba a Galicia concretamente en el gobierno, era dentro de éste un aliado. Es un apoyo menos y ello agudiza los efectos de la carencia gallega en París.

O seu fillo Javier e o ministro Julio Just organizaran o acto de enterro, no que el pronunciara o discurso fúnebre, “en el que acentué la nota gallega todo lo necesario, hablando en nombre “de los gallegos”; logo interviría o presidente do Goberno, Gordón Ordás. Enviou unha coroa de flores e aloxou a Carlos Etcheverría, fillo do finado, na súa casa. Falou brevemente con Gordón Ordás, ao que lle tiña solicitada unha entrevista, amosándose este “bien inclinado con relación a nuestras cosas”. Coméntalle que non faltaban elementos hostís na emigración, pero que tendo a simpatía do Goberno non lle preocupaba. Cántalle que lle escribiu a un escritor francés, Marc Bernard, que publicara en *Le Figaro* uns artigos sobre Galicia, agradecéndolle o francés a carta e convidándoo a participar nunhas emisións de radio que dirixía. Tamén Landáburu enviáralle a un profesor universitario que quería facer un libro sobre o rexionalismo galego; pensaba axudalo, porque era importante, xa que aínda era poucas as persoas os que se preocupan por Galicia.

De novo ponse en contacto epistolar con Suárez Picallo. Non puidera falar con Gordón Ordás, xa que unha gripe o retivo na casa. Por tal motivo tampouco se entrevistara con Josette Levy, unha parisina que estivera en Galicia en 1956 facendo a tese sobre Emilia Pardo Bazán, e que lle recomendara Juan Naya. No aspecto laboral, ía empezar un novo traballo para “Larousse”, pero, aínda que non tiña demasiada presa, agardaba que o informasen de como estaba o asunto do financiamento económico da Delegación en París (París, 12-10-1957: AMB, FA, 6125).

Contéstalle Picallo dicíndolle que non era posible aínda montar definitivamente a Delegación en París, xa que non dispoñían dos recursos económicos. Pero non se esquecían; por iso, tendo en conta “que ti es e serás a unica persoa que nos pode representar en París”, propónlle, en nome do Consello de Galicia, que inicie canto antes os traballos de representación. Na espera de resolver o asunto económico, mándalle unha axuda económica para os primeiros gastos. Caso de aceptar, debe enviar César un borrador dos textos das credenciais para a súa acreditación; daranlle credencial da Irmandade Galega de Bos Aires para representala ante partidos e sindicatos. Sobre instrucións políticas, dille que lea as cartas anteriores e que, como novidade, non lles parece ben que o Manifesto publicado en París prescinda de falar do tema das autonomías. Sobre a reserva que

presentaran vascos e cataláns, ao dicir que tiñan os seus Estatutos xa promulgados...¿O caso galego, que estaba na derradeira fase de tramitación, tería o mesmo status? Pídelle que recabe a opinión de vascos e cataláns e que Galicia, salvando a reserva da posición de autodeterminación política, asine todo manifesto antifranquista. Por último, adiántalle que na cea de fin de ano que celebra o Consello de Galicia, probablemente fagan unha declaración política, atendendo ás informacións de César, sobre o que está a pasar en París. Reitéralle, de novo, que acepte:

Quero que te convenzas definitivamente que si Galicia –como esperamos- ten representación en París, ti, César Alvajar, eres o noso representante. ¡E se non nón! Reunes todas e moitas máis condicións das requeridas pra merecer a nosa máis absoluta confianza e a nosa fraterna estimación. Esto non é solo a opinión miña. E a de todol-os amigos que andamos no asunto, empezando por Alonso Ríos, a vista da tua constancia, do teu fervor, e, ademáis, da tua admirabel “puntería política” (Bos Aires, 27-11-1957: AMB, FA, 6126; Alvajar López, Javier, 1990: 181).

Á fin, César Alvajar acepta, comunicándolle a súa decisión a Picallo. Segundo as exploracións que fixera, o representante galego sería ben acollido polo Goberno e polos partidos e organizacións. Cría que o fan convocar –aínda que non tiña credencial- á próxima xuntanza do Comité de París. Sobre este Comité de París, envía un proxecto de estatuto xurídico, que era o punto de arranque que despois da primeira xuntanza, celebrada había meses, trazara Carlos de Juan a petición dos reunidos. Os partidos estaban preparando achegas a ese borrador. Mándalle un bosquejo de credencial para o goberno e os partidos, así como un listado de organizacións ás que había que enviar a comunicación do seu nomeamento para a Delegación: Llopis, do PSOE; Landáburu, do PNV; Sauret, de ERC; Pallach, do “Movemento Socialista de Cataluña”; Maldonado, de IR; Arturo Ortega, de UR; CNT colaboracionista, ao seu secretario Ginés Alonso e, por último, a José Martí Feced, do “Partido Federal” (París, 7-12-1957: AMB, FA, cartas).

Suárez Picallo manifesta a súa alegría pola aceptación de Alvajar. Tan pronto recibiron a súa carta, a “Irmandade Galega” de Bos Aires púxose en contacto coas de Rosario, Mar del Pláta, Mendoza, Montevideo e outras, de cara a aprobar a súa credencial. Explícalle a diferenza das credenciais: a do Consello de Galicia era para ante o Goberno republicano e os gobernos vasco e catalán: todas as Irmandades, centros provinciais e outras institucións que apoiaban ao Consello tiñan delegado nela esa misión institucional.

Respecto da credencial para partidos políticos e sindicatos, vanlle enviar a da Irmandade:

Irmandade Galega nasceu cando Castelao propuxo que no exilio non debe haber partidos políticos xa que non hai eleccións; debe haber, sí, entidades patrióticas nas que poidan e deban aitar persoas de tódalas ideoloxías afíns, de senso democrático, republicano e galeguista. Aprobouse a tesis de Castelao, e por eso a Irmandade é a única entidade especificamente política da que forman parte xentes dos máis diversos matices, incluso moitos sin partido, dende sindicalistas libertarios até Unión e “Izquierda Republicana”, todos de signo galeguista.

Ven con satisfacción que Javier Alvajar o está axudando moito, e que, se o cre convinte, pode substituílo en asuntos menores: Dende agora pódelle dicir que non nos pasa inadvertida a súa axuda, da que tomamos boa nota. Para algo -se non me trabuco- e fillo da que fora nosa boa irmandiña da Cruña, dona Amparo Jeán.

Comenta o borrador de Estatuto do proxectado Goberno Provisional, sorprendéndolle positivamente que xa se fale de ideas federais ou confederais. Por último, infórmao que na cea de fin de ano do Consello van facer pública a súa designación como delegado en París (carta de Suárez Picallo a Alvajar, Bos Aires, 16-12-1957: AMB, FA, 6126; Alvajar López, Javier, 1990: 181-183).

O acordo do Consello de Galicia designando representante en París a César Alvajar está datado en Bos Aires o 18-12-1957. Asinan Ramón Suárez Picallo, conselleiro de Relacións, e Antón Alonso Ríos, secretario do Consello (AMB, FA, 6126). Pola súa parte, a “Irmandade Galega” de Bos Aires comúnicao lle a Alvajar a súa designación como delegado da mesma en París (Bos Aires, 17-1-1958); asinan C. Conles Tizado, secretario, e Bieito Cupeiro, presidente. A carta trae un anexo de Picallo, onde o informa de temas da política chilena (AMB, FA, 6125). E, coa mesma data anterior, chegan as acreditacións de Alvajar como delegado da “Irmandade Galega” en Francia, unha en galega e outra en castelán, asinando as mesmas persoas (AMB, FA, 6125).

Continúa a correspondencia. Suárez Picallo coméntalle a César que estaban preocupados pola noticia da súa operación, e non ter carta del desde había algún tempo; por iso non lle enviaran as credenciais do Consello de Galicia, nin llo comunicaran ao Goberno republicano e ao catalán e vasco; sí remitiran as da Irmandade, que xa comunicara o nomeamento aos partidos e sindicatos. Pregúntalle se tivo algunha dificultade política ou diplomática nos preliminares da súa actuación; caso afirmativo, pídelle que llo comunique, para eles actuar. Sobre a receptividade á súa designación, fora moi ben acollida, recibindo o Consello cartas de moitos lugares de América, entre elas unha de Emilio González López, desde Nova York, “facendo de ti complida gabanza”. En previsión das dificultades, mantiveran entrevistas cos vascos e cataláns. O delegado do Goberno Vasco, moi entusiasmado, quedou en comunicarse axiña co seu Goberno encol do asunto; os cataláns, con problemas, non tiñan delegado oficial, representándoos un Consello Superior de entidades catalás, co que se entrevistaran nun clima cordial e que quedaron en comunicarse coas súas autoridades en París. O Consello de Galicia estaba asistindo tamén a sesións especiais das xuntas directivas das principais entidades que o asesoraban e apoiaban, explicándolles a importancia de contar coa delegación en París:

Até agora os nosos informes foron acollidos con fervor, e con entusiasmo. Tanto que, sin ter aínda resolto o aspecto económico permañente da Delegación, coidamos que se poida resolver axiña con aportes que temos en vista. O Consello coida que un dos pasos políticos mais importantes dados nos derradeiros tempos, foi o teu nomeamento, no sentido de que Galicia estea presente en canto se faga pra derrubar ó réximen, e así como nos primeiros intres que veñan despois. Alegando, aprobando ou tachando, pero presente. Por eso estamos dispostos a traballar de firme á tua veira, tal como ti nos indiques e coides mellor; e por eso agardamos sempre as túas noticias.

Supoño enterado de que está a manter correspondencia co seu fillo Javier, que se ofrecera a traballar, dicíndolles que o facía convencido de que servía ao seu país:

...entendendo por seu país únicamente Galicia. A declaración impresionounos moito e estamos convencidos de que a súa colaboración ha de sernos valiosísima. Ahí e nada –como lle dixen a él– un coruñés con axilidade mental que da o mar da Cruña. Perseguido alí, convivindo cos nosos aldeans e oureado logo e aireado da europeidade de París. Unha verdadeira adquisición pra nosa causa...

Manteñen conexións cun grupo de Galicia, o de “Galaxia”, que actúa ben na orde intelectual e cultural en Compostela e Vigo:

...pero tememos que en política teña unha posición pasiva, cuáseque nihilista, de “nin esto nin aquilo”, sin poñer nada entre isto i-aquello. Pol-o de pronto non sabemos nada da Cruña i-a mín obsesióname a Cruña como núcleo vivo da política galega. Encol d-esto escribínlle o teu Javier e estou agardando as súas noticias. Díxenlle e confírmocho a ti que estamos dispostos a estimular e axudar dende eiquí por intermeio d-el ou como él nos indique. Ben sexa axudando a algúns núcleos xa formados ou que se formen, sempre que sexan de toda confianza política pra Galicia...

Infórmao que chegara Julián Gorkin, vello coñecido seu, para pronunciar varias conferencias. Pregúntalle, por último, se xa recibiu os libros de “Galaxia” (Bos Aires, 24-3-1958: AMB, FA, 6126).

Pola súa parte, Alvajar comúncalle ao Presidente do Goberno Republicano a súa designación como delegado do Consello de Galicia e da “Irmandade Galega” en Francia (París, 3-4-1958: AMB, FA, 6125), o mesmo que a Julio Just, ministro do Goberno republicano; nela dille que xa informou da designación a Arturo Ortega, representante de UR, para que o puxese en coñecemento dos delegados dos outros partidos e sindicatos, aínda que vía que algúns querían poñen atrancos (París, 4-4-1958: AMB, FA, 6125).

De novo contacta Alvajar con Picallo. Infórmao que a súa saúde ía mellor, pero que a operación que tivera que sufrir deixáralo un pouco fatigado; tivera un custo duns 300.000 francos, cantidade da que esperaba que a Seguridade Social lle reembolsase a terceira parte. Podía recuperar todo se estivese asociado nunha mutua de xornalistas, pero ata agora descoñecía a súa existencia. Infórmao que había uns dez días fora visitar a Gordón Ordás para comunicarlle o seu nomeamento. O presidente comprendía os problemas galegos, polo que Alvajar cría que por parte del non ía haber atrancos. Falara así mesmo con Valera e con Just, ademais de co xeneral Herrera, o único ministro co que non tiña trato persoal; foran todos receptivos. Non se entrevistara aínda cos vascos e cataláns, pero considera que non van existir pexas; si as houbera, sen embargo, no que respectaba á representación ante os partidos e sindicatos. Tamén, uns vinte días antes, encomendáralle a Ortega, amigo de seu, de UR, delegado nese conclave, que dese conta da súa designación como delegado da Irmandade perante ese comité. Xurdiu unha obxección por parte de Sauret, o catalán, pero debido a que non sabía que a “Irmandade” era unha organización política, non cultural -ao parecer, non fora por mala fe-. Pero ese criterio foi o que prevaleceu, e así llo comunicou logo Ortega. Ante iso, preparou unha carta explicando ben o carácter político da “Irmandade”, entregándolo logo a Ortega e este ao resto dos membros do Comité, que ía celebrar próximamente unha nova xuntanza; por este motivo, falou con Landaburu e con Leizaola, cos que non ía haber problemas. Tamén falou con Sauret, que se amosou disposto a enmendar o erro. Sen embargo, os vascos e Sauret dixéronlle que parecía que os socialistas non estaban tanto pola labor (Saborit e outros non vían con bos ollos o tema, e a Llopis, que presidía o comité, tampouco lle agradaría, ao parecer, ver reforzada a posición autonomista ou federalista). Continúa Alvajar a súa carta comentándolle a tamén a Picallo que Julio Just, como ministro de Relacións co Interior, ía facer unha xestión oficiosa, amosándose tamén interesado Gordón Ordás: comprendían que non se podía prescindir desta importante aportación galega. Noutra orde de asuntos, tiña noticias de que Canabal ía ir a París, ofrecéndose a prepararlle actos, entrevistas, etc.

A Canabal xa o coñecía de antes, o mesmo que á súa filla Iris. Por último, comenta César que xa recibe os libros de “Galaxia”; vai tentar que se reseñen algúns deles tanto na axencia de Sanchez Guerra como en “Cuadernos” (París, 13-4-1958: AMB, FA, 6125).

En tres cartas consecutivas, Suárez Picallo pon en coñecemento de Alvarjar que Canabal xa se encontra en Europa; infórmao que en Bos Aires van celebrar un acto con vascos e cataláns, cos que falaron do caso de Sauret respecto da entrada da “Irmandade” no comité de París, comprometéndose estes a falarlle; comunícalle que Aguirre agarda a visita de Alvarjar e que xa lle mandaron recado a Canabal para que o visite cando chegue a París; pídelo que lle mande modelos de credenciais para os Gobernos republicano, vasco e catalán; dille que dentro duns días vai chegar a París Perfecto López, de Corcubión, que ten unha grande fortuna na industria automobilística, moi vencellado a eles e que leva carta de presentación de Antón Alonso Ríos para el; infórmao de que Perfecto, moi amigo seu, é un pouco excéptico tanto respecto ao traballo do Consello como da delegación en París; está moi interesado, sen embargo, nos traballos que Suárez Picallo iniciou con Javier Alvarjar sobre relacións cos do interior; no caso de que pregunte algo, que se lle diga que hai actividades organizadas cos do interior organizadas, sobre todo na Coruña, pero sen darlle nomes, xa que é un pouco indiscreto (Bos Aires, 25-4-1958, 2-5-1958 e 10-5-1958: AMB, FA, 6125).

Noutro orde de cousas, Martí Feced, presidente do “Partido Republicano Federal” no exilio, comunícalle a César Alvarjar que recibiu carta da “Irmandade” dando conta do seu nomeamento (Toulouse, 13-5-1958: AMB, FA, 6125); uns días despois, Alvarjar recibirá carta da “Irmandade Galega” de Bos Aires informándoo precisamente de que xa mandaran a comunicación do seu nomeamento aos partidos e sindicatos (Bos Aires, 30-5-1958: AMB, FA, 6125).

Tamén Javier, fillo de César, ten contactos; así, Picallo acusa recibo da súa carta na que lle fala do acordo do Comité de París de non aceptar á “Irmandade”, noticia que non lle sorprende; van ter unha xuntanza para analizar o asunto. Agrádalle que o Goberno republicano e o catalán e vasco non compartan esa postura. Felicítalo pola súa reacción ante o asunto. Concorde con el nas razóns da postura socialista; xa houbera en Galicia un “Partido Socialista Galego”, o de Xoán Xesús González, e seguro que se crearía outro. Encol da postura dos vascos, dille que eles, para mantérense, “necesitan de Prieto, que ten moita forza en Bilbao: e Prieto é noso enemigo xurado. O propio Aguirre, despois de animar a Castelao a fundar o Consello de Galicia, e de telo recoñecido, variou de aitude por esixencia de Prieto”. Estráñase, sen embargo, da actitude de “Izquierda Republicana”, coa que o “Partido Galeguista”, do que as “Irmandades” eran continuidade, tivera dende agosto de 1934 un pacto de alianza. Tamén lle sorprende a posición da CNT, para a que Castelao fixera o álbum Atila en Galicia e da que el fora avogado na Coruña e, en plena guerra civil, en Aragón, sacando dos cárceres de Lister a 1400 afiliados, cando nello íalle a cabeza (Bos Aires, 20-5-1958: AMB, FA, 6126).

Prosigue a correspondencia de Picallo con César. Á vista do que informa na derradeira carta sobre o do Comité de París, están preparando un plano de actuación. Mentres, «aquí revisaremos o noso xeito de aitar no referente as nosas relacións cos demais grupos peninsulares e subgrupos dos partidos políticos». Infórmao da carta que recibiu de Francisco Javier, ao que felicitou. Van organizar o 14 de xullo un acto con vascos e cataláns; ten pensado, na súa intervención, dar a coñecer o acontecido en París:

Mentras tanto rógoche que si non-o fixecheis aínda, non lle comuniquedes nada a Imandade Galega do sucedido, até despois do 14 de xullo. A razón e a seguinte: no seo da Irmandade milita un seitor, aitivo e valeroso, eistremista-separatista, que aítúa con nos pra derribar a Franco e conquistar a liberdade de Galicia. Xente moza e arriscada, que, de saber o ocorrido ahí coa nosa representación en París, iría o mitin en aitude especialmente belicosa, que podería sacal-o dos cauces serenos, responsables, aínda que enérxicos, en que nós queremos que discurra, o menos pol-o de agora. Despois xa veremos.

Infórmao de que Perfecto López lle escribiu a Rodolfo Prada desde Lucerna, moi impresionado do traballo da delegación en París, da que fixo moitas gabanzas. Comenta tamén a elección de de Gaulle, que foi como se resolveu a crise francesa: “Se o que pasou ahí pasara n-outros sitios, que ti e eu coñecemos, a degollíña ouvera sido universal” (Bos Aires, 27-6-1958: AMB, FA, 6126).

César contéstalle dúas semanas despois. Infórmao sobre a visita de Canabal a París. Realizouse unha pequena entrevista con Gordón Ordás -porque este tiña que ir a unha xuntanza diplomática-, unha breve visita a Just e Herrera, e unha longa conversa con Valera, “indignado por a famosa negativa del comité (todos los del gobierno lo están)”. Logo conversaron con Aguirre, igualmente disgustado polo ocorrido. Ante as ocupacións empresariais de Canabal, telefonaron ao “Congreso pola Liberdade da Cultura”. Foi imposible falar con Tarradellas, porque non vivía en París e Canabal xa non estaba cando este regresaba. Javier Alvajar informouno dos seus contactos cos do interior, e do censo de galegos en París que estaba a realizar. Este traballo político complementouse con paseos e ceas pola cidade.

E segue:

Creo que nuestro amigo se lleva la impresión de que, con Comité y sin él (quizas mejor sin él) puede hacerse aquí, con la simpatía del gobierno, catalanes y vascos, y las demas que podamos suscitar, una buena labor, si de veras se ponen los medios necesarios.

Canabal, agradecido por todo, regaloulle unha máquina de escribir sueca, “para que constituya el comienzo de la secretaría gallega”. Respecto da entrevista con Tarradellas, estivo cordial e eloxioso para os galegos, moi satisfeito das relacións con eles; non tanto cos vascos. Faloulle da declaración de “Galeuzka” –que Alvajar non coñecía- e do acto a realizar; pensaba que en París había que atenuar algo eso, xa que as circunstancias non eran as mesmas que en América. Felicítouno pola negativa do Comité, dicíndole que fora mellor así. Sobre esto, parecía –di Alvajar- que o comité estaba arrepentido, e que falaban de podería asistir o delegado galego como observador, ao que Alvajar negárase: ou participaba en igualdade de condición, ou non asistiría. Falou con Aguirre e Tarradellas da conveniencia de entrar no “Movemento Europeo”: crían que era máis importante e trascendente que o Comité. O Consello de Galicia, ou a “Irmandade” –o que fose mellor-entraría no “Consello Federal Español do Movemento”. Os vascos e cataláns xa formaban parte do mesmo dende había moito tempo. Presidíao Madariaga, sendo secretario H. Gironella. Valera, un dos fundadores -pero que como ministro non pode estar-, tamén aconsellou esa solución. Pénsase enterar polo miúdo do tema, e solicitarlle unha entrevista a Madariaga cando veña a París: pide, por tanto, que o consello vaia deliberando sobre o asunto. Infórmao que foi visitar a Sauret e a Ortega, dándolles as gracias pola súa aitude e voto favorable. Por outra parte, o pintor Colmeiro dixéralle que axiña ía ir por París Blanco

Amor -a quen Alvajar non coñecía- pero tiña interese en saudalo (Paris, 14-7-1958: AMB, FA, 6125).

Picallo, pola súa parte, dille a César que aínda non teñen solucionado o tema do financiamento da delegación, pero que están a traballar no asunto. Sobre o “Movemento Europeo”, o Consello de Galicia acordou, en principio, patrocinar grupos afíns nos países americanos; pide a Alvajar que xa inicie seriamente as exploracións. En Bos Aires existía unha filial do “Consello Federal Español do Movemento Europeo”, da que formaba parte o tesoureiro do Consello de Galicia, Manuel Puente, pero era un organismo inoperante. Sobre Javier Alvajar, dille que está levando con eficiencia o traballo de enlace coas xentes de Galicia, e pídelle a César que lle comente ao seu fillo que ten que ser París o núcleo de coordinación destes enlaces, que estaría nas mans de Javier. Sobre o grupo “Galaxia”, considera que “están na figueira”, e son inoperantes: «Que siga no “cultural” que neso -sí, neso- está moi ben ¡No outro non ven unha!». Por último, respecto do Comité de París, opina que quizais sexa mellor, polo momento, non participar; vaille escribir a Maldonado sobre o asunto. Tarradellas contestou fervorosamente a mensaxe que lle levou Canabal, e tamén Gordón Ordás; sen embargo, Aguirre «...non respostou nin palabra. O que supoñíamos. Prieto detrás...» (Bos Aires, 31-8-1958: AMB, FA, 6125).

E volve escribir un mes e medio despois, dicíndolle que na xuntanza do Consello de Galicia acordárase felicitalo polo seu labor en París, tendo en conta mesmo que aínda a delegación non tiña consignados uns fondos económicos fixos, co trastorno que iso ocasionaba. Vanlle seguir remesando pequenas cantidades mentres non solucionen o problema. Dase por enterado da noticia que Alvajar lle adiantara da visita de Tarradellas; xa tiveron comunicación oficial, e estaban a preparar actos ao respecto. Coméntalle que vén de ler na prensa un resumo do discurso de Juan de Borbón en Lourdes, rodeado dun grupo de carlistas con boinas:

Quedeime abraiado pol-a ausencia total de taito e de sentido político do “noso” pretendente, eloxiando o “esprito” do Movimiento do 18 de Xulio do 36 e propugnando -¡a estas alturas do mundo!- a monarquía “tradicional e católica” consabida. Coido que os borbons son cada vez mais idiotas e que España non ten mais remedio que seguir sendo o pais de total-as Contrarformas habidas e por haber. ¡Así lle medrou e lle medra o pelo!

En cambio, parécelle marabillosa a reacción de Francia. Dille que, coma el, tampouco é gaullista, pero

...esa “riada plebiscitaria” en favor da V Republica paréceme unha campanada de Resurrección da Francia postrada os derradeiros anos; e teño fé en que Francia, en nome da Euripa occidental, cristiana e humanista, teña aínda que desempeñar o papel de Reitora espiritual da nosa cultura, erguida entros dous xigantes cos ...materialistas e barbarizados por ise novo mónstruo que se chama a técnica. E parezme que Degaulle non ha de ser o ditador que se temía, senon que o xefe de unha Democracia forte e xerarquizada. A mesura e o bon sentido francés farán o resto...

Sobre isto, preguntalle se a nova situación francesa influirá nos traballos dos republicanos españois alí (Bos Aires, 10-10-1958: AMB, FA, 6126). E, noutra carta, informa a Alvajar, polo miúdo, da visita de Tarradellas á Arxentina. Os galegos mantiveron dúas xuntanzas reservadas con el, nas que Tarradellas amosárase excéptico co Comité, que consideraba inoperante. É pesimista mesmo sobre o Goberno republicano. Calificou -aos partidos e sindicatos do Comité- de forzas inertes. Ante a apreciación de Picallo de que en

América non era o mesmo, Tarradellas dixo que o tería en conta de cara o futuro. Tivo moitas reservas sobre o goberno vasco:

Afirmou o que nosoutros xa saíamos: que o goberno de Aguirre aítúa con referencia aos problemas das nacionalidades, “con permiso de Indalecio Prieto”, enemigo xurado das autonomías especialmente de Galicia, tolerando as de Euzkadi e de Cataluña, solo como feitos consumados.

Na segunda conversa secreta que mantiveron informaron a Tarradellas das actividades do Consello, e a importancia de dispoñer da delegación en París. Opinou Tarradellas que fora un erro solicitar que as “Irmandades” ingresasen no Comité de París, considerando positivo o feito de que non fosen admitidas; consideraba que Galicia non debía pedir nada, senón esperar que llo pedisen a ela. «Cando lle fixen notar –di Picallo– que os cataláns estaban nela, declarou que o señor Gironella non representaba a Cataluña pouco nin moito. E tivo térmos pouco amabels pros tales europeistas».

Respecto de actuacións comúns que podían facer en París, o catalán comprometeuse a que, nos actos nos que participase o Goberno republicano e os Gobernos vasco e catalán, tamén estaría presente Galicia: en caso contrario, tampouco asistiría a representación catalana. Citou o caso do próximo 14 de abril para iniciar tal posición, previo permiso que prometeu pedir e conseguir do Parlamento de Cataluña na súa próxima xuntanza de México. Tamén lles propuxo algo no que Alvajar viña insistindo dende había tempo: editar un boletín, que imprimirían gratuitamente nos mimeógrafos da Generalitat. O Consello informouno que o representante en París, Alvajar, contaba coa súa máis absoluta e completa confianza: e que o que el nos suxira, propoña e diga terá a nosa aprobación. A él pareceulle moi ben, pois ten por ti unha gran estimación.

Por último, infórmao do que opinan alí de Tarradellas, mesmo os cataláns, por outra parte bastante divididos. Di Picallo:

Desde logo, ó meu particular xuicio, non hai comparación posibel entre él e os Pi Suñer, os Serra Moret e outros cataláns ilustres que pasaron polo goberno de Cataluña; parécese a menor cantidade posibel de político, e moita menor aínda de diplomático. Pero ten, eso si, unha rexa e conmovedora persoaalidade de patriota catalán, de home honesto mental, capaz de ser fidel a súa palabra e de servir por sobre todo a súa Cataluña.... (Bos Aires, 31-12-1958: AMB, FA, 6125).

Respecto da provisión de fondos para a delegación, nestes meses empezan a recibirse os primeiros envíos, que lle son comunicados a Alvajar por Xosé Benito Abaira (Bos Aires, 16-10-1958: AMB, FA, 6125), pola comisión de facenda do Consello de Galicia, de transferencias de cen mil francos (Bos Aires, 20-10-1958: AMB, FA, 6125), recibindo César tamén unha nota do “Dollfus and Noack S.A.”, de Mulhouse, na que se lle comunica que, por orde de Jesús Canabal, ingresáranlle no “Credit Lyonnais” de París a cantidade de 92739 francos (20-5-1959: AMB, FA, 6125).

Pola súa parte, nunha nota persoal, Antón Alonso Rios, do Consello de Galicia, informa César que Perfecto López, que ía ir a París, leva unha tarxeta de presentación para el (Bos Aires, 9-5-1959: AMB, FA, 6125).

Recibirá César unha carta de Abaira na que é informado de que estivera por alí o avogado coruñés Miguel García Rama, pero que lle extrañara que, sendo republicano e ao parecer bo galego, e procedendo de París, non levase unha nota de Alvajar. De todos xeitos o recibiran ben. Querían quedar na Arxentina, e íanos axudar a conseguir vivenda. Infórmao que eses días houbo unha xuntanza das “Irmandades” de Arxentina e Uruguai.

Tamén lle comunica que está enviando a mensaxe de Alonso Ríos de aninovo, cousa que fai “utilizando as guías de comerciantes e profesionais das cidades e vilas de Galicia, debidamente camuflados os sobres, de tipo familiar, e van as direccións dende varios países, Uruguai, Brasil, etc. Pídelle que garde este segredo dos envíos xa que é o único, ademais del, que o sabe. Solicítalle enderezos de Galicia, se Javier os ten, para tamén mandarlle cousas. Dalle recordos para Amparo Alvajar, que sabe que está en París, á que coñecera alí (Bos Aires, 15-2-1959: AMB, FA, 6125).

Son estes momentos de conspiración. Nunha carta de Alvajar a Picallo, dille que o xoves 28 de maio asistira a unha xuntanza na que se tratara de secundar en París o chamamento do xeneral Bayo, e da actuación do seu organismo representativo en París. Tal chamamento tivera bastante eco, e unha comisión da chamada “Alianza Antifascista Activa” reunírase con Martínez Barrio, expresándolle que o Goberno republicano debía conciliar os seus propósitos cos de Bayo (cando menos entre bastidores, porque, dada a situación política francesa, non se podería facer á luz pública); caso de non ser posible, visto o desacordo manifestado en Venezuela entre Gordón Ordás e Bayo, pedíanlle que provocase unha crise, formando un novo goberno con persoas afectas a Bayo, ou polo menos non belixerantes. O presidente, segundo os informantes, tomara nota do asunto, prometendo facer xestións e respostarlles nun prazo de 10 días. Segundo parecía, existía a intención de constituír un organismo clandestino, de guerra, «cubierto y amparado en la exterioridad legal por otro declarado y de traza inocua», para actuar á marxe, pero en concerto, do goberno que puidese formarse. Esa organización secreta sería a que desenvolvese o labor de ataque, que o goberno non podería acometer sen expoñerse a unha expulsión ou a protestas diplomáticas. Alvajar propón que non se entre de momento no asunto, na espera de ver como vai discorrendo (París, 31-5-1959: AMB, FA, 6126). Días despois, noutra carta, Alvajar informa a Picallo sobre a xuntanza convocada por Gordón Ordás, á que asistiran unhas 40 persoas. Gordón informáraos de case todo, menos dalgún asunto que se reservara:

Estuvo bien su exposición y nos mostró al final una fotografía de buen tamaño de Fidel Castro, la primera en que aparece descubierto, quiero decir en pelo, muy expresiva y cariñosamente dedicada, lo cual da en cierto modo un mentís a ciertos rumores que los enemigos de Gordón echaron a rodar. A pesar de todas las justificaciones explicativas hábiles, estimo, empero, que mejor hubiera sido no recibir un cuarto del gobierno cubano mientras que lo detentaba un dictador como Batista. Mas...doctores tiene la Santa Madre Iglesia”.

Nada dixera o presidente, sen embargo, das disensións que fixera publicas “Galeuzka” nin das diverxencias con Bayo. Respecto deste último, por informacións que Alvajar puido conseguir, o grupo de Bayo non tiña ao parecer moita forza en París, pero igual podería sumala (París, 7-6-1959: AMB, FA, 6126).

Pola súa parte, Picallo informa César sobre algunha actividade realizada en Bos Aires (a súa enfermidade, o seu nomeamento como asesor cultural do “Centro Lucense”, encargado de dirixir a súa “Cátedra de Cultura Gallega” e dirixir o periódico Lugo, así como da celebración dunha conferencia de Otero Pedrayo). Respecto da situación política, non ven que nada novo supere, nos outros políticos republicanos, as posicións de Gordón no que respecta á comprensión dos problemas sustanciais de Galicia.

Sobre a constitución da ARDE (“Acción Republicana Democrática Española”), antes de constituírse esta recibira unha carta de Maldonado convidándoo a que, como deputado,

asinase o manifesto constitutivo. El negárase, tendo en conta que os galegos tiñan política propia, á marxe dos partidos españois, pero sinalándolle que a nova entidade contaría coa simpatía e apoio dos galegos, sobre todo de Bos Aires e Montevideo. Ten noticias de que se están formando grupos en Europa e en América, aínda que en Bos Aires os republicanos de IR e UR estaban bastante divididos.

Ante a suxerencia de Alvajar –e tamén do seu fillo- de que sería conveniente que houbera galegos galeguistas no novo partido, para influencialo, Suárez Picallo dille que eles non lle teñen que facer indicacións sobre o que deben facer:

Calquera que sexa a decisión que tomedes, formando parte ou non do novo partido, a nosa confianza en vos, será sempre a mesma, íntegra e absoluta. Mais aínda: Coidamos que sodes vosoutros, os que estades a veira, os que millor podedes decidir de acordo coa realidade política que tedes mais cerca que nós. En ningún caso, nos parecerá mal que integredes o novo partido, senon que cicais sexa comenente, eso sí, que de ser posible en calidade de galegos...

Hai rumores, propagados por socialistas, por republicanos disidentes con Gordón Ordás e co agrado dos comunistas, dunha posible reorganización do Goberno republicano no exilio. O Consello de Galicia, ante iso, celebrara unha xuntanza na que analizara diversas hipóteses. Aínda que crían, en principio, que a Galicia non lle sería ofrecido ningún ministerio –si llo poderían ofrecer a algún galego, pero non como ministro de Galicia (neste caso non entrarían no asunto)-. Pero se se dese o caso primeiro, o Consello de Galicia - aínda que tería que consultar cos galeguistas de Cuba, Porto Rico, México e Estados Unidos- tiña pensado propoñelo a el, a Alvajar; nese caso, non podería pertencer a ARDE.

Con referencia ao “bayismo” di que a súa actitude con Gordón Ordás no caso de Cuba só producira desprezo e repugnancia.

Sobre a figura de Plá, di Picallo:

...coñecino persoalmente dende fai 40 anos, eiquí en Buenos Aires. Despois en Galicia, logo en Barcelona durante a guerra civil. Sempre coma un absoluto irresponsable no orden moral e no orden político. Coqueteou cos comunistas, cos troskistas, cos catalanistas do P.S.U.C., sempre querendo ser galeguista. Total nada. Un “ex”. Eu sei, acaso, a causa da súa acedume. El quería ser noso representante en París xa no tempo de Castelao. Pero Castelao que tiña un finísimo “cheiro” político tívolve sempre especial repulsión. El sabíao, e de ahí que cando fala dél no “papel” de marras lle chama “Alfonso Rodríguez” (Bos Aires, 10-9-1959: AMB, FA, 6126).

Informaráo tamén Picallo da constitución en Bos Aires da sección arxentina de ARDE; formaban parte da directiva Severino Iglesias, ex alcalde de Noia, de IR, e Sánchez Rivas, de UR de Ordes; outros membros destes partidos, enfrontados no “Centro Republicano”, non entraran (Bos Aires, 22-11-1959: AMB, FA, 6126).

Respecto da posibilidade de que Alvajar fose ministro -que, acabámolo de ver, era a persoa ideal para o Consello de Galicia-, logo da morte de Martínez Barrio, e coa conseguinte elección dun novo presidente da República (Jiménez de Asúa), e do Goberno (Claudio Sánchez Alborno), o Consello de Galicia, en carta de marzo de 1962, segue sostendo a mesma opinión, manifestando o seu desexo de que, se algún galego tiña que ocupar o cargo de ministro, sería César Alvajar, quen, sen embargo, propuxera a Emilio González López (AMB, FA, 6126).

O 6 de xuño de 1965 morre César Alvajar, comunicando o pasamento, ao Consello de Galicia, o seu fillo Javier, que pon o seu cargo de delegado suplente a disposición do Consello, pero este ratifícao no cargo.

Os problemas internos do Consello de Galicia provocaron que Javier pensase en varias ocasións en dimitir, pero, por presións de amigos do interior, e polo difícil que fora poder estar presente na UFD, decidiu seguir. En 1976, sen embargo, logo dunha xuntanza celebrada en Santiago das forzas democráticas galegas con Alvajar, tomarán o relevo, como representantes do interior, Domingo Antonio Quiroga Ríos e Afonso Zulueta de Haz (Alvajar López, Javier, 1990: 194). Zulueta era un membro representativo do “Partido Galego Social-Demócrata” (PGSD) (Linares, 1991: 141-144).

Exemplo destes contactos, sen sermos exhaustivos, teríamolos nunha carta de José Luis Fontenla Rodríguez a Javier Alvajar, sen data. Coméntalle que falou cos do seu grupo da simpatía que Alvajar sente por eles, pedíndolle que o siga informando do que se está a cocer. Escríbiulle a Irujo dende Roma pero non sabe se lle chegou a carta e se falou desta con Alvajar. Seguen a traballar duro nun programa constitucional e en medidas económicas para o pobo galego. Por último, coméntalle que, neses días, anda todo o mundo preocupado pola unificación das forzas, o que non é moi doado nese momento (AMB, FA, 6118)

Javier Alvajar sería secretario do Ministerio de Información, Propaganda e Arquivos do Goberno republicano no exilio, o primeiro presidente do “Fondo de Ayuda a los Republicanos Españoles”, creado en París en 1965 promovido por ARDE, e do que formaban parte persoeiros como José Maldonado ou Fernando Valera; tamén presidiu o comité de ARDE en París (Alvajar López, 1991: 201-202) e foi administrador de varias revistas, como *Mañana*. *Tribuna democrática española*, en 1966 (AMB, FA, 6135), *Galicia en Francia*, en 1964 (AMB, FA, 6122). Ao seu regreso do exilio, sería alcalde de Carral nas listas do PSdeG-PSOE. Faleceu hai poucos anos.

4. AS ACTIVIDADES DA DELEGACIÓN DO CONSELLO DE GALICIA E DAS IRMANDADES EN PARÍS.

4.1. Participación no “Consello Federal Español do Movemento Europeo”.

Presidíao Salvador de Madariaga. Aínda que houbo algunhas reticencias porque algúns non consideraban ao Consello de Galicia un partido, co apoio do “Partido Nacionalista Vasco”, de “Acción Nacionalista Vasca”, de “Esquerra Republicana de Cataluña”, de “Acción Republicana Democrática Española” e, sobre todo, polo interese de Madariaga, o Consello de Galicia integrouse en tal organismo.

As primeiras xestións fixéronse a finais de 1958, contactándose con Madariaga. O 29 de decembro Madariaga envía unha carta a César Alvajar na que lle di:

Contestando a su carta del 15 de diciembre y como por ahora no veo probabilidades de un viaje cercano a Paris, creo que lo mejor es que se ponga Vd. en contacto con el Secretario General del Consejo Federal, Don Enrique Gironella y que le exponga el deseo de la Irmandade Gallega de estar representada en el Consejo Federal. Ni qué decir tiene que, si la cosa es constitucionalmente posible, yo estoy de acuerdo. Puede Vd. desde luego indicar al Sr. Gironella que hace Vd. la gestión después de consultarme y con mi apoyo...

En xullo de 1961 Javier Alvajar, substituíndo ao seu pai (ocupado nun traballo urxente), xa asiste a unha xuntanza do mesmo. A partir dese momento, o Consello de Galicia, a través da súa representación en París, asistiu a cantas xuntanzas realizou o “Consello Federal Español do Movemento Europeo”.

Só a título de exemplo, a partir de 1965, vemos formando parte do “Consello Federal Español” a personalidades como Rodolfo Llopis (PSOE), José Maldonado ARDE), Manuel de Irujo (PNV), José María de Leizaola (PNV), Julián Gorkin (a título persoal), Enrique Gironella (a título persoal), José María Gil Robles (Democracia Cristiana), Fernando Valera (ARDE), Juan Sauret (ERC), Josep Sans (Esquerra Catalana), Carlos Martínez Parera (UGT-PSOE), Pablo Martín Zaro (“Unión Social Demócrata”), Salvador de Madariaga, Gonzalo Nárdiz (ANV) e Francisco Javier Alvajar, entre outros (Alvajar López, 1990)

Tamén a representación galega asistirá aos congresos do «Movemento Europeo»: todas as xuntanzas preliminares do célebre celebrado en Munich, entre os días 5 e 8 de xuño de 1962, e aos celebrados en Cannes (1965), Boon (1972), Londres (1973) ou Bruxelas (1974).

Estas actividades do Movemento Europeo teñen eco na prensa americana. Así, nun artigo, Antonio Barrilado escribe que o “Movemento Europeo”, con sede en Bruselas, é unha “organización semioficial de adhesión a la integración económica y política de los pueblos de Europa” que ten un Consejo Español que reside en París, presidido por Rodolfo Llopis e actuando nel Maldonado, Irujo, Gorkin, Gironella, Gil Robles, Ridruejo, Valera, Pascual Tomás, Madariaga, Giménez Fernández, Aguilar Navarro, Nárdiz e Javier Alvajar.

Di que ese Consejo Español creía moi útil que en México se creara unha sección especial similar a existente no interior de España, que estaba integrada por Giménez Fernández, Aranguren, Aguilar Navarro, Tierno Galván, Gil Robles, Ridruejo e outros. Con tal efecto, na embaixada española de México celebrárase unha xuntanza, quedando constituída a sección e formándose unha executiva provisional por Torres Campaña, Ayensa, Castrovido, Candela, Seara, Bullejos, Bosh Gimpera, Sbert, Ortuño, Francisco Barrilado, Rico, Benito, Giral e Juan Pablo García (“Colonia Española. Se agrupan los Europeístas”, *Novedades*, México, 14-9-1965: AMB, FA, 6118).

Sobre o Congreso de Boon, na folla nº 4, solta, dunha carta de Javier Alvajar ao Consello de Galicia, dilles que vai asistir á próxima xuntanza do “Consello Federal Español do Movemento Europeo”. Pídelles que dean publicidade á Declaración do Consello do Congreso de Boon (1972), facendo recalcar que unha representación galega asistiu oficialmente a el:

Lo mismo que decir que ante el Movimiento Europeo la única representación de nuestro país es la de la Delegación del Consejo de Galicia incorporado desde hace años al Consejo Federal Español del Movimiento Europeo. Esto para animar a nuestros amigos del interior.

Presenta gastos da viaxe a Boon, que reportan 850 francos. E envíalles, por correo a parte, unha invitación a un congreso ou conferencia, a celebrar en Holanda, sobre os problemas das minorías nacionais en Europa, e unha carta que acababa de recibir, rogándolle enviase o impreso -que lles xunta- sobre as minorías lingüísticas en Europa Occidental (AMB, FA, 6118).

Javier Alvajar será membro suplente do “Comité Director do Movemento Europeo” en 1974: dun total de 84 dirixentes, formaban parte como titulares Manuel de Irujo, Carlos Martínez Parera e Josep Sans, sendo tamén suplente Juan Sauret. Formaban parte neste momento da institución organizacións de Alemania, Austria, Bélxica, Gran Bretaña, Dinamarca, España, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Luxemburgo, Malta, Holanda, Noruega, Suecia e Suíza; entidades como a “Asociación Europea de Ensinantes”, o “Consello das

Comunidades de Europa”, a “Liga Europea de Cooperación Económica”, o “Movemento de Esquerda Europeo”, o “Movemento Liberal por unha Europa Unida”, a “Unión Europea dos Demócratas Cristiáns”, a “Unión dos Federalistas Europeos”, a “Unión de Resistentes por unha Europa Unida”, os grupos demócrata-cristián, liberal e socialista do Parlamento Europeo, a “Confederación Europea de Sindicatos”, o “Comité das Organizacións Profesionais Agrícolas da CEE”, a “Xuventude Europea Federalista”, a “Asociación de Xornalistas Europeos”, a “Federación Internacional de Casas de Europa” e a “Asociación Europea dos Cheminots”, estando asociadas organizacións de Bulgaria, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, Romanía e Iugoslavia (AMB, FA, 6118).

4.2. Participación na “Unión de Fuerzas Democráticas”.

A «Unión de Fuerzas Democráticas», chamada primeiramente «Pacto de París», fora creada coa fin de ofrecer unha alternativa ao réxime franquista que servise tanto aos grupos da oposición no interior como aos exiliados. A UFD estaba formada por: PSOE, “Izquierda Democrática Cristiana”, ARDE, PNV, ANV, UGT, “Solidaridad de Trabajadores Vascos” (STV), Consello de Galicia, “Irmandades Galegas” e o grupo de “Monárquicos Parlamentarios Constitucionales”. Nun primeiro momento, existiu a oposición, por parte de grupos como o PSOE, e mesmo os vascos e cataláns, que non recoñecían ás «Irmandades» como órgano político dos exiliados galegos, a que estas entrasen no «Pacto de París». Nunha carta de resposta de Suárez Picallo a Javier Alvarado, da que xa antes comentamos algo, quéixase o galeguista:

Mentas tanto quero facerlle notar que acerta vostede de cheo na súa suposición das causas que moven a posición socialista. Xa fai tempo se falou de formar un Partido Socialista Galego. Formarao Juan Jesús Gonzales, canteiro, mestre de escola e abogado con apoio de socialistas ilustres, coma o Doctor Quintanilla de Ferrol. Os dous foron fusilados. Pero chegarase a eso tarde ou cedo, cando Galicia afirme a súa personalidade política. Nós coñecemos as causas da posición dos vascos. Eles, por manterse, necesitan de Prieto que ten moita forza en Bilbao. E Prieto é noso enemigo xurado. O propio Aguirre despois de animar a Castelao a fundar o Consello de Galicia, e de telo recoñecido, variou de aitude por esixencia de Prieto. E, como ve, unha longa historia que xa lle contarei.

En troques estrañounos a aitude de Izquierda R(epublicana). coa que o “Partido Galeguista”, do que as Irmandades son continuidade, tivo desde Agosto de 1934 un pacto de alianza que sempre respetamos. E tamén a posición da C.N.T., pra que dibuxou Castelao o seu album «Atila en Galicia», e da que eu fun abogado na Cruña, e, en plena guerra civil, en Aragón, sacando das cárceles de Lister 1.400 afiliados, cando nelo me iba a cabeza...». (Bos Aires, 20-5-1958: AMB, FA, 6126).

Ante estas reticencias iniciais, o Consello de Galicia e a delegación en París deciden deixar para máis adiante a idea de incorporárense ao «Pacto de París», cousa que se acadará, en boa medida polas boas relacións do máximo dirixente do PSOE, Llopi, como polas xestións realizadas por José Maldonado, presidente de ARDE.

Dispoñemos, sen embargo, de documentos oficiais desta época que nos informan sobre as negociacións que se levaban, os acordos tomados, etc.

Así, nunha nota confidencial, sen data (pero da época na que Salvador Etcheverría era ministro). Fálase nela das negociacións que se levaran a cabo en Burdeos, e da xuntanza celebrada en París na que estivera presente Etcheverría, ministro de Información e Propaganda, que debería permanecer no anonimato; tiña que ver con relacións cos do

“interior”; o departamento de Estado norteamericano pedira copia do documento (AMB, FA, 6118).

Relacionado co anterior é outro documento polo que sabemos que a reunión de París celebrouse o 23 de febreiro de 1957 nos locais do PSOE. Sabemos que o documento citado antes fora publicado en *España Libre*. Nesta reunión decidiuse deixar para outro momento o tema da autonomía, aínda que os documentos recibidos de España sempre facían alusión a ela. Os cataláns e vascos presentan un documento no que apoian o tema republicano pero piden que se teña en conta o da autonomía. Asinan PNV, ERC, ANV e STV. Acórdase que esta declaración será tida en conta no estudo que se realice sobre os supostos que contén o documento enviado desde Madrid.

Os supostos ou puntos de coincidencia que se enumeraban no documento de Madrid eran:

- 1.- Constitución Política.
- 2.- Dereitos e garantías públicas.
- 3.- Réxime de partidos.
- 4.- Mantemento rigoroso da orde pública.
- 5.- Saneamento material e espiritual do país, sen incorrer en represalias.
- 6.- Asimilación da guerra civil como un feito histórico.
- 7.- Solución do problema rexional.
- 8.- Compromiso para facer dos diferentes partidos políticos órganos de goberno e base da estabilidade nacional.

9.- Independencia entre a Igrexa e o Estado, regulada por un Concordato (AMB, FA, 6118).

No órgano de prensa do Goberno vasco encontramos tamén unha importante noticia da “Unión de Fuerzas Democráticas”. Di que se fixo pública a noticia en Madrid o 27 de xuño, e que os delegados entregaran en varias embaixadas o texto do acordo suscrito. Ven o texto do Acordo. Logo dunha introducción, lemos:

Las fuerzas políticas democráticas del país, conscientes de que sólo una acción común de los distintos grupos puede precipitar la caída de la dictadura totalitaria que padece España y evitar una situación de caos que engendraría una nueva dictadura de cualquier signo, convienen en contraer un compromiso que ha de basarse en los postulados siguientes:

- 1.- Se ejercerá una política de total oposición al actual régimen, negándosele toda colaboración y combatiéndole por cuantos medios eficaces sean posibles.
- 2.- Se aceptará como único sistema político la democracia. Para ello preconizamos que a la desaparición del régimen franquista se establezca una situación transitoria con un Gobierno provisional sin signo institucional definido, que otorgue una amplia amnistía, restaure las libertades políticas y convoque elecciones para que el pueblo español, con absolutas garantías, opte por el régimen que prefiera y que todos los españoles estarán obligados a acatar.
- 3.- Con un firme propósito de paz civil, las fuerzas democráticas contribuirán a modelar las futuras estructuras políticas del Estado y, entre ellas, las correspondientes a los pueblos que la integran, cuyos derechos han de ser respetados, abriendo para ello cauce a sus aspiraciones autonómicas mediante la libre expresión de su voluntad y disponiendo oportunamente las medidas propias al natural desenvolvimiento de su respectiva personalidad durante la situación provisional prevista en el apartado segundo.
- 4.- Reafirmando la abierta oposición a toda clase de dictaduras las fuerzas firmantes del presente acuerdo no aceptarán coalición alguna con fuerzas de signo totalitario, sea comunista, sea fascista.

5.- La política exterior de España habrá de orientarse en el sentido de afirmar una solidaridad con todos los pueblos libres del mundo y muy especialmente con los países europeos e hispano-americanos, con los que se intensificarán las relaciones espirituales y económicas en el máximo grado que puedan lograrse.

6.- Se mantendrá una firme colaboración entre los grupos signatarios de este acuerdo que durará por lo menos hasta que se consiga derrocar la dictadura, liquidar con la mayor serenidad y energía todas las responsabilidades contraídas por la misma y en el Plázo más breve posible establecer las normas que permitan la convivencia de los españoles dentro de una auténtica democracia.

7.- Los partidos y organizaciones signatarios conservarán sus respectivos programas y ejercerán su acción política independientemente por sus propios medios, pero acuerdan constituir un instrumento de colaboración que se denominará “Unión de Fuerzas Democráticas” al cual se someterán para su estudio y resolución los proyectos y decisiones, que cada uno considere convenientes para el logro del programa común. Los partidos y las organizaciones signatarios se prohíben en tanto dure la vigencia del acuerdo cualquier alianza marginal a éste que no sea aprobada en común.

8. –Podrán ingresar en la U.F.D. los grupos manifiesta e inequívocamente democráticos que acepten los puntos fundamentales de este compromiso. También podrán colaborar las personas que cumplan las mismas condiciones.

Esta declaración confirma las coincidencias manifestadas en las conversaciones celebradas el cinco de abril de mil novecientos sesenta por las fuerzas políticas y sindicales signatarias. Si, pese a lo acordado, se produjera una situación de hecho que no correspondiera a la prevista en este documento los firmantes se reservan el derecho de adaptar su actitud, llegado el caso, a la significación y consuetudina (¿) de la situación que hubiese sido establecida.

Izquierda Demócrata Cristiana. Partido Socialista Obrero Español. Acción Republicana Democrática. Unión General de Trabajadores de España. Partido Nacionalista Vasco. Acción Nacionalista Vasca. Solidaridad de Trabajadores Vascos” (*Euzko Deya*. Suplemento do nº 456 do 1-7-1961. Nº 3420, 3-7-1961: AMB, FA, 6118).

En marzo de 1962 o Consello de Galicia comúncalle a César Alvarjar que o Consello fixo xestións coas “Irmandades Galegas” para entraren, a través da de Bos Aires, na UFD, aceptando as condicións estatutarias que esta tiña, e que querían saber se nese organismo estaban representados os gobernos vasco e catalán, porque o Consello considerábase unha entidade similar e só entraría nas mesmas condicións (Alvarjar López, Javier, 1989).

Entre 1963-1964 o Consello de Galicia e as “Irmandades” ingresan como membros de pleno dereito, asistindo con regularidade ás súas xuntanzas.

De finais de 1966 é un documento da UFD no que se fala dunha xuntanza celebrada en París o xoves 1 de decembro de 1966, á que asisten os partidos que a forman. Fálase nela do escrito que dirixiron ao goberno de Franco os grupos de oposición do interior. Ese escrito fora redactado nunha reunión en Madrid, asistindo como observadores o PSOE, ARDE, vascos e cataláns, que se amosaron disconformes co escrito, manifestando que a única postura digna era que se recomendase a abstención. Xustificaron esta postura na Declaración da UFD, que decía que en ningún momento se colaboraría co Réxime, e que pedir o voto negativo xa supoñía un recoñecemento. Franco e o seu goberno non aceptaron nada deste documento. Javier Alvarjar di que a UFD decidiu publicar un manifesto no que xa aparece como asinante a “Irmandade”, pero que ten problemas para que a recoñezan como organización política. Di que gracias á amizade que mantén con Llopis, Maldonado, Valera e Irujo, puido solventar este problema, pero que para eles sería mellor que o asinara

o Consello de Galicia, ao que consideran máis político. Di que ese mesmo día saíu en avión unha copia do manifesto para Madrid (AMB, FA, 6118; Alvajar López, Javier, 1991).

4.3. Participación na “Unión Federaliste de las Communautés Ethniques Europeenes”

Esta organización tivera un precedente no período entreguerras: o chamado “Congreso das Nacionalidades”, que, integrado na Liga de Nacións, traballaba a prol dos dereitos das minorías nacionais. Logo de desaparecer na época hitleriana, en 1949 fúndase en París a «Unión Federalista das Comunidades Étnicas Europeas», sendo o seu primeiro presidente o valón belga Charles Prismanier, e o primeiro secretario xeral o bretón Joseph Martrai.

O Consello de Galicia e as “Irmandades” ingresan en maio de 1969 nesta organización, previa petición por escrito do Consello de Galicia, que remitira carta, datada o 9 de abril dese ano en Bos Aires, asinada polo secretario de goberno do mesmo, Valentín Fernández.

O ingreso fíxose nun Congreso que se celebrou entre os días 15 e 18 de maio de 1969, no “Cinema Central”, sito na Avenida da República, en Colmar (Alsacia-Francia). Asistiron, representando ao Consello e ás “Irmandades”, Javier Alvajar e Antonio Álvarez. A se do Consello estaba en 17 Quai aux Fleurs, F-75 Paris IV.

No programa, na sesión do día 18 había un punto que trataba das solicitudes de admisión; eran as seguintes:

“The 1320 Club” (Escocia); “Vlaamse Vrienden in Frankrijk” (Lille); “Parti Socialiste Occitan”; “Were Di” (Gante, Bélxica); “Conseil de la Galice et de la Fraternité Galicienne” (París) e “Comité Européen de Défense du Peuple Breton” (París). Só se aceptaron as representacións belgas (con poucos votos) e a galega, con dúas abstencións.

Asistiron representacións destes organismos:

“Unión des Kossovars”, “Sudetendeutscher Rat”, “Foriining für Nationale Fräsche”, “Were Di”, “Sydslesvigsk Forening”, “Evenska Samernes Riksförbund”, “Cercle-Réne-Schickele-Kreis”, “Committee of Ukrainian Organisations”, “Narodni Svet Koroskih Slovencev”, “Ligue Prizren Exile”, “Sudetendeutsche Jugend”, “Foreningen af Sydslesvigs Studerende”, “Europa Ethnica”, “Presse Bern”, “Deutscher Jugendverband für Nordschleswig”, “Foriining für Nationale Fräsche”, “INT Furlane”, “Seliger Gemeinde”, “Maire de la Ville de Colmar”, “Dolmetscher”, “Arbeitsgemeinschaft Ostbelgien”, “Bund Deutscher Nordschleswiger”, “Associazione Federalista della Communita Sarda Sardegna Libera”, “Organisation der FUEV”, “Gesellschaft der Freunde Suedtirols”, “Sudetendeutsche Jugend”, “Vaermlands Folkmarksforening”, “Comité Europeen de Defense du Peuple Breton”, “Ligue Prizren Exile” e “Suedtiroler Volkspartei”.

Non asistiron, pero tamén estaban integrados na UFCE, o PNV, representando aos vascos do interior, e “Embata”, representando aos vascos-franceses (AMB, FA, 6118; Alvajar López, Javier, 1989 e 1991).

4.4. Relacións co Goberno Republicano, e cos Gobernos vasco e catalán no exilio

A delegación en París do Consello de Galicia mantivo estreitos contactos tanto cos gobernos republicanos no exilio. As relacións con personalidades como Diego Martínez Barrio, Félix Gordón Ordás, Fernando Valera, José Maldonado, Emilio Herrera ou Julio Just eran mesmo de amizade persoal. Moi boas relacións se mantiveron tamén con José Tarradellas, presidente da Generalitat de Cataluña, ou co vasco Manuel Irujo. A representación do Consello de Galicia é constantemente informada das directrices políticas, cambios de gabinete ministerial, viaxes, etc.

Unha extensa correspondencia acredita estas excelentes relacións. Algúns exemplos:

-Copia de carta de Joseph Tarradellas a Suárez Picallo e Alonso Ríos, do Consello de Galicia (Saint Martin le Beau, 3-7-1958) (AMB, FA, 6125). Dille que recibiu a mensaxe de Alvajar para entrevistarse con Canabal, pero non puido celebrarse. Comunícalle que Santaló quere colaborar todo o que poida cos galegos da Arxentina (esta copia vén cunha carta de Tarradellas a Alvajar da mesma data, na que lle comunica ese envío).

-Carta de Josep Tarradellas, presidente da Generalitat de Catalunya, a Alvajar (San Martin le Beau, 27-6-1958) (AMB, FA, 6125). Comunícalle que xa sabe da súa designación como delegado das “Irmandades” en Francia. Quere entrevistarse con el, informándolle que o mércores 2 estará en París. Hai anexa copia da carta de Tarradellas a Josep Santaló, delegado catalán en Bos Aires (3-7-1958). Infórmao sobre a entrevista mantida con Alvajar, e que na última xuntanza do Comité de París o PSOE negouse á entrada da “Irmandade”, postura que secundaron o PNV e ERC, co conseguinte disgusto de Alvajar. Tarradellas dille que a el non lle parece ben o pacto de París e que a “Irmandade”, ao final, estará agradecida de que non a convidasen.

-Copia da carta que Tarradellas lle enviou a Josep Santaló a Bos Aires (3-7-1958), co texto en catalán (AMB, FA, 6126).

-Saúda do secretario particular do Presidente de Cataluña, Joseph Tarradellas, a César Alvajar, comunicándolle que este vai viaxar a América, polo que lle pide que o telefonee o 24 de maio de 1959 ao hotel no que vai estar en París, antes de marchar –ese mesmo día-. Datada en Choisy-le-Roi (Seine), sen data (AMB, FA, 6125).

-Carta particular de Félix Gordón Ordás, presidente do Consello de Ministros, a Alvajar (París, 27-5-1959), na que lle comunica que xa regresou da súa viaxe de varios meses por América, e que está de novo á súa disposición (AMB, FA, 6125).

-Carta de Félix Gordón Ordás, presidente do Consello de Ministros (París, 27-5-1959), convocando a César Alvajar a unha xuntanza restrinxida (Goberno, presidentes catalán e vasco, dirixentes de partidos e sindicatos, deputados, altos cargos civís e militares, etc) para informar da visita; íase celebrar o 5 de xuño (AMB, FA, 6125).

-Carta do presidente do Consello de Ministros da República, Félix Gordón Ordás (París, 12-6-1959). Dille que co gallo de cambiar impresións sobre o memorándum “Autonomías Regionales” que lle remitiran as forzas políticas do interior, o convocaba a unha xuntanza de forzas políticas e sindicais do exilio interesadas neste problema; a xuntanza celebraríase o 17 de xuño, na sé do Goberno (AMB, FA, 6126).

-Carta de César Alvajar ao presidente do Goberno republicano, Gordón Ordás (París, 17-6-1959). Dille que se dispoñía a asistir á xuntanza para a que o convocara cando soubo do acordo de vascos e cataláns de non asistir a ela, por razóns que ao parecer lle expuxeran nunha carta dirixida a el. Como os galegos tiñan concertada a acción no que ao respecto das autonomías se refería, con eles, non podía asistir. Tentara avisalo pola mañá telefonicamente, pero fora imposible lograr a comunicación (AMB, FA, 6126).

-Carta de César Alvajar a Javier de Landáburu (París, 17-6-1959). Acusa recibo da súa nota. Dille que non vai asistir á xuntanza convocada por Gordon “ya que la ausencia de catalanes y vascos, con quienes los gallegos han de concertar su acción para dar realidad a sus legítimas aspiraciones, haría inútil y extraña mi presencia” (AMB, FA, 6125).

-Copia do escrito enviado á prensa polo presidente do Goberno da República no exilio, Emilio Herrera Linares (París, 7-5-1960), comunicando o seu nomeamento por parte do presidente da República (AMB, FA, 6125).

-Carta de César Alvajar a Emilio Herrera, presidente do Goberno republicano (París, 16-5-1960). Acusa recibo da carta de Herrera do día 11, na que lle comunicaba o seu nomeamento. Ponse á súa disposición. Na carta tamén lle informa que na consulta que lle fixo o presidente da República en carta do 24 de abril, díxeralle a este que desexaba que se tivese en conta aos galegos de América e ás súas aspiracións autonómicas, sancionadas en plebiscito, concedéndoselle igual trato que aos outros países diferenciados; esto mesmo dillo a Herrera (AMB, FA, 6125).

-Carta do presidente do Consello de Ministros, Emilio Herrera, a César Alvajar (París, 30-7-1960). Agradécelle as súas palabras de apoio. Dille que está preparando a composición do Goberno, explicándolle os criterios. Participará nel unha delegación xuvenil de España -sería Kindelán- (AMB, FA, 6125).

4.5. Os ministros republicanos galegos

4.5.1 Salvador Etcheverría Brañas

Naceu en Ferrol o 22 de maio de 1894 e morreu en París o 23 de setembro de 1957. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1917, dedicouse á xestión dos negocios herdados dos seus pais, casando con Carmen Vázquez de Hermida. En 1924 é requerido polo xeneral Primo de Rivera para ocupar un cargo político na Coruña. En 1930 foi un dos fundadores da «Organización Republicana Galega Autónoma», ingresando posteriormente no “Partido Republicano Radical Socialista”. Ocuparía o cargo de gobernador civil de León entre 1932 e 1933. Acompañará a Gordón Ordás na escisión que daría lugar a “Unión Republicana”, xunto cos membros do “Partido Republicano Radical-Demócrata” de Martínez Barrio, sendo un dos máis importantes dirixentes da provincia da Coruña. Nestes anos forma parte da loxia masónica “Pensamiento y Acción, nº 11” da Coruña. Detido na Coruña durante a sublevación, consegue, nun permiso carcerario conseguido por un amigo influínte, pasar, en xaneiro de 1937, a Portugal e logo a Cuba. Nestes anos da guerra civil ocupa algún cargo en Centroamérica, entre eles o de cónsul xeral en Veracruz. Finalizada a guerra, trasládase a México, onde participa na fundación da “Alianza Nazional Galega”. En 1946 é nomeado encargado de negocios da República en Guatamala ata 1947, cando este país recoñece a Franco. De novo en México, ocupa a representación da República nese país. En xaneiro de 1955 é nomeado ministro de Información e Propaganda do Goberno republicano no exilio en 1956, presidido neste momento por Félix Gordón Ordás, trasladándose a París, ata a súa morte, sendo soterrado no cemiterio de Auteuil, nun acto no que tomou a palabra César Alvajar, asistindo o presidente do Goberno, Gordón Ordás, o ministro de Gobernación, Fernando Valera, o de Xustiza, Julio Just, o presidente do Goberno de Euskadi, Aguirre, Javier Alvajar e Carlos Etcheverría, fillo do finado. O seu posto será asumido polo propio Gordón Ordás, delegando na persoa de Javier Alvajar, secretario do Ministerio durante o mandato de Etcheverría (Etcheverría, 1989: passim; Gómez Rivas, 1996: passim; AMB, FA, cartas; Grandío Seoane, 2001:160; *Repertorio*, 2001: biografía nº 552)

4.5.2. Jesús Canabal Fuentes

Naceu en marzo de 1897 en Amenal (O Pino). En 1910, con 13 anos, emigra á Arxentina cos seus pais e irmáns. Uns anos máis tarde traballa nunha papelería. En 1914 participa na fundación da “Agrupación Artista Galega de Bos Aires”, tendo constantes relacións, nos

anos seguintes, coas iniciativas galeguistas. Nomeado xerente da empresa papelreira, “Iturrat”, en 1918, trasládase á delegación que a empresa tiña en Montevideo. Debido á recesión internacional, esta delegación pecha, pero Canabal decide seguir no mesmo ramo e funda, cos seus irmáns, a empresa “Jesús Canabal y Hnos. Fábrica de Sobres”, comenzando a fabricar un sobre denominado “Suevia”. En 1921 adquiren a papelería de Xaime Bech, incorporándose outro irmán á empresa. En 1925 tiñan varios locais e 40 empregados. En 1937 funda a “Industria Papelera Uruguaia Sociedade Anónima” (IPUSA). En 1948, na cidade uruguaia de Pando constrúe unha nova fábrica que empregará a máis dun cento de obreiros.

A raíz da constitución do Consello de Galicia iníciase unha estreita relación entre Canabal e Castelao, tanto debido ás visitas deste a Montevideo como polas viaxes de Canabal a Bos Aires.

En 1950 participa na fundación do programa radiofónico “Sempre en Galicia”, en “Radio Carve” de Montevideo. Tamén foi directivo da “Casa de Galicia da Asociación Española de Socorros Mutuos”. En 1956 preside o primeiro “Congreso da Emigración Galega” de Bos Aires. Este mesmo ano funda en Uruguai o “Banco de Galicia”. En 1959, por iniciativa de “IPUSA”, créase a “Sociedade de Celulosas do Uruguai, S.A.” co obxectivo de fomentar a produción de madeira deste país. Nesta década dos cincuenta realiza varias viaxes a Europa, con fins comerciais, aproveitando os mesmos para realizar distintas tarefas patrióticas. Entrevístase en diferentes ocasións con César Alvar, representante do Consello de Galicia en París. Liberais e masóns ambos os dous, axiña simpatizarán. Nestas viaxes a Europa adoitaba Canabal achegarse uns días a Galicia, onde mantiña contactos cos galeguistas do interior.

Gracias ás xestións de César Alvar, e a pesar das súas resistencias a ser nomeado Ministro da República no exilio.

Cñecemos bastante ben o proceso gracias á correspondencia de Alvar con Suárez Picallo e co propio Canabal.

En carta de César Alvar a Suárez Picallo (París, 8-8-1960), infórmao que recibiu carta de Canabal comunicándolle que non pode aceptar o cargo, e que faga o posible para que o nomeamento non se leve a cabo. Dille que teñen que actuar rápido, porque non se pode perder esa oportunidade, e que escriban ao Goberno disculpando a Canabal, e propoñendo a outro (Tobío, por exemplo), asegurándose de que acepte primeiro; el axudara nas xestións. Recibiu carta de Herrera pedíndolle a súa opinión sobre o gabinete ministerial; Alvar expresoulle o seu apoio, agradecéndolle a designación de dous galegos para encargarse de importantes funcións en América:

Es menester, pues, que fijéis vuestra posición en ese aspecto y ese debe ser el pretexto de que os dirijáis al Gobierno, Plánteándole, al socaire, la sustitución de Canabal por otra persona, y poniéndome en autos de todo. Llévalles así, sin más, la renuncia de Canabal sería de un efecto deplorable, y a mí, con franqueza, después de mis gestiones –aunque la designación de personas fue espontánea del Presidente- me da rubor irles con la negativa.

Infórmao de que lle escribiu a Canabal. Por estes motivos, aprazou a súa viaxe de descanso a Besançon, na espera de noticias; o seu fillo Javier está de viaxe por Bretaña, para contactos con entidades bretonas (AMB, FA, 6125).

En carta a Canabal, César lamenta a súa decisión de non aceptar o cargo. Dille que, oficialmente, non pode saber a decisión do goberno, porque lla dixo el extraoficialmente,

proponéndolle que, de momento, espere, para poder solucionar en Bos Aires o problema. El xa lle explicará o asunto a Herrera, no seu momento, para deixalo ben (París, 8-8-1960: AMB, FA, 6125).

Recibe César carta de Canabal na que lle di que acaba de recibir a súa “confidencial” comunicándolle o nomeamento, pero lle pide que non se produza dado que, debido ao seu cargo no Banco de Galicia, non pode aceptar; recomenda para o posto a Lois Tobío (Montevideo, 10-8-1960: AMB, FA, 6125).

Uns días despois é Picallo quen escribe a Alvajar. Dille que estivo tres meses internado por enfermidade, polo que se retrasou en contestar. Están moi contentos co nomeamento de Jesus Canabal como ministro plenipotenciario do Goberno da República para toda América do Sur, como representante dos galegos emigrados, «tanto por lo que ello significaba tu eficiencia diplomática al servicio de Galicia, como por el acierto en la designación de la persona»; pero que se preocuparon moito ao saber, tamén por Alvajar, que non quería aceptar, circunstancia que obrigou a que se dispuxesen para saír inmediatamente cara Montevideo a Antón Alonso Ríos e Antonio Alonso Pérez, coa intención de convencer a Canabal ou para que este suxerise outra persoa. Infórmao que se vén de reorganizar o Consello, e que un incidente persoal entre Antón Alonso Ríos e Abraira provocara un virtual rompemento entre o vello grupo e estas novas correntes. Pono ao corrente das Comisions formadas. Cre -dillo de forma confidencial-:

...temo mucho que la renuncia de Don Jesús tenga algo que ver con estas incidencias, ya que él, muy amigo de sus amigos, gran señor, gran republicano y gran gallego, está muy vinculado con el núcleo anterior que no quiere cooperar en esta nueva fase del Consejo de Galicia...

Sobre Vázquez Gayoso, a quen coñece ben, e ao que cualifica como bo galego e bo republicano e home honorable, está demasiado implicado non só coa revolución cubana, que todos apoian, senón con Fidel Castro, ao que non apoian tanto (Bos Aires, 18-8-1960: AMB, FA, 6125).

En dúas novas cartas cóntalle Picallo a Alvajar algunhas novidades. Na primeira, que tivo unha entrevista con Canabal en Bos Aires, e, pesie ás súas reticencias, conseguiron que acabase aceptando o cargo de ministro. Xa recibira información de parte de Valera, pero aparecía como representante da República en Uruguai, e non ministro para América; tampouco tiña aínda a credencial. Pídelle a Alvajar que aclare o asunto, porque en Montevideo xa había un representante do Goberno republicano, o doutor Cancela; na segunda, segue insistindo no asunto da clara delimitación do cargo de Canabal (Bos Aires, 15-11-1960 e 6-12-1960: AMB, FA, 6125)...

O asunto aclarouse definitivamente a finais deste ano 1960. En carta de Picallo a César Alvajar, acusa recibo da carta de Alvajar de carta do 29 de decembro sobre as conversacións con Fernando Valera e con Emilio Herrera; Picallo cre, con Alvajar, que non haberá problema para que Canabal desempeñe o cargo: «Ministro Plenipotenciario para toda la América del Sur, Coordinador del esfuerzo gallego a favor de la República Española y de la autodeterminación de Galicia...»

Nesta mesma carta o Consello de Galicia amósase extraordinariamente compracido ao ver que, nun texto oficial do Goberno da República, titulado DOCUMENTOS PARLAMENTARIOS, aparezan, ademais da Constitución e os Estatutos vasco e catalán, o «...Estatuto de Galicia, con los antecedentes de su anteproyecto, de su proyecto y de su plebiscito. Este documento, del que sólo tenemos un ejemplar, ha causado aquí enorme

impresión, ya que es la primera vez que en el orden jurídico constitucional e institucional de la República, aparece acoplado y asociado el Estatuto de Galicia con sus respectivos antecedentes.

Supongo, y suponemos todos, que ésto es obra tuya y de tu hijo Javier; por ello te felicitamos efusivamente...» (Bos Aires, 19-1-1961: AMB, FA, 6126).

Segundo un informe gubernamental, datado en París o 1-7-1960, referente ao Goberno de Emilio Herrera, Canabal aparece xa como Ministro Plenipotenciario, Delegado oficioso en Uruguai (Alted Vigil, 1993: 203-205), aínda que outros autores retrasan a incorporación de Canabal ao Goberno á data de 12-1-1961 (Cabeza, 1997, 302).

Xa da etapa de Canabal exercendo o cargo coñecemos unha carta de Picallo a César, sen data, na que o informa de que pasara por alí Fernando Valera, organizándosele varias recepcións. Pídelle a César que fale con Valera para saber do que falou en Montevideo con Jesús Canabal, ministro do Goberno. Tamén realizaron unha xuntanza para trataren do ingreso de Galicia no movemento europeísta; en relación con isto, mándalle un borrador da adhesión, pedíndolle se é necesario que asinen todos (AMB, FA, 6118).

Nos derradeiros anos da súa vida axudou moito ao “Patronato da Cultura Galega” de Montevideo, cidade na que faleceu o 29 de agosto de 1985 (Pérez Leira, 2001).

4.6. Creación da Irmandade Galega de París.

Ademais do traballo relacionado coa delegación do Consello de Galicia en París, Alvajar e o seu fillo propiciaron o nacemento da “Irmandade Galega” en París, que comezou a planificarse en 1962 (cartas da “Irmandade Galega” de Arxentina a César Alvajar, 5-11-1962 e 1-2-1963: AMB, FA, cartas), estando xa elixida a súa directiva en 1963, coa seguinte xunta directiva: presidente: César Alvajar Diéguez; secretario, Julio Gómez; tesoureiro, David Vila; contador, Javier Alvajar; vocais, Daniel Álvarez Quintas, José Vieitez Iglesias e José Luis Figueiras Vázquez (carta de César Alvajar á “Irmandade Galega” de Bos Aires, París, 15-3-1963: AMB, FA, cartas). Nesta mesma carta dilles que, dado que a “Irmandade” parisina está formada por xente modesta, pídenlles se poden facer en Arxentina algún festival para axudala. Recibirán libros enviados pola “Irmandade” arxentina (carta da “Irmandade” a César Alvajar, Bos Aires, 11-3-1964: AMB, FA, cartas), pero a cousa non chegou a callar de todo; así, en carta de César Alvajar a Manuel Martínez Lamela, do Consello de Galicia, dille que, así como a “Casa de Galicia” marchaba ben, a “Irmandade” que se constituíra fallara por causas que sería prolixo explicar; íase ver o interese de Galicia ligado a outros intereses ou supeditado a eles, e ante este risco máis valía aprazar o asunto para mellor ocasión (carta de maio de 1964: AMB, FA, cartas).

4.7. Fundación da “Casa de Galicia” en París

Francisco Javier Alvajar fundara a “Casa de Galicia” de París en 1956, en compañía do seu pai, César Alvajar, do socialista José Calviño Ozores (logo un dos fundadores do Partido Socialista Galego), de Manuel e Luis Colmeiro, de Salvador Etcheverría, dos Pena Romero -pai e fillo-, de José Ribada, de José Soto e José Varela, que conformaron a primeira directiva, que presidiría José Soto e da que sería secretario o propio Javier (Alvajar López, 1990: 142-143). Nos fondos documentais conservados, sen embargo, a primeira referencia que achamos é de 9 de decembro de 1958: nun escrito dirixido a César Alvajar, comunícaselle que o sábado 13 de decembro, nos sotos do Café “Le Royal”, sito na Pláce de la Comedie

Française, tería lugar a asemblea na que se aprobarían os Estatutos (que lle xuntan) e elixiríase a Xunta Directiva; a correspondencia dirixiríase a Juan Iglesias (AMB, FA, 6122). Xa que logo, é posible que Javier confundise, á hora de redactar o seu artigo, o ano da fundación.

Os Estatutos son sinxelos -só 12 artigos-; destacaríamos que, no artigo 1º, referido aos fins da entidade, dise:

Con el nombre de “Casa de Galicia” se constituye en París una Asociación que tiene por objeto reunir a todos los gallegos y amantes de Galicia residentes en Francia, con el fin de poder exaltar los valores gallegos, realizar estudios económicos y lingüísticos, fomentar y difundir la cultura y todas las manifestaciones artísticas, literarias o de cualquier otra índole que se produzcan o se hayan producido en Galicia (AMB, FA, 6122).

Dispuñan tamén un Regulamento de Réxime Interior que constaba de 31 artigos; algún sería modificado anos máis tarde, nunha asemblea celebrada en 1968 (AMB, FA, 6122).

En 1964 a “Casa de Galicia” tiña a seguinte Directiva: Presidente, José Lago Prieto; vicepresidente, Francisco Ferreira Serrano; secretario, Javier Alvajar López; vicesecretario, Eduardo García Maceiras; tesoureiro, Juan Díaz Vilariño; contador, Luis Ríos Dopazo; vocais, José Porta, Rosita Roca, Josefina Díaz Vilariño, Julio Arias del Río e José Álvarez. O coro da sociedade, “Alborada”, estaba dirixido por Ramón Chao, dirixindo o grupo de baile o mozo coruñés Pedro Marras; realizaban alboradas e actuaban en diversos festivais. A Comisión deportiva creara, e federara, un equipo de fútbol, o “Galicia”, no que xogaban López, Caamaño, Alvajar, Roca, Sandes, Pena, Didí, Milito, Lalo, Roncón e San Martín, e que esta obtendo moi bos resultados no torneo no que participaba. Pola súa banda, a Comisión de Cultura obtivera autorización para publicar un periódico bimestral –do que logo falaremos– e pensaba organizar conferencias, cursos de francés, etc., ademais de colaborar tanto co Ateneo Ibero Americano como con outras entidades de emigrados. Non dispuñan de local propio, realizándose os ensaios do grupo folclórico no Museo Social, na rúa Les Cases, e como lugar de xuntanzas xerais “La Maison des Jeunes et de la Culture”, na avenida Porte de Vanves (LVG, 11-12-1964)

Temos contancia doutra asemblea celebrada o 10 de xaneiro de 1965, na que se modifica algún artigo do Réxime Interior e se elixe a seguinte Directiva: Presidente: Ramón Garrido; vicepresidente, Eduardo García Maceiras; secretario, Javier Alvajar; vicesecretario, Francisco Pena; tesoureiro, Juan Díaz Vilariño; contador, Pedro Marras; vocais: Eugenio Urtaza, José Pérez, Francisco Guitián, Espinosa, V. Álvarez, Francisco Ferreira, Palmas, J. Álvarez e Vilariño (AMB, FA, 6122).

Catro meses despois, en maio, Alvajar, Pena, Marras e Pérez dimitirán debido a un incidente provocado por Ferreira, que tamén dimitiría posteriormente. Designaríase novo secretario a José Álvarez Castro e contador a Vicente Álvarez Rodríguez. O grupo folclórico realizara actuacións no “Alhambra”, nos recitais do “Foyer Internacional Católico”, na “Mutualité”, na Sala “Pleyel”, etc. O equipo de fútbol acabara a tempada en terceiro lugar e a Comisión artística estaba organizando bailes para a mocidade na Sala dos “Horticulteurs”, e prevía así mesmo desenvolver veladas artístico-culturais nunha sala de teatro. Seguían sen dispoñer de local propio (AMB, FA, 6122).

Respecto a outros festivais, dispomos de documentación que nos fala da celebración de dous.

O primeiro desenvolveuse o 14 de decembro de 1963 (deducimos o ano porque vén reseñada esta actividade nunha das revistas da entidade) a “Casa de Galicia” celebra un festival nun local no nº 8 da Avenida Mathurin-Moreau. O programa consistiu nunha actuación do grupo rítmico da “Casa de Galicia”, que abriu o festival, a actuación de “Les Canarias” (un trío vocal folclórico), do coro “Alborada” da “Casa de Galicia” e, como colofón, un grande baile coa orquestra “Los Madrigales” (AMB, FA, 6122).

O segundo consistiu nunha homenaxe ao trato lírico español, organizado polas Agrupacións españolas residentes en París, consistente na representación da zarzuela “Maruxa”, letra de Luis Pascual e música de Amadeo Vives, que se desenvolvería o 14 de marzo (cremos que de 1965) no Teatro Alhambra. A parte dos cantantes principais, participaba na zarzuela o Coro da “Casa de Galicia” de París, dirixido por Ramón Chao, o grupo de baile da mesma e unha orquestra sinfónica de 50 músicos. O director musical e de escea sería César de Mendoza Lasalle e o mestre concertador Ramón V. Tragan, encargándose dos decorados Sigfredo Burman e do vestiario a “Casa de Galicia”. En total, 120 executantes (AMB, FA, 6122). Respecto das publicacións, saíron, que saibamos, dúas revistas: *Ecos dos celtas*, intitulada “órgano de información portavoz de la “Casa de Galicia”-París”, dirixida por Pascual Sanz, e da que se conservan dous números do ano 1963, e *Galicia en Francia*, órgano de la “Casa de Galicia” en París, da que só coñecemos o nº 1, de maio ou xuño de 1964 (AMB, FA, 6122).

Do nº 1 de *Ecos dos celtas*, publicado probablemente no último trimestre de 1963 e con formato de catro páxinas, podemos destacar, ademais de que se imprimiu en multicopista, do saúda da publicación e da teima por dispor dun local propio, un artigo de Martín, titulado “Carta pros galegos que traballan por Europa adiante» -no que se fai eco dun poema de Celso Emilio Ferreiro-, a publicación dun libríño, en francés, do director da revista, Pascual Sanz, sobre “El Romance Sonámbulo” de Federico García Lorca, e a constitución da Comisión Cultural da entidade, que quedou formada por: presidente, Tizón de Aguiar (médico); vicepresidente, Pascual Sanz (profesor de francés); vocais: Ramón Chao (compositor), Miguel Carreira (xornalista, secretario de Embaixada), José Vieitez (mestre), José Luis Figueiras (licenciado en Ciencias Políticas), Javier Alvajar e Julio Arias del Río (en representación da Xunta Directiva); o Consello de Redacción da revista quedou formado por Pascual Sanz (director), José Vieitez e Javier Alvajar (AMB, FA, 6122).

E no nº 2, de decembro de 1963, con oito páxinas, infórmase dos contactos con outros grupos españois, así como cos bretóns. Volvera funcionar a Comisión Artística que, ademais do xa citado festival do 14 de decembro pensaba celebrar unha festa galega, para socios e familias, o día 29 de decembro, na que participaría o Coro, que se viña de reorganizar e á fronte do cal estaba agora o director de orquestra e compositor Carlos López García. Dedicáanse tres páxinas a reseñar declaracións e ponencias do Primeiro Congreso da Emigración Galega, que se celebrara en Bos Aires en 1956. Por último, inclúe a revista un artigo de César Alvajar, “Tópicos y Leyendas. La tristeza de los gallegos”, o poema “O vinculeiro” de Antonio Noriega Varela, o artigo “A nosa lingua”, de Xoán Vicente Viqueira, unha viñeta de Torres e algunhas novas breves; entre elas, a que anuncia a aparición, en Vigo, da colección “Cuadernos de Arte Gallego” –que nos permitiu poder datar a revista da “Casa de Galicia” en 1963, que é cando saen á luz os cadernos- (AMB, FA, 6122).

E sobre a revista *Galicia en Francia* xa mencionada, salientaremos que está editada en imprenta, sendo o seu xerente Javier Alvajar, e consta de catro páxinas. Respecto dos artigos, encontramos un titulado “Al margen de lo político” –datado en París o 22 de maio de 1964–, no que se fala da Nova Europa e do nacente Mercado Común, outros artigos tratan do tema da emigración ou se conmemora o aniversario do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia de 28 de xuño de 1936. No ámbito literario, inclúese o poema “Ruada”, de Evaristo Martelo Paumán, e congratúlase de que o xornalista e escritor galego, residente en Bos Aires, José Blanco Amor, fose nomeado Director da Cultura da Vicepresidencia da República Arxentina (AMB, FA, 6122).

4.8. Outras actividades culturais de Alvajar

Enviada a Julián Gorkin, coñecemos unha carta de Alvajar na que lle di que recibiu a súa carta do día 5 e o libro que a súa esposa lle mandara facer con maior seguridade as correccións necesarias da tradución que Gorkin lle encomendara. Sobre o que lle di de publicar en Cuadernos un artigo sobre as culturas vasca, catalana e galega, dille que no que á galega respecta está á súa disposición. Cre mellor, sen embargo, que reparta o traballo en tres números, para poder falar máis polo miúdo. Dalle a súa opinión sobre outras persoas que poderían axudar a Gorkin –cataláns e vascos– (París, 12-8-1959: AMB, FA, 6126). E tamén sabemos dunha carta de César Alvajar ao profesor de Historia Georges Peyronnet, que fixera un traballo sobre Galicia. O papel leva un membrete que dí: “Délégation à Paris du Conseil de la Galice et de la Fraternité Galicienne de Buenos Aires” (París, 29-10-1959: AMB, FA, 6125).

5. OUTROS PERSOEIROS REPUBLICANOS GALEGOS EN EUROPA

5.1. Salvador de Madariaga Rojo

Naceu na Coruña o 23 de xullo de 1886. Enxeñeiro de Minas, desempeñando este cargo entre 1912 e 1916 na explotación de “Ferrocarriles del Norte de España”. En 1916 marcha a Londres, onde será redactor de *The Times* e publica *Shelley and Calderon*. En 1921 ingresa na Secretaría da Sociedade de Nacións, renunciando en 1928 para ocupar a cátedra de Literatura Española na Universidade de Oxford ata 1931. Recén proclamada a República, foi nomeado profesor extraordinario da Universidade de México e despois embaixador da República en Washington e delegado de España ante o Consello da Sociedade de Nacións, na que foi membro da Comisión de Artes e Letras. Nas Constituíntes de xuño de 1931 sae elixido deputado a Cortes pola “Organización Republicana Gallega Autónoma”, que dirixía Casares Quiroga, e é nomeado vicepresidente terceiro do Congreso. En 1932 é nomeado embaixador en París, participando na Conferencia de Desarme en Xinebra, viaxando posteriormente por todo o mundo en representación da República. Azaña ofrécelle a carteira de Facenda, que non acepta. Si aceptará a de Xustiza e Instrucción Pública, durante o goberno de Alejandro Lerroux. Desencantado co xiro dereitista tomado polo “Partido Radical” de Lerroux, Madariaga dimite. A Guerra Civil sorpréndeo en Toledo. Co triunfo franquista, comeza o seu longo exilio.

En 1947 é nomeado presidente da Internacional Liberal, formando parte tamén do Consejo Federal Español del Movimiento Europeo. En 1950 o Congreso para la Libertad de la Cultura elíxelo presidente, xunto con Maritain, Jaspers, Croce e Russel. Dá conferencias

por todo o mundo, fala dende a B.B.C. e a radio francesa (ata que o franquismo consegue suprimilas): É proposto en varias ocasións para o premio Nobel de Literatura ou o da Paz. En 1956, o máis destacado da intelectualidade europea (Malraux, Jaspers, Schumann, Camus, Spaak, Mollet, Maritain, Romain, Maurois, Rusell..., ofrécenlle unha homenaxe como defensor da liberdade e a idea comunitaria, publicándose un libro polo Colegio de Europa, con sede en Bruxas, fundador por Madariaga en 1949.

Nos anos sesenta recibe os premios “Europa” e “Goethe”. A Universidade de Oxford o nomea doutor honoris causa. En 1962 participa activamente no Congreso do Movemento Europeo en Munich (o famoso «contubernio de Munich» para o franquismo) no que se debate, por parte de políticos residentes en España e exiliados o futuro do país, esixindo institucións democráticas. En 1970 é elixido membro da Real Academia da Historia. Instalado en Suiza (logo de abandonar Inglaterra) Madariaga recibe, en 1973, o Premio “Carlomagno”. En abril de 1976, morto Franco, Madariaga ven de visita a España. En maio le o seu discurso de ingreso na Real Academia Española. En xullo deste ano chega a Galicia, visitando A Toxa e A Coruña, a súa cidade natal.

O 14 de decembro de 1978, logo de recibir máis recoñecementos e condecoracións, falece en Locarno (Suiza). Autor prolífico, máis de 70 libros amosan o seu traballo en todos os eidos -ensaio, historia, teatro, poesía, narrativa, política, crítica literaria...- (Fernández Santander, 1994; López Prado, 1993; Parrilla, 1991; AAVV, 1976; Molina, 1987; Velo Pensado, 1987: 531-543; Alfonso Bozzo, 1976: 371; *Repertorio*, 2001: biografía nº 1154).

5.2. Ramón María Tenreiro Rodríguez

Naceu na Coruña o 16 de novembro de 1879 e morreu en Berna, Suíza, onde era embaixador de España, a mediados de xaneiro de 1939. Escritor, traductor e crítico literario, foi deputado nas Cortes Constituíntes da II República nas listas da ORGA coruñesa. A finais da República pertencía a “Izquierda Republicana”. Colaborou en xornais como *El Sol* ou *La Lectura*, escribindo tamén moitos contos e novelas: *Embrujamiento* (Madrid, 1908), *Lunes antes del alba* (Madrid, 1918), *El loco amor* (Madrid, 1921), *La balada del viento* (Madrid, 1927) e fixo unha adaptación para nenos de *La vida es sueño* e *El conde Lucanor*; traduciu *El túnel*, de Kellermann, *Clavijo* e *Afinidades electivas*, de Goethe (AAVV, 1966: 74; GEG, 1974: vol. 29, 72-73; González, 1990: 309-310; Vilanova Rodríguez, 1990: 256; Alfonso Bozzo, 1976: 371; Rodríguez Santamaría, 1999: 305; *Repertorio*, 2001: biografía nº 1965).

5.3. Serxio Andión Pérez

Naceu na Coruña. Formou parte do grupo denominado “jóvenes turcos” coruñeses, grupo de mozos fillos na súa maior parte dos vellos republicanos que chegaron a ser concelleiros nos primeiros anos do século XX. Profesor mercantil, deu clases na Escola de Comercio da Coruña. En setembro de 1907 asina o manifesto de Solidaridad Gallega, da que foi un dos líderes, intervindo en numerosos mitins, como en Cambre, Buño e Malpica en 1908. Membro da Universidad Popular Coruñesa. Intervén nun mitin do presidente do Directorio Republicano coruñés, Martínez Fontenla, en 1911. Sae elixido concelleiro republicano da Coruña, polo VI distrito, nas eleccións municipais de 12-11-1911, permanecendo no cargo ata 1915. Neste ano colabora na revista *España*, editada en Madrid, politicamente melquiadista. Fora suplente do Tribunal de Garantías Constitucionais, membro da O.R.G.A. e amigo persoal de Casares Quiroga. Ao finalizar a guerra civil exiliase

a París. No círculo de exiliados, estaba á marxe da U.N.E. Nos últimos anos da súa vida vivirá na casa de María Casares, ata a súa morte en 1978 (GEG, 1974: vol. 2, 84; Estévez, 1999: *passim*; Anasagasti, 1985: 215; AAVV, 1966: 73; Universidad Popular Coruñesa, 1908; Giadás Álvarez, 1997: 137, 361, 363, 366; 2001: 84, 97, 98; Cabo Villaverde, 2001: 181).

FONTES E BIBLIOGRAFÍA

FONTES

Arquivo Municipal de Betanzos (AMB), Fondo Alvajar.
Arquivo particular de Ana María Alvajar López (AAMA).
Fundación “10 de Marzo”: Arquivo Histórico de Comisións Obreiras de Galicia (AHCCOOG), Fondo Amador Martínez.

BIBLIOGRAFÍA

- AAVV, 1966, *Galicia Hoy*. Bos Aires: Ruedo Ibérico.
AAVV, 1976, *Homenaje a Salvador de Madariaga*. A Coruña: *Revista*, 12.
AAVV, 1978, *Elementos para la comprensión correcta de 40 años de exilio confederal y libertario*. París.
AAVV, 1986, *Catálogo de los archivos donados por Amaro del Rosal Díaz*. Madrid: Editorial Pablo Iglesias.
AAVV, 2001, *El Republicanismo coruñés en la historia*. A Coruña: Concello da Coruña.
ABELLÁN, José Luis.
(1976): *El exilio español de 1936*, 6 vols. Madrid: Taurus.
(1999): “*España Peregrina* y el significado del transtierro”. Xosé Luís Axeitos e Charo Portela (eds.), *Sesenta anos despois. Os escritores do exilio republicano*. Sada: Edicións do Castro-GEXEL, 117-124.
ALFEIRÁN RODRÍGUEZ, Xosé e Ana Romero Masiá, 2001, *Republicanismo coruñés. Aproximación histórica e selección documental, 1868-1936*. A Coruña: Concello da Coruña.
ALFONSO BOZZO, Alfonso, 1976, *Los partidos políticos y la autonomía de Galicia*. Madrid: Akal.
ALONSO FERNÁNDEZ, Bieito, 2000, *O exilio de Castelao*. Vigo: A Nosa Terra.
ALTED VIGIL, Alicia, 1993, *El Archivo de la II República Española en el exilio, 1945-1977 (Fondo de París)*. Madrid: Fundación Universitaria Española.
ALTED VIGIL, Alicia e Manuel Aznar Soler (eds.), 1998, *Literatura y cultura del exilio español en Francia*. Madrid: FEXEL-AEMIC.
ALVAJAR DIÉGUEZ, César, 1930, *Voces al viento*. A Coruña.
ALVAJAR LÓPEZ, Ana María.
(2000): *Notas sobre Amparo Alvajar, exiliada gallega*. Sada: Edicións do Castro.
(2003): *Soltando lastre*. Sada: Edicións do Castro.
ALVAJAR LÓPEZ, Francisco Javier.
(1989): «Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa», *Anuario Brigantino* 1988, 11: 125-136.
(1990): «Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa (II)», *Anuario Brigantino* 1989, 12: 175-206.
(1991): «Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa (III)», *Anuario Brigantino* 1990, 13: 141-202.
(1993): “La Coruña de mi adolescencia. Recuerdos de la Segunda República Española”, *Anuario Brigantino* 1992, 15: 149-174.
ÁLVAREZ, Santiago.
(1989): *Las milicias populares gallegas. Un símbolo de la Galicia antifranquista. Ensaio histórico*. Sada: Edicións do Castro.
(1988): *Memorias III. La lucha continúa...El exilio. la 2ª Guerra Mundial. El regreso clandestino a España (1936-1945)*. Sada: Edicións do Castro.
(1992): *Osorio-Tafall. Su personalidad, su aportación a la historia*. Sada: Edicións do Castro.

- ANASAGASTI, Iñiqui (ed.), 1985, *Castelao y los vascos*. Bilbao: Idatz Ekintza.
- ANÓNIMO, 1938, "Solidaridad Gallega Antifascista. Asamblea General Ordinaria", *Nueva Galicia*, 38, 25 de abril.
- A Nosa Terra*, 440 (Bos Aires, xullo 1945); 462 (Bos Aires, xuño 1948); 502 (Bos Aires, maio 1959); 507 (Bos Aires, xuño 1964).
- ARES BOTANA, Óscar, 1996, *Casares Quiroga*. A Coruña: Vía Láctea Editorial-Concello da Coruña.
- AXEITOS, Xosé Luís e Charo Portela (eds.), 1999, *Sesenta anos despois. Os escritores do exilio republicano*. Sada: Edicións do Castro-GEXEL.
- CABEZA SÁNCHEZ-ALBORNO, Sonsoles, 1997, *Historia política de la Segunda República en el exilio*. Madrid: Fundación Universitaria Española.
- CABO VILLAVERDE, Miguel, 2001, "Republicanismo coruñés e agrarismo". AAVV, 2001, *El Republicanismo coruñés en la historia*. A Coruña: Concello da Coruña, 179-184.
- CASARES, María (1981): *Residente privilegiada*. Barcelona: Argos Vergara.
- CASARES MOURIÑO, Carlos (1991): *Ramón Piñeiro, unha vida por Galicia*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- CASTELAO, Alfonso R.
 (2000a): *Obras Completas III: Escritos políticos. Varia*. Vigo: Galaxia.
 (2000b): *Obras Completas VI: Epistolario*. Vigo: Galaxia, Vigo.
- CASTRO, Javier (ed.), 2000, *Castelao e os galeguistas do interior. Cartas de documentos 1943-1954*. Vigo: Galaxia.
- CUPEIRO VÁZQUEZ, Bieito, 1989, *A Galicia de alén mar*. Sada: Edicións do Castro.
- DOBARRO PÁZ, Xosé María, 2002, "Curros Enríquez escolmado por Cabanillas: tres epístolas inéditas a César Alvajar", *Anuario Brigantino* 2001, 24: 455-466.
- DREYFUS-ARMAND, Geneviève (2000): *El exilio de los republicanos españoles en Francia. De la guerra civil a la muerte de Franco*. Barcelona: Crítica.
- ESTÉVEZ, Arantxa, 1999, *María Casares*. Vigo: A Nosa Terra.
- ETCHEVERRÍA, Salvador, 1989, *Eclipse en España. Apuntes del diario íntimo de un diplomático de la República Española, 1936-19..?*. Sada: Edicións do Castro.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco, 1990, *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro.
- FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos.
 (1985): *Franquismo y transición política en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
 (1994): *Salvador de Madariaga. Un coruñés universal*. A Coruña: Vía Láctea Editorial-Concello da Coruña.
 (2000): *Casares Quiroga. Una pasión republicana*. Sada: Edicións do Castro.
- FERRER BENIMELI, José A., 1987, *Masonería española contemporánea. Vol. 2: Desde 1868 hasta nuestros días*. Madrid: Siglo XXI.
- Galicia Emigrante*, 13 (agosto-setembro de 1955).
- GIADÁS ÁLVAREZ, Luis, 2001, "Del Casino a las definitivas elecciones de 1931". AAVV, 2001, *El Republicanismo coruñés en la historia*. A Coruña: Concello da Coruña, 81-128.
- GÓMEZ RIVAS, Isabel, 1996, "Os apuntes inéditos redactados por Salvador Etcheverría Brañas para a continuación das súas memorias políticas", *Anuario Brigantino* 1995, 18: 175-192.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio, 1990, *Memorias de un diputado republicano en la guerra civil española (1936-1939)*. Sada: Edicións do Castro.
- Gran Enciclopedia Gallega*, 1974, varios vols. Vitoria.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio, 2001, "O republicanismo coruñés na Segunda República, poder local e urnas". AAVV, *El Republicanismo coruñés en la historia*. A Coruña: Concello da Coruña.
- GRILLO, Rosa María, 1998, "María Casares, residente privilegiada en París". Alicia Alted Vigil e Manuel Aznar Soler (eds.), *Literatura y cultura del exilio español en Francia*. Madrid: FEXEL-AEMIC, 119-127.
- LAMELA GARCÍA, Luis.
 (1991): *Pepe Miñones. Un crimen en la leyenda (1900-1936)*. Sada: Edicións do Castro.
 (1998): *Estampas de injusticia. La Guerra Civil del 36 en A Coruña y los documentos originados en la represión*. Sada: Edicións do Castro.
- LEIVA, José, 1978, "Informe general de actividad que presenta José E. Leiva desde su llegada a Francia hasta la fecha que se consigna al final de ese documento. Está dirigido a los Comités Nacionales de la C.N.T. y de la F.I.J.L. de España y abarca el aspecto orgánico político y gubernamental" (París, 6-2-

- 1946). AAVV, *Elementos para la comprensión correcta de 40 años de exilio confederal y libertario*. París, 45-57.
- Liga Española de los Derechos del Hombre (exilio), 1952, *30 aniversario de la fundación 1922-1952*. París.
- LIÑARES GIRAUT, X. Amancio, 1991, *Conversas con Avelino Pousa Antelo. Memorias dun galego inconformista*. Sada: Edicións do Castro.
- LÓPEZ PRADO, Antonio, 1993, *Síntesis biográfica de Don Salvador de Madariaga*. A Coruña: Instituto Cornide de Estudios Coruñeses.
- MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo, 1988, *Galicia na Segunda República e baixo o franquismo*. Vigo: Edicións Xerais.
- MOLINA, César Antonio (dir.), 1987, *Salvador de Madariaga, 1886-1986*. A Coruña: Concello da Coruña.
- MORAL LÓPEZ, Pedro, 1998, "Los estudiantes españoles en Francia al terminar la Segunda Guerra Mundial". Alicia Alted Vigil e Manuel Aznar Soler (eds.), *Literatura y cultura del exilio español en Francia*. Madrid: FEXEL-AEMIC, 297-305.
- O exilio galego. Repertorio biobibliográfico. Unha primeira achega*, 2001. Santiago: Arquivo Galego da Emigración e Consello da Cultura Galega, edición en CDRom.
- PARRILLA, José Antonio
 (1991): *Madariaga. Padre de Europa*. A Coruña: Concello da Coruña.
 (1995): *Casares Quiroga y La Coruña de su época (1900-1936)*. A Coruña: Concello da Coruña.
- PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos
 (1998): "A oposición ao Estatuto de Autonomía de Galicia na Coruña da II da República: a Agrupación "A la Tercera República"", *Anuario Brigantino 1997*, 20.
 (1999): "Mulleres e República. O asociacionismo progresista feminino na Coruña da Segunda República", *Anuario Brigantino 1998*, 21.
 (2001a): "Castelao, Ministro do Goberno Republicano no exilio: unha fotografía descoñecida", pp: 375-376, *Anuario Brigantino 2000*, 23.
 (2001b): *Miradoiro da Ría. Artigos en "El Metropolitano" e "El Entorno Metropolitano"*. A Coruña: ed. autor.
 (2002): "César Alvarjar e o proxecto de publicación dunha antoloxía da poesía cívica galega en París", *Casa da Gramática*, 15.
- PÉREZ ALVAJAR, José Antonio (ed.), 1995, *Antología de artículos periodísticos de César Alvarjar*. Sada: Edicións do Castro.
- PÉREZ LEIRA, Lois (2001): *Xesús Canabal Fuentes: Ministro do goberno republicán no exilio*, en Enciclopedia da Emigración (cig.migración@galizacig.com)
- PORTELA VALLADARES, Manuel
 (1988a): *Memorias*. Madrid: Alianza Editorial.
 (1988b): *Dietario de dos guerras (1936-1950). Notas, polémicas y correspondencia de un centrista español*. Edición de José Antonio Durán. Sada: Edicións do Castro.
- RODRÍGUEZ, Elixio, 1998, *Matádeo mañá*. Vigo: Edicións Xerais.
- SAMUELLE LAMELA, Cristina, 1993, *Conversas con Manuel Meilán*. Salamanca: Edicións Xerais.
- SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor Manuel, 2002, *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*. Sada: Edicións do Castro.
- SEOANE, Luís, 1985, *Compromiso e paixón criadora*. Vigo: A Nosa Terra.
- SIXIREI PAREDES, Carlos, 1987, *Alfredo Somoza. Encadramento histórico dunha figura esquecida do galeguismo*. Sada: Edicións do Castro.
- TOBÍO, Lois, 1994, *As décadas de T.L.*. Sada: Edicións do Castro.
- Universidad Popular Coruñesa, 1908, *Memoria del curso de 1907-1908*. A Coruña: Taller Tipográfico de Tomás Rodríguez y Hermanos.
- VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto, 1984, *La masonería y La Coruña. Introducción a la historia de la masonería gallega*. Vigo: Edicións Xerais.
- VARGAS, Bruno, 1999, *Rodolfo Llopiés (1895-1983) Una biografía política*. Barcelona: Planeta.
- VÁZQUEZ ARCE, Carmen, 1999, "La herida abierta. Los dibujos de guerra de Compostela". Xosé Luís Axeitos e Charo Portela (eds.), *Sesenta anos despois. Os escritores do exilio republicano*. Sada: Edicións do Castro-GEXEL, 553-570.
- VELO PENSADO, Ismael, 1987, "Conocer a Salvador de Madariaga: 1886-1986". César Antonio Molina (dir), *Salvador de Madariaga, 1886-1986*. A Coruña: Concello da Coruña, 531-543.